



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 90
24 de setembro de 2024

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais que utilizan os recursos naturais de Galicia o día 19 de setembro de 2024 [38728](#)

■ Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 11557). [38790](#)

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 11555). [38791](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

■ 10642 (12/PRE-002474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre a situación dos produtores de leite galegos respecto da industria transformadora no actual contexto de crise de prezos e as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego co fin de que a industria transformadora xere maior valor engadido en Galicia [38792](#)

■ 10657 (12/PRE-002475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 3 máis

Sobre os axustes que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia nas ensinanzas de formación profesional (FP) para implantar as principais reformas incluídas na nova normativa estatal [38801](#)

■ 10664 (12/PRE-002476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a proposta europea de despezamento de barcos pesqueiros, as políticas que vai defender no ámbito da pesca e as actuacións que prevé poñer en marcha para concretalas [38808](#)



I 10690 (12/PRE-002477)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre a situación das frota do cerco e de artes menores en Galicia, as medidas da Xunta de Galicia para evitar o seu amarre e a valoración que fai no referido ao sistema de repartición das cotas de pesca da sardiña

[38814](#)**I 10703 (12/PRE-002478)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre o impacto que podería ter a implantación dun vertedoiro no espazo da antiga canteira Pedra Facha, en Val do Dubra, as medidas previstas para evitar a contaminación e a eventual desautorización do proxecto por parte da Xunta de Galicia

[38819](#)**I 10732 (12/PRE-002479)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre o estado do paseo inclusivo promovido pola Xunta de Galicia en Río Caldo, Lobios, para persoas con problemas de mobilidade, o seu deseño final e os prazos para o remate da obra

[38823](#)**I 10739 (12/PRE-002480)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a asunción por parte do Goberno galego en 2024 das recomendacións do Consello de Contas relativas á asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

[38826](#)**I 10745 (12/PRE-002481)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o eventual cumprimento en 2024 por parte do Goberno galego das recomendacións do último informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas realizado polo Consello de Contas, así como os compromisos que pensa adquirir para a mellora da transparencia deste servizo e das súas entidades dependentes

[38829](#)**I 10751 (12/PRE-002482)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne ao incremento do financiamento das universidades públicas galegas e a valoración das opinións expresadas polos reitores respecto desta materia

[38832](#)**I 10771 (12/PRE-002483)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre as dificultades na constitución de brigadas municipais de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, o seu período anual de actividade e as medidas que prevé destinar o Goberno galego a facilitar a súa formación [38835](#)

I 10782 (12/PRE-002484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre a suficiencia das actuais medidas e recursos fronte á gripe aviar, a existencia de estudos relativos ao alcance económico dun eventual pechamento de fronteiras e o sistema de indemnizacións aplicado nos casos detectados [38839](#)

I 10790 (12/PRE-002485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre a transparencia referida ao prego de condicións do contrato de concesión do servizo de ITV, o nivel das tarifas aboadas na inspección e a eventual mediación da Xunta de Galicia no conflito laboral xurdido na empresa concesionaria [38844](#)

I 10822 (12/PRE-002486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego logo da anulación da autorización da actividade na mina de Penouta, en Viana do Bolo, a procura de alternativas industriais na zona e a aprobación dun plan mineiro de Galicia con criterios de sensibilidade ambiental [38848](#)

I 10830 (12/PRE-002487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre o problema da dispersión da poboación en Galicia no deseño da prestación dalgúns servizos sanitarios, a eventual creación dun centro público de diálise na Estrada e as medidas para a mellora do transporte destes pacientes [38851](#)

I 10844 (12/PRE-002488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as medidas que desenvolve o Goberno galego para garantir a carga de traballo na industria auxiliar da automoción, as ferramentas contra a deslocalización neste sector e o seguimento da eficacia das axudas públicas para estes obxectivos [38856](#)

I 10849 (12/PRE-002489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a actitude do Goberno galego ante o informe elaborado polo Consello da Cultura Galega en relación co proxecto de Altri en Palas de Rei e respecto das propias funcións de asesoramento en materia cultural que desenvolve este órgano [38859](#)



I 10857 (12/PRE-002490)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a idoneidade do nivel de participación da Xunta de Galicia na sociedade Recursos de Galicia, a participación do resto de socios privados, o control da sociedade por parte do Consello de Contas e a vía de participación nela de concellos e deputacións

[38863](#)**I 10863 (12/PRE-002491)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a necesidade de liberar os stocks das adegas da Ribeira Sacra e garantir a vendima, a planificación do sector cara ao futuro e as accións de promoción e apertura de novos mercados

[38866](#)**I 10868 (12/PRE-002492)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da publicación na páxina web do Igape do proxecto subvencionado ao Real Club Celta de Vigo en 2023 e os criterios exixidos para a súa concesión, así como a relación dos integrantes do órgano avaliador e o sistema de avaliación

[38869](#)**I 10870 (12/PRE-002493)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 4 máis**

Sobre os criterios informativos adoptados pola CRTVG en relación co informe do Consello da Cultura Galega relativo á implantación do complexo de Altri en Palas de Rei

[38874](#)**I 10878 (12/PRE-002494)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido á mellora económica, dotación profesional, financiamento e colaboración coas entidades locais para consolidar a Rede galega de centros de información á muller (CIM)

[38878](#)**I 10910 (12/PRE-002495)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para elaborar un censo mineiro, así como para planificar e actualizar todos os dereitos mineiros en Galicia susceptibles de investigación ou explotación

[38882](#)**I 10916 (12/PRE-002496)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre a ordenación territorial das zonas susceptibles de explotación mineira, e especialmente as protexidas pola Rede Natura, coa finalidade de avaliar, con carácter previo ao outorgamento de permisos, os efectos medioambientais adversos

[38885](#)

I 10925 (12/PRE-002497)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre as razóns que fundamentan o convenio coa Fundación San Rosendo, anunciado o 9 de setembro, destinado a un determinado programa de turismo termal, os procedementos seguidos, o papel da área termal e sanitaria e os mecanismos de avaliación

[38887](#)**I 10934 (12/PRE-002498)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as políticas que leva a cabo o Goberno galego contra pobreza, a eventual recuperación da Tarxeta Básica, a previsión de novas medidas e a incidencia en Galicia do ingreso mínimo vital

[38891](#)**I 10944 (12/PRE-002499)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**

Sobre o grao de cumprimento do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o nivel de execución da reprogramación e a decisión de construír un novo edificio para acoller o Hospital Materno-Infantil

[38895](#)**I 10955 (12/PRE-002500)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre o tempo que teñen os informes que aconsellan á Xunta de Galicia a demolición do actual edificio do Hospital Materno-Infantil de Ourense, as medidas que vai impulsar nas novas instalacións e o orzamento previsto

[38900](#)**I 10964 (12/PRE-002501)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a eventualidade de recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico e de igualar en 2025 a achega do Goberno central ao bono social eléctrico

[38904](#)**I 10968 (12/PRE-002502)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego ante a posibilidade de negociar bilateralmente co Goberno central unha redución da débeda, o seu criterio respecto da estratexia do presidente do Partido Popular e as fórmulas para abordar o descenso de recursos extraordinarios para 2025

[38908](#)**I 10974 (12/PRE-002503)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a xestión e os custos do tratamento seguido cos residuos plásticos procedentes do cargueiro *Toconao* e recollidos na costa galega en decembro de 2023

[38913](#)

I 10980 (12/PRE-002504)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre o número de incendios forestais producidos nos últimos tempos no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, as medidas de colaboración co Goberno portugués para combatelos e as dirixidas a converter o parque nun motor económico da comarca

[38915](#)**I 10984 (12/PRE-002505)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis**

Sobre a eficiencia da Oficina Económica de Galicia dada a súa actividade e a evolución do tecido empresarial galego, a posible redundancia de funcións coa Oficina de Coordinación Económica e as demais medidas do Goberno galego para reverter a evolución do índice de produción industrial

[38918](#)**I 10992 (12/PRE-002506)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a celeridade da Consellería de Sanidade na tramitación das solicitudes de eutanasia

[38923](#)**I 10994 (12/PRE-002507)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Vidal Lamas, Sonia e 4 máis**

Sobre o seguimento por parte da Xunta de Galicia da praga da avespa velutina, o seu comportamento en 2024, os fondos que dedicou a investigación nesta materia nos últimos anos e as técnicas postas en práctica para controlar a súa expansión

[38926](#)**I 11000 (12/PRE-002508)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 4 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da falta de estudos epidemiolóxicos respecto do impacto da produción de celulosa na saúde humana, as razóns de non impulsar aínda investigacións neste sentido considerando as plantas existentes en Galicia e as previsións de control da contaminación no caso de materializarse o proxecto de Altri en Palas de Rei

[38929](#)**I 11011 (12/PRE-002509)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a transparencia na información relativa ás listaxes de espera no Sergas, os datos referidos aos programas da Xunta de Galicia para reducilas, os seus resultados e as derivacións de cirurxías e probas diagnósticas a centros privados

[38933](#)**I 11014 (12/PRE-002510)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a autorización á exdirectora da Axencia Galega de Innovación para prestar servizos nunha empresa privada relacionada con expedientes vinculados ao exercicio do seu cargo na devandita axencia [38936](#)

I 11018 (12/PRE-002511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o número de vivendas de promoción pública que foron entregadas e as que foron licitadas, nas súas distintas fases, no marco do programa Rexurbe nos anos 2022 e 2023 [38940](#)

I 11020 (12/PRE-002512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o orzamento executado en 2023 nas distintas liñas que constituían a Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida, así como a valoración que fai o Goberno galego respecto das necesidades de investimento nesta materia [38943](#)

I 11023 (12/PRE-002513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o número de vivendas de promoción pública impulsadas polo IGVS entregadas en 2022 e 2023 e cales foron, así como as anualidades de licitación dos contratos para a redacción dos seus proxectos [38946](#)

I 11025 (12/PRE-002514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as vivendas de promoción pública que foron licitadas para a redacción de proxecto e dirección de obras en 2022 e 2023, as que xa foron adxudicadas e entregadas desde 2022 e as licitadas para obras de construción en 2022 e 2023 [38949](#)

I 11061 (12/PRE-002515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a eventual asignación por parte da Xunta de Galicia dun novo docente especialista en Audición e Linguaxe e doutro coidador no CPI Cernadas de Castro, de Lousame [38952](#)

I 11067 (12/PRE-002516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Insua Lema, Óscar

Sobre as razóns da ausencia de mulleres nas xornadas anunciadas para o 19 de setembro e organizadas co obxectivo de presentar os estudos promovidos polo Goberno galego relativos á planta local galega [38954](#)

I 11075 (12/PRE-002517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o cumprimento das condicións laborais dos traballadores das empresas e UTE concesionarias das liñas de transporte que son competencia da Xunta de Galicia, así como respecto do seu seguimento e das consecuencias que derivan dos posibles incumprimentos [38957](#)

I 11080 (12/PRE-002518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a eventual asignación dun docente especialista en Pedagogía Terapéutica ao IES A Cachada, pertencente ao concello de Boiro [38960](#)

I 11091 (12/PRE-002519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación no CEIP de San Clodio, pertencente ao concello de Ribas de Sil, respecto da cobertura docente, os acordos que a Xunta de Galicia tiña cos mestres para este curso académico e as súas previsións de mellora [38962](#)

I 11103 (12/PRE-002520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia ante a chegada de biosoportos e outros residuos plásticos ás costas do sur da ría de Arousa [38965](#)

I 11107 (12/PRE-002521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia e as medidas concretas que ten previsto adoptar en diante verbo da atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres [38968](#)

I 11115 (12/PRE-002522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a repercusión do incremento do canon de Sogama, as políticas previstas polo Goberno galego en materia de residuos urbanos e o impulso da redución e reciclaxe [38973](#)

I 11122 (12/PRE-002523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento no IES Agra de Leborís, da Larcha, das ratios acordadas cos sindicatos canto á distribución do alumnado por aula [38976](#)

I 11127 (12/PRE-002524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento no CEIP Plurilingüe Vila de Cee das ratios acordadas cos sindicatos canto ao número de alumnado por aula [38978](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais que utilizan os recursos naturais de Galicia o día 19 de setembro de 2024

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 19 de setembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 4254 (12/PL-000001)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

BOPG nº 27, do 21.05.2024

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na sesión do día 19 de setembro de 2024, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais que utilizan os recursos naturais de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

D I T A M E

Texto articulado

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Pacto verde europeo marcou o obxectivo de acelerar a transición ecolóxica da Unión Europea cara a unha economía neutra en emisións de CO₂ para 2050. Nos últimos dous anos a necesidade de acelerar a transición ecolóxica intensificouse co *Fit for 55*, conxunto de medidas que pretenden acadar o obxectivo de que como mínimo o 42,5 % do consumo final bruto da enerxía da Unión Europea se produza a partir de fontes renovables de enerxía, ou co Plan RePowerEU, que pretendía dar resposta á escalada de prezos e á carestía enerxética, aumentando a resiliencia do sistema enerxético a través de piares como o aumento da presenza do biometano e do hidróxeno.

A crise de subministracións, provocada primeiro pola covid-19 e pouco despois pola invasión de Ucraína, puxo de manifesto a necesidade de reforzar a capacidade de produción propia nas tecnoloxías críticas relacionadas coa transición enerxética. En resposta, a Unión Europea estableceu



o Plan industrial do Pacto verde europeo (COM (2023) 62 final, do 1.2.2023), que promove o desenvolvemento da capacidade de produción propia das materias primas e tecnoloxías requiridas para a transición verde, incluíndo o aproveitamento dos recursos naturais de Europa.

A propia Administración autonómica galega ten avanzado nestes ámbitos. Así, a Xunta de Galicia aprobou no ano 2022 a Axenda enerxética de Galicia 2030, que constitúe a folla de ruta para a consecución dos obxectivos intermedios en 2030 que permitan acadar a neutralidade climática a máis tardar en 2050, de acordo coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e coa futura Lei do clima de Galicia, con novas oportunidades, non soamente para o sector enerxético galego, senón para o resto de sectores estratéxicos de Galicia. Igualmente, tamén no ano 2022 a Xunta aprobou a Axenda de impulso da minaría sustentable de Galicia 2030, que constitúe a estratexia, a folla de ruta, que se adapta aos novos tempos e obxectivos do sector. Así, céntrase en impulsar a modernización e o crecemento sustentable da minaría que vai actuar como provedor de minerais estratéxicos para a dixitalización, pero tamén na innovación tecnolóxica e o talento, así como en fomentar a integración ambiental da minaría, a economía circular e a posta en valor do patrimonio mineiro.

Dentro deste novo escenario, os recursos naturais pasan a ser un factor clave para o crecemento sustentable e inclusivo do territorio e patrimonio de toda a cidadanía. Non obstante, a cantidade de recursos naturais de Galicia que se poden empregar de forma sustentable é limitada, polo que, cando a sociedade asigna unha parte deles a un determinado proxecto, está facendo un investimento polo cal debe obter un retorno social axeitado. Este retorno social ten que ser compatible coa obtención dunha rendibilidade económica suficiente para as persoas que invisten achegando capital e asumindo os riscos.

A posta en marcha de determinados proxectos no territorio, en especial aqueles que aproveitan recursos naturais mediante unha tecnoloxía avanzada, non só debe respectar estritamente as cautelas ambientais, senón que debe ir acompañada da adecuada valoración do seu impacto social e económico na medida en que pode representar unha grande oportunidade para acadar un desenvolvemento sustentable.

A identificación por parte dos promotores dos efectos positivos de carácter social e económico que derivan directamente da execución dun proxecto e a asunción de compromisos adicionais para potenciar eses efectos resultan esenciais para valorar os impactos que van derivar para as comunidades en que se van desenvolver.

II

En todo caso, e cando se trata de valorar o impacto dun determinado proxecto no territorio, debe considerarse necesariamente a súa posible repercusión nos beneficios que proporciona o medio natural en que se vai localizar e que son os que fan posible a vida humana, isto é, os denominados servizos dos ecosistemas ou servizos ecosistémicos.

A natureza permite obter alimentos, auga, madeira, recursos minerais e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais e estéticas; afecta o benestar humano; e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna.



Para tales efectos, a Organización das Nacións Unidas estableceu un sistema de clasificación internacional de servizos ecosistémicos, CICES (Clasificación internacional común de servizos dos ecosistemas), adoptado pola Axencia Europea de Medio Ambiente (EEA) para poder establecer métodos de contabilidade de ecosistemas e poder realizar comparacións.

Os servizos ecosistémicos engloban aspectos directos e indirectos que inflúen positivamente no benestar da sociedade, como os bens e servizos derivados do capital natural. O concepto de capital natural baséase en dotar dun valor económico o medio rural, incluíndo a súa biodiversidade e espazos naturais, desde a perspectiva da súa protección, conservación e mellora polos bens e servizos que proporciona, como aire de calidade, mantemento da biodiversidade, produción de alimentos, auga, madeira, recursos minerais e fibra, captura de CO₂, patrimonio cultural, actividades lúdicas, culturais e turísticas e, en definitiva, saúde para o conxunto da sociedade humana.

A necesidade de despregar novas tecnoloxías, entre elas as de aproveitamento de recursos minerais e as de produción de enerxía renovable, que contribúan tamén a un crecemento sustentable da sociedade humana, debe facerse tendo en conta ese valor económico dos servizos ecosistémicos. Ter en conta estes servizos, promovéndoo e compensándoo á hora da planificación de proxectos empresariais que contribúen ao interese común, é un xeito de reducir as inercias sociais e de favorecer a inevitable coexistencia, xa que estes recursos se atopan maioritariamente no medio rural.

O establecemento dun esquema de valoración e compensación por servizos ecosistémicos non é unha simple transacción económica, senón que ten un obxectivo moito máis amplo, como o de combater o despoboamento e a degradación dos espazos naturais e o mantemento do potencial de loita contra os efectos do cambio climático que ten o medio rural, non só polo capital natural de que dispón, senón porque é o escenario imprescindible para un desenvolvemento socioeconómico sustentable e con futuro. A localización de proxectos empresariais de interese común que teñan en conta isto vai contribuír a aumentar a resiliencia do propio medio rural, pero tamén a da sociedade no seu conxunto, xa que serán elementos de dinamización social, non só polo emprego directo, senón polas compensacións que se establezan dos traballos que se teñen que facer na súa protección, mantemento e mellora.

III

Esta lei nace coa finalidade de asegurar a xestión responsable dos recursos naturais de Galicia, de maneira que se protexa o ambiente, se cree riqueza e a riqueza creada impacte no territorio.

Para tales efectos, a lei recolle un conxunto de medidas de distinta índole relacionadas entre si polo seu compromiso co desenvolvemento sustentable do territorio.

A lei consta dun título preliminar, sete títulos e tres disposicións adicionais, unha derogatoria e seis derradeiras.

O título preliminar recolle as disposicións xerais sobre o obxecto da lei, onde se enumeran as actuacións e os instrumentos que a lei comprende e mais as súas finalidades, e desenvolve a conceptualización dos beneficios sociais e económicos dos proxectos para os efectos da lei.



En particular, enténdense como beneficios sociais e económicos, entre outros, a promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e o fomento da súa cohesión local e territorial; o compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da área; a conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos, e as boas prácticas ambientais e sociais; a promoción de novos investimentos e, en particular, de mecanismos de reinvestimento dos beneficios; o fomento da creación e o mantemento de emprego directo e indirecto, tendo en conta especialmente a creación de emprego cualificado na área de implantación; o desenvolvemento de negocios locais, especialmente dos relacionados directa ou indirectamente co sector das enerxías renovables; o impacto local da estratexia de compras e contratación do titular do proxecto; a participación nos proxectos, en termos de investimento, de investidores locais e de empresas e administracións da zona en que se situará a instalación; a redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industrias das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da comunidade autónoma; e o impacto sobre a cadea de valor, existente ou que se xere, industrial local e autonómica, así como a consulta e a participación significativa das administracións e das persoas interesadas locais no proxecto, a consideración dos seus intereses no desenvolvemento do proxecto e o seu apoio.

A lei prevé o desenvolvemento de indicadores cuantitativos, conforme as metodoloxías internacionalmente aceptadas, que poidan permitir a valoración do impacto social e económico dos proxectos.

IV

O título primeiro identifica os proxectos comprendidos nel, como os proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, os proxectos que requiren da concesión de augas para os usos que a lei determina e os dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros. Estamos, en definitiva, ante proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e nos cales a lei pretende que se avalíe o seu impacto social e económico.

A lei prevé, no caso dos proxectos cuxa autorización corresponda á Administración autonómica, a integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental. En particular, a lei pretende que se valoren os servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos, considerando como tales os beneficios económicos, sociais e ambientais, directos e indirectos, que as persoas obteñen do bo funcionamento dos ecosistemas, e que melloran a saúde, a economía e a calidade de vida, tales como o mantemento da biodiversidade, o secuestro de carbono, a beleza paisaxística, o acervo cultural, tanto patrimonial como inmaterial, a formación de solos, a regulación hídrica nas bacías e a provisión de recursos cinéticos.

Neses casos, o estudo de impacto ambiental incluírá e desenvolverá os aspectos sociais e económicos do proxecto, os seus beneficios e a súa valoración.

A lei regula, así mesmo, as formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable, entre as cales se encontran o financiamento de accións específicas, o financiamento de accións de desenvolvemento produtivo e infraestrutura básica sustentables en beneficio directo



da poboación involucrada ou outras modalidades acordadas libremente entre as partes, sempre que cumpran cos obxectivos legais de prevención, corrección e, se é o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

Deste modo, a declaración de impacto ambiental que formule o órgano ambiental integrará, en particular, no seu contido, de conformidade co principio de desenvolvemento social e económico das zonas e das súas poboacións, tanto a análise dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto e os compromisos adicionais dos promotores dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio como, se procede, as condicións en que pode desenvolverse o proxecto, establecendo as medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os seus efectos sobre o ambiente, tendo en conta especialmente as formas de prevención, corrección e, se é o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos.

A lei tamén se ocupa da valoración do impacto social e económico nos proxectos non sometidos a avaliación de impacto ambiental, que se efectuará a través da exigencia ao promotor da presentación dun estudo de impacto social e económico do proxecto e a súa avaliación no procedemento de autorización do proxecto.

Así mesmo, respecto da valoración do impacto social e económico dos proxectos en que a competencia para a súa autorización non sexa da Comunidade Autónoma, a lei indica que no trámite de consulta que lle efectúe a Administración do Estado, de acordo coa lexislación aplicable, a Administración autonómica emitirá informe sobre os efectos sociais e económicos dos proxectos e, en particular, sobre a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

A lei contén determinacións específicas para os distintos proxectos comprendidos neste título.

Así, respecto dos proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, a lei regula a súa declaración de especial interese público, social e económico, atendendo a valoración dos beneficios que comporten, cando cumpran os requisitos que se establecen, e os efectos desta declaración, entre os cales destaca, no caso de proxectos de produción de enerxía eólica, a posible implantación do parque eólico fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, sempre que se considere ambientalmente viable e se cumpran adicionalmente os requisitos que se establecen.

Polo que se refire aos proxectos que requiren da concesión de augas, valoraranse para o outorgamento das concesións de augas de competencia autonómica o interese público e a maior utilidade pública e xeral que presentan os proxectos que inclúan beneficios sociais e económicos, especialmente nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto, na forma indicada na lei.

Respecto dos dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros, a lei prevé tamén a valoración dos beneficios sociais e económicos deses proxectos. No outorgamento dos dereitos mineiros e/ou na aprobación do proxecto de explotación teranse en conta a avaliación efectuada e, en particular, a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable. Cando un dereito



mineiro afecte un dereito mineiro preexistente ou outros usos de interese público, para os efectos de decidir sobre a súa prevalencia teranse en conta, entre os criterios aplicables, os seus respectivos beneficios sociais e económicos, de acordo co establecido na lei.

V

O título segundo regula a posibilidade de que a Administración autonómica participe en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei, así como os posibles instrumentos de financiamento para os proxectos.

Os proxectos que empregan recursos naturais de forma sustentable requiren frecuentemente elevados investimentos para deseñar, tramitar e instalar as infraestruturas necesarias con todas as garantías, así como longos períodos de tempo para recuperar o capital. Por outra banda, os promotores destes proxectos asumen unha serie de riscos e compromisos a longo prazo que poden resultar inasumibles, en particular para as pemes e os pequenos investidores que compoñen a maior parte do tecido social das comunidades onde están localizados os recursos. Como consecuencia disto, o desenvolvemento de proxectos sustentables pode resultar insuficiente e con limitada presenza de participantes locais en favor de grandes empresas que teñen acceso aos recursos financeiros precisos. Isto supón unha estrutura do mercado que dificulta a participación dos axentes locais, reduce a competitividade das pemes e diminúe tanto os investimentos coma o apoio social a estes.

Para abordar esta situación, a lei prevé instrumentos de apoio ao desenvolvemento dos proxectos e a participación neles das pemes, dos axentes locais e da economía social. Este apoio poderá ser directo, mediante a promoción de certos proxectos particularmente relevantes polo seu impacto socioeconómico por parte de sociedades público-privadas, e tamén indirecto, mediante o uso de instrumentos financeiros que melloren a viabilidade económica dos proxectos.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais, cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de patrimonio autonómico, poderán participar en sociedades mercantís entre cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren as de procurar o beneficio social e económico dos proxectos e cooperar no impulso da cadea de valor, no marco das súas operacións industriais, mercantís ou de investimento, de acordo coas normas previstas nesta lei.

Estas finalidades incorporaranse á actuación das sociedades mediante pacto de socios e/ou calquera outro instrumento que se considere oportuno, e sen prexuízo da súa operación como un axente máis de acordo coas regras normais do mercado.

As sociedades participadas poderán, pola súa vez, participar nas sociedades vehiculares que se establezan, se é o caso, para executar os proxectos de investimento.

En todo caso, para que a Administración participe nas sociedades, entre as súas finalidades e responsabilidade corporativa encontraranse o obxectivo de valorizar os recursos estratéxicos galegos e canalizar este valor cara a todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma, en particular cara ás comunidades locais, que soportan a maior parte dos custos ambientais da súa explotación.



Estas sociedades actuarán como referencia para o resto de participantes; integrarán os axentes locais no desenvolvemento dos proxectos, facilitándolles o apoio social; facilitarán o acceso a solucións competitivas de autoconsumo e eficiencia enerxética ao sector produtivo de Galicia; crearán e diseminarán estándares e boas prácticas; e facilitaranlles o acceso ao financiamento ás pemes locais.

Ao mesmo tempo, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do seu sector público, por si ou a través das sociedades en que participen, promoverán o desenvolvemento de instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei. Estes instrumentos de financiamento serán compatibles con outros instrumentos ou medidas de apoio de tipo público ou privado. Os instrumentos financeiros incluídos na norma están concibidos para maximizar a súa capacidade de mobilizar investimentos públicos e privados nos proxectos co menor custo para a Administración e minimizando as distorsións de mercado.

A promoción do beneficio social e económico dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia precisa que as pemes e os pequenos investidores locais teñan acceso aos recursos financeiros necesarios en condicións equiparables ás dos grandes promotores, así como para que os participantes poidan avaliar e xestionar os riscos asociados. Para iso, a lei dispón dunha serie de instrumentos financeiros deseñados para as diferentes necesidades de cada etapa dos proxectos e para seren empregados por pemes e pequenos investidores locais.

Os instrumentos financeiros estarán orientados a mellorar a rendibilidade dos proxectos, a reducir e distribuír os riscos a aqueles participantes con maior capacidade para xestionalos, a incrementar a liquidez e o valor dos activos resultantes e a reducir os custos e as necesidades de capital dos promotores. En particular, os instrumentos financeiros incluídos na norma están deseñados para que as pemes locais poidan acceder aos recursos financeiros necesarios para promover os proxectos en condicións equiparables ás das grandes empresas.

Entre outros instrumentos financeiros poderanse dispoñer achegas directas ou indirectas da Administración autonómica no capital dos proxectos, incentivos fiscais ao investimento dos axentes locais nos proxectos, creación de liñas de préstamo bonificadas e refinanciamento dos activos dos proxectos logo de que sexan suficientemente maduros con apoio da Administración autonómica.

VI

O título terceiro refírese á eólica mariña. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, no marco das súas relacións institucionais coa Administración xeral do Estado, desenvolverá a súa actuación para promover que esta teña en conta, nos instrumentos e actuacións de competencia estatal relativos á enerxía eólica mariña, o compromiso coa cohesión social e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os beneficios sociais e económicos dos proxectos previstos nesta lei.

Co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente, e especialmente velar pola xestión racional e sustentable do litoral, tendo en conta os seus extraordinarios valores ambientais, con carácter de ingreso compensatorio e como prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal



e real, créase o canon ás infraestruturas de evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial, das cales serán principais beneficiarios os concellos polo soterramento das liñas de evacuación e o sector pesqueiro pola implantación dos parques eólicos cuxa enerxía se evacúa.

En sintonía co ditaminado polo Consello Económico e Social de Galicia, considérase que a eólica mariña representa unha oportunidade industrial que permite aplicar unha experiencia na que Galicia é referente internacional e europeo. Non obstante, nesta e en calquera regulación futura imponse garantir o mantemento doutras actividades empresariais, nomeadamente do sector pesqueiro, pola súa relevancia na economía da Comunidade Autónoma e en liña coa proposición non de lei aprobada polo Parlamento galego o 25 de maio de 2022.

VII

O título cuarto regula as actuacións para recuperar o territorio afectado polos incendios forestais e crea o Fondo de Recuperación de Incendios Forestais de Incidencia Singular.

Este título recolle os principios que deberán dirixir as actividades das administracións públicas, pero tamén do sector privado, encamiñadas á recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais no menor tempo posible. As ditas actuacións deben permitir recuperar os valores do territorio, mediante unha planificación que permita, ademais, previr futuros incendios e, polo tanto, reducir o risco de que se volva producir unha catástrofe dese tipo.

Co fin de acadar os obxectivos indicados, cobra unha especial importancia que as administracións públicas busquen vías de colaboración entre e o sector público e o privado, mediante o establecemento de planificación e actuacións de mellora que permitan a participación de toda a sociedade. Desta forma, acadarase unha maior adecuación na recuperación do territorio ás necesidades da sociedade e garantírase o compromiso de todos os axentes na execución das medidas executadas, contribuíndo a manter unha adecuada xestión do territorio, mantendo a actividade económica asociada a el, así como fomentando a recuperación dos seus valores ambientais no menor prazo de tempo posible.

Créase o fondo de recuperación do territorio afectado polos ditos incendios, destinado a financiar as actuacións de recuperación das zonas do territorio afectadas por eles.

Co obxecto de acadar a maior eficacia na xestión deste fondo, a lei regula cuestións tales como a forma de determinar a singularidade dos incendios, as características do fondo e das posibles achegas do sector privado a este, as actuacións financiáveis e os órganos colexiados encargados de facer un seguimento do citado fondo, co fin de conseguir unha xestión e un control axeitados deste.

VIII

O título quinto aborda os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia para facilitar o seu desenvolvemento.



As normas contidas neste título teñen como obxectivo fomentar a implantación de instalacións ou infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas instaladas en parques empresariais da comunidade autónoma, favorecendo o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministración de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.

Para acadar o obxectivo antes citado, estas normas tratan de eliminar ou reducir, na medida do posible, as limitacións ou restricións de carácter urbanístico que poidan dificultar a implantación destas infraestruturas nas áreas empresariais, sen vulnerar as competencias municipais na materia de licenzas, pero creando un marco normativo que estableza os criterios básicos para favorecer a implantación daquelas. Polo tanto, non se trataría dunha norma que, con carácter xeral, impoña obrigas, limitacións ou prohibicións ás empresas, senón, pola contra, que posibilite que estas poidan implantar estas instalacións ou infraestruturas coa finalidade de conseguir unha maior eficiencia enerxética na súa actividade, que ademais repercutiría nunha maior sustentabilidade ambiental da actividade da empresa en particular e das áreas empresariais en xeral.

Con esta finalidade, establécense unhas normas de aplicación directa que se impoñen sobre as ordenanzas contidas nos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio ou que os desenvolven, tanto sobre as anteriores á entrada en vigor desta lei como sobre as posteriores. Estas normas concréntanse, entre outros, nos seguintes aspectos:

- Permítese en determinados espazos a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxías renovables, xa sexa en réxime de autoconsumo individual ou para autoconsumo de comunidades enerxéticas dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

- As ordenanzas dos parques empresariais na materia de alturas máximas, recuamentos, edificabilidade e outras similares serán interpretadas de xeito que favorezan a implantación das instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables. Ademais, establécense na lei algunhas determinacións nas materias antes referidas sen prexuízo das limitacións técnicas que poida impoñer a normativa autonómica ou estatal nesta materia. Así, permítese excepcións dos límites de altura previstos nas ordenanzas cando se trate de elementos singulares destas instalacións ou infraestruturas e as distancias mínimas na materia de recuamentos computaranse desde a edificación principal, sen ter en conta as instalacións ou infraestruturas, as cales non computarán para efectos de edificabilidade.

Recóllese a posibilidade de que as entidades de conservación, xestión e modernización de parques empresariais, reguladas na Lei 3/2022, de áreas empresariais de Galicia, as sociedades mercantís ou outras entidades poidan formalizar acordos, convenios ou contratos cos promotores e propietarios do parque empresarial, co concello ou con outros organismos, co fin de implantar instalacións colectivas destinadas á produción de enerxías renovables para o uso das empresas situadas no parque empresarial e, así mesmo, asumir a xestión das ditas instalacións, infraestruturas ou servizos.



Tamén se conteñen medidas de fomento para que os promotores públicos das áreas empresariais da Comunidade Autónoma traten de crear incentivos na comercialización do solo empresarial para favorecer a implantación de instalacións que contribúan ao autoconsumo ou ao uso de enerxías renovables por parte das empresas implantadas nos parques empresariais.

IX

O título sexto refírese a determinados aspectos relacionados cos créditos de carbono.

No marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica, as administracións públicas deben fomentar o desenvolvemento sustentable do territorio, impulsando aqueles proxectos que contribúan a absorber carbono como medida para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen noutras actividades.

Neste ámbito está a medrar o interese por parte do sector privado na execución de proxectos no territorio que maximicen a dita absorción de carbono e que lle permitan ben compensar emisións de dióxido de carbono derivadas doutras actividades ou ben vender os créditos de carbono xerados a outros axentes interesados en realizar a dita compensación.

As absorcións certificadas no desenvolvemento dos proxectos deben estar cuantificadas mediante unha metodoloxía obxectiva e transparente, para o cal se require o establecemento dun sistema que garanta a seguridade xurídica das certificacións e transaccións realizadas entre os distintos axentes.

A través deste sistema, as administracións públicas deben establecer mecanismos que fomenten a execución de proxectos de absorción de carbono que teñan unha especial repercusión positiva no territorio, tanto desde un punto de vista ambiental como económico, o que permitirá que o seu desenvolvemento contribúa ao benestar da cidadanía e, ao mesmo tempo, á conservación dos valores ambientais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante o título sexto desta lei créase o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia. Este sistema facilitará as relacións entre os axentes que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados a través do desenvolvemento dos seus proxectos e aqueles que desexen adquirir ou utilizar os créditos de carbono para a compensación das súas emisións derivadas doutras actuacións.

O sistema creado incorporará un estrito sistema de certificación dos proxectos e dos cálculos dos créditos de carbono xerados, co fin de dotar o sistema de transparencia e obxectividade, que garanta a seguridade xurídica de todas as transaccións realizadas a través del.

No mesmo título prevese o desenvolvemento de medidas de fomento que impulsen a participación neste sistema, establecendo un especial tratamento para aqueles créditos de carbono asociados a proxectos e actividades cuxo desenvolvemento leve asociados beneficios adicionais a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en coherencia cos obxectivos previstos nesta lei.



X

O título sétimo refírese aos residuos biometanizables e indica que a Administración autonómica procurará a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, daqueles de titularidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., a través dos instrumentos previstos neste título.

Así, tendo en conta o alto potencial de biometanización dos residuos municipais, derivado da fracción de recolla selectiva de biorresiduos e da materia orgánica contida na denominada fracción resto, a sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. poderá desenvolver as accións que a lei indica. O biogás obtido ou o seu valor deberá servir, en primeira instancia, para cumprir coa descarbonización dos procesos da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., co fin de acadar o obxectivo de que o consumo de enerxía necesario para as súas operacións sexa de orixe renovable.

Así mesmo, a lei prevé que a Administración autonómica promova accións dirixidas a aproveitar as potencialidades da valorización integral e conxunta dos residuos municipais e dos residuos procedentes das actividades do sector agrogandeiro e das industrias agroalimentarias, coa finalidade de que o sector privado tamén contribúa ao desenvolvemento de sistemas de valorización integral e conxunta dos residuos xerados na Comunidade Autónoma de Galicia.

XI

A disposición adicional primeira establece a declaración de utilidade pública para as estacións de recarga de vehículos eléctricos ou de hidróxeno co obxecto de axilizar a electrificación do sector do transporte.

A disposición adicional segunda contén unha definición de paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión, en relación coa recuperación do territorio afectado por incendios forestais.

A disposición adicional terceira dispón a posta en marcha dun programa de compostaxe por parte da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

A disposición derogatoria única contén unha cláusula xeral de derogación normativa.

A disposición derradeira primeira modifica a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, para facilitar a convocatoria de concursos mineiros sobre materias primas fundamentais e minerais críticos.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación coa tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación, que deberán solicitarse conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico e requirirán que este dispoña de permiso de acceso e conexión. En particular, como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas



infraestruturas de evacuación cunha lonxitude de máis de 15 km, agás que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas. Trátase, así mesmo, de evitar a duplicidade de infraestruturas de evacuación de diferentes parques eólicos ou entre as novas propostas de evacuación e a rede de distribución e transporte existente ou planificada.

Así mesmo, modifícase a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, co obxecto fundamentalmente de aclarar o réxime transitorio en relación con determinadas modificacións substanciais de proxectos e a posible tramitación baixo a modalidade de autoconsumo sen excedentes de determinados proxectos que non contén con permiso de acceso e conexión, sempre e cando, entre outros requisitos, o proxecto de autoconsumo estea vinculado cun proxecto industrial estratéxico.

A disposición derradeira terceira prevé beneficios e incentivos fiscais, modificando o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia na materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo. Así, prevese unha dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen determinados proxectos declarados de especial interese público, social ou económico de acordo con esta lei e unha dedución aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmoables que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables en áreas empresariais.

A disposición derradeira cuarta modifica a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, en relación coa información pública no procedemento integrado relativo ás infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos eléctricos.

A disposición derradeira quinta habilita o Consello da Xunta para o desenvolvemento regulamentario da lei.

Finalmente, a disposición derradeira sexta establece a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

XII

Esta lei baséase nas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27.24 do Estatuto de autonomía de Galicia — en adiante, EAG—), en canto atende ao desenvolvemento sustentable do territorio galego.

Máis especificamente, a regulación da valoración do impacto social e económico dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nas súas zonas de influencia e a súa conservación, compensación e restauración teñen asentado nas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia na materia de ambiente, de acordo co artigo 27.30 do EAG, que recoñece a competencia exclusiva na materia de «normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23».



Así mesmo, a regulación que contén o título primeiro da lei sobre os diferentes proxectos engárzase cos títulos competenciais relativos a instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, de acordo cos artigos 27.13 e 28.3 do EAG; aproveitamentos hidráulicos, de acordo co artigo 27.12 do EAG; e desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado na materia de réxime mineiro e enerxético (artigo 28.3 do EAG).

A regulación do título segundo ten sustento tamén no artigo 30 do EAG, en canto se refire ao fomento da actividade económica en Galicia.

O título terceiro fundaméntase na competencia da Comunidade Autónoma para crear prestacións patrimoniais de dereito público de acordo co artigo 133 da Constitución española e co artigo 27.30 do EAG, en canto que atende a unha finalidade extrafiscal, co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente.

O título cuarto fundaméntase nas competencias autonómicas na materia de obras públicas (27.7 do EAG) e montes e aproveitamentos forestais (27.10 do EAG).

O título quinto, en canto aborda os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia para facilitar o seu desenvolvemento, baséase nas competencias autonómicas na materia de ordenación do territorio e urbanismo (27.3 do EAG).

A regulación do título sexto, en canto se refire a determinados aspectos relacionados cos créditos de carbono, encontra engarzamento nas competencias de montes e aproveitamentos forestais (27.10 do EAG) e de protección do ambiente (27.30 do EAG).

O título sétimo, en canto ás actuacións de valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización, ten fundamento no artigo 27.30 do EAG e, en canto recolle a actuación do sector público autonómico, no artigo 30 do EAG.

XIII

Esta lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se exige que «en todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación delas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia».

Así, o principio de necesidade desta iniciativa lexislativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, por afectar materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos da lei se realiza un esforzo de simplificación e integración da regulación coa normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de xeito que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de



transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, das persoas operadoras técnicas e xurídicas implicadas na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación, e sen menoscabo dos procedementos de participación que poidan estar previstos noutras normas; así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías exixidas pola lexislación vixente na materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación. O texto do anteproxecto foi sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e fins da lei

Artigo 1. *Obxecto da lei*

Esta lei ten por obxecto promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego mediante a regulación e a promoción das seguintes actuacións e instrumentos:

- a) A busca do maior beneficio social e económico na execución dos proxectos incluídos no título I, tanto na propia Comunidade Autónoma de Galicia como, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia dos proxectos.
- b) A adecuada valoración do impacto social e económico dos proxectos incluídos no título I.
- c) A participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei.
- d) O desenvolvemento de instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei.
- e) A creación e regulación, co fin de contribuír a ordenar e preservar o ambiente, dun canon ás liñas de eólica mariña pola parte que se estendan dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais e a creación dun fondo para eses efectos.
- g) A implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais.



h) O desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, mediante a regulación dun mercado voluntario de créditos de carbono.

i) A valorización integral de residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os xestionados pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

Artigo 2. *Fins da lei*

Son fins desta lei:

a) O impulso do desenvolvemento racional e sustentable do territorio de Galicia, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente, de forma conciliada co desenvolvemento social e económico e a equidade interxeracional e procurando a cohesión territorial.

b) A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia.

c) O desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades comprendidos nesta lei.

d) A contribución á consecución da neutralidade climática e a mellora da resiliencia do territorio galego.

CAPÍTULO II

Beneficios sociais e económicos

Artigo 3. *Beneficios sociais e económicos*

Para os efectos desta lei, entenderanse por beneficios sociais e económicos aqueles efectos do proxecto e compromisos adicionais adquiridos polos promotores co territorio que, con pleno respecto da sustentabilidade ambiental, supoñan un impacto positivo desta índole no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto e nos seus habitantes.

Artigo 4. *Concreción dos beneficios sociais e económicos*

Para os efectos desta lei, entenderanse como beneficios sociais e económicos, entre outros, en particular os seguintes:

a) A promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e o fomento da súa cohesión local e territorial.

b) O compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da zona de influencia dos proxectos.

c) A conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos e as boas prácticas ambientais e sociais, incluíndo a preservación dos bens culturais, tanto materiais como inmateriais, implementadas na promoción, desenvolvemento, construción e operación do proxecto.



d) A promoción de novos investimentos e, en particular, de mecanismos de reinvestimento dos beneficios obtidos.

e) O fomento da creación e o mantemento de emprego directo e indirecto na construción, desenvolvemento e operación do proxecto, no contorno do proxecto ou na comunidade autónoma, tendo en conta especialmente a creación de emprego cualificado na área de implantación, e o fomento do emprego feminino.

f) O desenvolvemento de negocios locais, especialmente dos relacionados directa ou indirectamente co sector das enerxías renovables ou co desenvolvemento e consolidación de proxectos no sector primario, tanto agrario como gandeiro ou forestal.

g) A colaboración e o desenvolvemento de grupos de investigación vinculados a melloras en aproveitamentos enerxéticos, mineiros, forestais ou industriais vinculados ás universidades e centros de investigación e desenvolvemento de Galicia.

h) O impacto local da estratexia de compras e contratación do titular do proxecto.

i) A participación nos proxectos, en termos de investimento, de investidores locais e de empresas e administracións da zona en que se situará a instalación.

j) A redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industrias das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da comunidade autónoma.

k) O impacto sobre a cadea de valor industrial local e autonómica e o seu desenvolvemento sustentable no territorio, así como a achega do proxecto ao fortalecemento de cadeas de valor de sectores económicos estratéxicos para Galicia e a capacidade de atracción de cadeas de valor innovadoras non presentes ou non completas no territorio.

l) A consulta e a participación significativa das administracións e dos interesados locais no proxecto e a consideración dos seus intereses no desenvolvemento do proxecto, así como o seu apoio.

m) O desenvolvemento dunha estratexia de comunicación co fin de garantir que a cidadanía está informada sobre o proxecto, o seu impacto e os beneficios sociais, económicos e ambientais que xerará.

Artigo 5. *Desenvolvemento de indicadores cuantitativos*

1. A Administración autonómica poderá desenvolver e aplicar indicadores cuantitativos que, conforme as metodoloxías internacionalmente aceptadas para tal fin, poidan permitir a valoración do impacto social e económico dos proxectos.

2. Os indicadores previstos no número anterior poderán vincularse, entre outros, aos seguintes factores:

a) Importe do reinvestimento de beneficios en proxectos sociais e/ou culturais ou de promoción da igualdade de mulleres e homes no ámbito local e/ou autonómico.



b) Redución nas pegadas de carbono, hídrica ou similares, que se esperen no territorio como consecuencia da execución do proxecto, calculadas sempre sobre as emisións presentes antes da execución do proxecto.

c) Medidas e/ou investimentos de promoción ou compensación dos servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos.

d) Importe do reinvestimento de beneficios e/ou do investimento complementario á actividade que se vai desenvolver en proxectos que xeren unha pegada industrial e/ou económica no ámbito local e/ou autonómico, en especial en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes, ou non o estean por completo, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Empregos directos e indirectos netos no ámbito local e na Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter indefinido e a xornada completa, xerados e/ou conservados polo proxecto ou os seus efectos, con distinción, de ser o caso, por xénero, discapacidade ou risco de exclusión social, e, en especial, en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes, ou non o estean por completo, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Contía total dos salarios pagados ás novas persoas empregadas e/ou ás empregadas conservadas polo efecto do proxecto na área de implantación.

g) Cuantificación económica dos beneficios sociais totais á disposición das novas persoas empregadas e/ou das empregadas conservadas, adicionais aos salarios.

h) Número medio de horas de formación anual prevista para as novas persoas empregadas e/ou as empregadas conservadas.

i) Número mínimo e máximo de alumnado que se vai formar por curso académico, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco de programas asociados á formación profesional dual.

j) Contribución ao crecemento do PIB, da renda e do valor engadido, no ámbito local e/ou autonómico, en especial en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes, ou non o estean por completo, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

k) Pago de impostos e canons locais e/ou autonómicos.

l) Valor dos produtos e servizos adquiridos no ámbito local e/ou autonómico.

m) Cifra prevista de exportación anual media, co detalle de volumes de carga previstos a través de portos, ferrocarril, aeroportos ou outros medios de transporte, logo de que a actividade estea nun nivel ordinario de funcionamento.

n) Importes da contratación prevista, de ser o caso, de universidades galegas ou centros de investigación e tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia para levar a cabo actuacións no ámbito da I+D+i no territorio, ademais de detalle do investimento previsto pola propia empresa



ou empresas promotoras, utilizando medios propios e/ou adquirindo activos fixos ou intanxibles para esas mesmas actuacións.

ñ) Número de investidores locais e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia involucrados e valor do seu respectivo investimento.

o) Redución dos prezos da enerxía de forma específica para o consumidor final no ámbito local e/ou autonómico.

p) Número e relevancia, en termos obxectivos, tales como volume de investimento ou superficie abranguida, das modificacións sobre o proxecto inicial que sexan consecuencia de observacións non vinculantes das administracións, entidades de dereito público ou privado e/ou particulares radicados no ámbito local e/ou autonómico.

q) Número e alcance das actuacións de comunicación desenvolvidas para dar a coñecer o proxecto e promover a formulación de observacións ou melloras, así como das ofertas públicas eventualmente realizadas para a participación nel de investidores locais e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

r) Participación de empresas con plans de igualdade, certificación galega de excelencia en igualdade ou outra certificación equivalente, como promotores, contratistas ou operadores implicados no proxecto.

Artigo 6. *Prohibición de discriminación*

En ningún caso a consideración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos poderá implicar a imposición de condicións nin requisitos que teñan como efecto directo ou indirecto a discriminación por razón de establecemento ou residencia dos operadores económicos.

TÍTULO I

Valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos

CAPÍTULO I

Identificación dos proxectos

Artigo 7. *Proxectos comprendidos neste título*

A regulación deste título será aplicable aos seguintes proxectos:

a) Proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables.

b) Proxectos que requiren da concesión de augas para os seguintes usos:

- Usos para transición xusta, previstos na disposición adicional décimo sexta do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

- Usos agropecuarios e acuicultura.



- Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.
- Usos industriais para produción de bens de consumo e industrias extractivas.
- c) Dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros.
- d) Proxectos de almacenamento de enerxía eléctrica ou térmica, en calquera das súas formas.

CAPÍTULO II

Integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental

Artigo 8. Integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental vinculada ao principio de desenvolvemento sustentable

De conformidade co principio do desenvolvemento sustentable, a valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos aos cales lles resulta aplicable esta lei cuxa autorización sexa de competencia autonómica integrárase dentro da avaliación do seu impacto ambiental, realizada de acordo coa lexislación estatal e autonómica aplicable, se esta for preceptiva, para os efectos de establecer as medidas que permitan previr, corrixir e, se é o caso, compensar os seus efectos sobre o ambiente.

Artigo 9. Valoración dos servizos ecosistémicos

1. A valoración do impacto social e económico dos proxectos no marco da avaliación de impacto ambiental terá en conta, de modo particular, os servizos ecosistémicos nas súas zonas de influencia.

2. Para estes efectos, consideraranse servizos ecosistémicos os beneficios económicos, sociais e ambientais, directos e indirectos, que as persoas obteñen do bo funcionamento dos ecosistemas, e que melloran a saúde, a economía e a calidade de vida, tales como o mantemento da biodiversidade, o secuestro de carbono, a beleza paisaxística, o acervo cultural, tanto patrimonial como inmaterial, a formación de solos, a regulación hídrica nas bacías e a provisión de recursos cinéticos.

Artigo 10. Contido do estudo de impacto ambiental

1. O estudo de impacto ambiental, elaborado de acordo coa lexislación ambiental, incluírá e desenvolverá, na epígrafe relativa á análise global multicriterio, os aspectos sociais e económicos do proxecto, os seus beneficios e a súa valoración.

2. En particular, o estudo de impacto ambiental recollerá, polo menos, os seguintes elementos:

a) A identificación dos servizos ecosistémicos da zona onde se pretenda implantar o proxecto, o seu estado actual, o impacto do proxecto sobre eles e a proposta que se pretende levar a cabo para



previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os efectos adversos sobre eles, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable, coa identificación das accións específicas, directas ou indirectas, para iso.

b) A identificación dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto.

c) Os compromisos adicionais dos promotores dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio.

d) O deseño dun sistema de seguimento que permita avaliar o progreso das accións de conservación, recuperación e uso sustentable propostas.

3. Para os efectos indicados neste artigo, a Administración autonómica poderá aprobar guías metodolóxicas para que poidan ser tidas en conta polos promotores dos proxectos.

Artigo 11. *Efectos sobre os servizos ecosistémicos*

1. As formas de prevención, corrección e, se é o caso, compensación dos efectos adversos sobre os servizos ecosistémicos, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable que se propoñan no estudo de impacto ambiental, poderán adoptar unha ou varias das seguintes modalidades:

a) Financiamento de accións específicas, directas e indirectas, para a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos e para a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

b) Financiamento de accións de desenvolvemento produtivo e infraestrutura básica sustentables en beneficio directo da poboación involucrada.

c) Outras modalidades acordadas libremente entre as partes, sempre que cumpran cos obxectivos de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

2. A determinación e aplicación das modalidades de prevención, corrección e, se é o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable deberán ter como finalidade asegurar a permanencia dos servizos que ofrecen, atendendo á diversidade xeográfica, ecolóxica e social da zona.

Artigo 12. *Consideración do impacto social e económico nos informes sectoriais autonómicos*

1. Na avaliación ambiental, dentro do trámite de consultas ás administracións públicas, os órganos da Administración e do sector público autonómico aos cales se pidan os informes previstos no artigo 37.1 da Lei de avaliación ambiental pronunciaranse sobre o alcance e a valoración dos beneficios sociais e económicos incluídos no estudo de impacto ambiental que sexan da súa competencia.



2. Así mesmo, na tramitación do procedemento deberase solicitar un informe preceptivo, á consellaría con competencias na materia de economía, sobre o impacto social e económico do proxecto.

Artigo 13. *Declaración de impacto ambiental*

A declaración de impacto ambiental que formule o órgano ambiental integrará, en particular no seu contido, de conformidade co principio de desenvolvemento social e económico das zonas e das súas poboacións:

a) A análise do estudo de impacto ambiental no referido aos aspectos indicados no artigo 10 e a como se tivo en consideración o resultado en canto a estas cuestións do trámite de información pública e consultas ás administracións e persoas interesadas. Analizaranse, en especial, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto e os compromisos adicionais dos promotores, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio.

b) Se procede, as condicións en que pode desenvolverse o proxecto, establecendo as medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os seus efectos sobre o ambiente, tendo en conta especialmente as formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

CAPÍTULO III

Valoración do impacto social e económico nos proxectos non sometidos a avaliación de impacto ambiental

Artigo 14. *Impacto social e económico*

1. A valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos aos cales lles resulte aplicable esta lei cuxa autorización sexa de competencia autonómica nos cales non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental efectuarase a través da existencia ao promotor da presentación dun estudo de impacto social e económico do proxecto e a súa avaliación no procedemento de autorización do proxecto.

2. O estudo de impacto social e económico do proxecto será sometido a informe preceptivo das consellarías competentes na materia de economía e de ambiente, que efectuarán unha avaliación dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e dos compromisos adicionais dos promotores, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, se é o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

3. O resultado da avaliación será comunicado ao promotor do proxecto, plan ou programa, para a súa consideración nas fases de aprobación e execución.



CAPÍTULO IV

Valoración do impacto social e económico dos proxectos en que a competencia para a súa autorización non sexa da Comunidade Autónoma

Artigo 15. Análise dos efectos sociais e económicos dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de competencia estatal

1. O órgano competente na materia de ambiente da Comunidade Autónoma, no trámite da consulta preceptiva prevista na lexislación de avaliación ambiental dos proxectos aos cales lles resulta aplicable esta lei cuxa autorización sexa de competencia estatal, analizará, en particular, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e os compromisos adicionais dos promotores, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

2. Para a realización deste informe, o órgano ambiental poderá solicitar información aos órganos da Administración e do sector público autonómico sobre os aspectos que sexan da súa competencia e, en particular, á consellaría con competencias na materia de economía.

Artigo 16. Análise dos efectos sociais e económicos dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nos procedementos de competencia estatal en que non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental

Nos proxectos aos que lles resulta aplicable esta lei cuxa autorización sexa de competencia estatal e nos cales non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental a Comunidade Autónoma de Galicia, no trámite de consultas que proceda en cada caso de acordo coa normativa aplicable, emitirá informe preceptivo no cal se analizarán, en particular, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e os compromisos adicionais dos promotores, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

CAPÍTULO V

Determinacións específicas para os proxectos comprendidos neste título*Sección 1ª. Proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables*

Artigo 17. Declaración de especial interese público, social e económico dos proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas

1. Os proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas asociadas poderán ser declarados de especial interese social e económico polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellaría competente na materia de enerxía.

2. Para a declaración de especial interese social e económico valoraranse discrecionalmente os beneficios dos proxectos de acordo co establecido nesta lei. En particular, a declaración poderá recaer nos proxectos que cumpran algún dos seguintes requisitos:



a) Proxectos renovables que subscriban contratos de compravenda de enerxía a prezo competitivo, sempre que:

1º. No caso de que a lexislación sectorial o exixa para a autorización do proxecto, dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, para o caso de proxectos de xeración eléctrica renovable, no caso de que non se tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, contén coas infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas.

2º. O acordo directo de compravenda de enerxía ou acordo de compravenda de enerxía a través de sociedade de comercialización se subscriba por un período mínimo de oito anos de subministración da enerxía.

3º. A subministración da enerxía se realice a un centro ou centros de traballo con actividade empresarial e/ou ás persoas residentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

4º. A subministración da enerxía incluída no contrato ou contratos de subministración de enerxía (PPA) supoña, polo menos, o 50 % da enerxía producida polo proxecto.

5º. De ser o caso, se xustifique que a actividade industrial ou empresarial vinculada ao contrato PPA, ou a súa industria auxiliar, produce un claro impacto socioeconómico e territorial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

6º. Acrediten a compatibilidade do uso do solo e os demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.

b) Proxectos renovables que comporten determinados investimentos no territorio ou a execución de proxectos empresariais, sempre que:

1º. No caso de que a lexislación sectorial o exixa para a autorización do proxecto, dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, para o caso de proxectos de xeración eléctrica renovable, no caso de que non se tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, contén coas infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas.

2º. O titular do proxecto de enerxías renovables sexa o mesmo que o titular do investimento no territorio, exista unha relación empresarial entre eles ou se garanta unha subministración de enerxía de, polo menos, o 50 % da enerxía producida polo proxecto de enerxía renovable no proxecto empresarial.

3º. O investimento no territorio asociado comporte un investimento de 0,2 millóns de euros por cada megawatt instalado e xere un emprego directo por cada megawatt instalado, cun mínimo de 20 millóns de euros e 100 empregos directos.

4º. O investimento no territorio se execute no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

5º. Se acrediten a compatibilidade do uso do solo e os demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.



c) Proxectos renovables destinados ao autoconsumo eléctrico, sempre que cumpran cos seguintes requisitos:

1º. De ser o caso, para un suposto de modalidade de subministración con autoconsumo con excedentes, que dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, no caso de que non se tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas. Esta condición non será necesaria no caso de autoconsumo sen excedentes.

2º. Que o 50 % da xeración eléctrica do proxecto se destine para o autoconsumo da industria asociada.

3º. Que acrediten a compatibilidade do uso do solo e os demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.

d) Proxectos de repotenciación e actualización tecnolóxica de parques eólicos xa existentes, sempre que cumpran cos seguintes requisitos:

1º. Que se reduzan polo menos nun 50 % as localizacións de aerogeradores previamente existentes, mantendo polo menos a potencia instalada.

2º. Que dediquen polo menos un 10 % da súa produción á subministración a título gratuito a comunidades enerxéticas locais, administracións locais ou empresas situadas na comarca onde se sitúe o parque para utilizar en autoconsumo.

Artigo 18. Efectos da declaración de especial interese público, social e económico dos proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas

1. A declaración de proxectos de especial interese público, social e económico realizada de acordo co artigo anterior comportará a prioridade na tramitación por parte da Administración autonómica de Galicia e determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados con tales iniciativas, polo que, logo de declarada a tramitación de urxencia polo órgano competente, de acordo co establecido polo artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos establecidos para o procedemento ordinario se reducirán á metade, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

2. Así mesmo, no caso de proxectos de produción de enerxía eólica, tal declaración implicará a posible implantación do parque eólico fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, sempre que se considere ambientalmente viable e se cumpran adicionalmente os seguintes requisitos:

a) Que a subministración de enerxía incluída no contrato ou contratos de compravenda de enerxía supoña, polo menos, o 80 % da enerxía producida polo proxecto.

b) Que supoña un impacto socioeconómico no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto e nos seus habitantes.



3. Estes efectos estenderanse a aquelas infraestruturas asociadas, tales como as conexións coa rede de gas de instalacións de produción de hidróxeno verde ou biogás, as liñas de evacuación e as liñas directas.

Sección 2ª. Proxectos que requiren da concesión de augas

Artigo 19. Fomento da obtención de beneficios sociais e económicos nas áreas en que se implantan proxectos que requiren a concesión de augas

1. Para os efectos do indicado na lexislación de augas e nesta disposición, valoraranse para o outorgamento das concesións de augas de competencia autonómica o interese público e a maior utilidade pública e xeral que presenten os proxectos que inclúan beneficios sociais e económicos, especialmente nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto, na forma indicada neste artigo.

2. Para estes efectos, na resolución dos procedementos de concesión derivados dos trámites de competencia de proxectos tramitados de acordo coa lexislación de augas teranse en conta os beneficios sociais e económicos derivados dos proxectos presentados, así como as formas propostas de compensación, conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, especialmente aquelas que contribúan a mellorar o estado das masas de auga situadas no sistema de explotación onde se localice o proxecto.

En particular, no caso de competencia de peticións, cando haxa incompatibilidade de usos dentro de cada clase, de conformidade coa orde de preferencia aplicable segundo a lexislación de augas ou o plan hidrolóxico, será preferido o proxecto que supoña os maiores beneficios sociais e económicos e a mellor compensación, conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, valorados de forma discrecional e motivada pola Administración autonómica en función do interese público, por considerarse que presentan unha maior utilidade pública e xeral.

Para o caso de que os proxectos deban ser sometidos a un procedemento de avaliación ambiental e o órgano ambiental sexa autonómico, a valoración dos beneficios sociais e económicos será a determinada no marco da tramitación dese procedemento, de acordo co indicado no capítulo II deste título. Nestes casos, o outorgamento da concesión deberá ser posterior á declaración de impacto ambiental.

3. Nos concursos públicos que se convoquen de acordo coa lexislación de augas para conceder a explotación das infraestruturas que revertesen á Administración autonómica nos casos de extinción de concesións, incluírase tamén entre os criterios de elección dos anteprojectos a valoración dos seus beneficios sociais e económicos, na forma en que se estableza nos pregos de bases.

4. Na tramitación dos procedementos indicados neste artigo, á vista da importancia das afeccións que supoñan as solicitudes presentadas, a Administración autonómica poderá exixir, con base no interese público, a achega de estudos complementarios sobre a incidencia sanitaria, social e ambiental e as posibles solucións que achegue o promotor, coa valoración de cada unha delas, na forma establecida na lexislación de augas e ambiental. En particular, a Administración autonómica poderá exixir que a persoa solicitante propoña medidas para mellorar o impacto social, económico e ambiental do proxecto na área e nos seus habitantes.



Para estes efectos, a Administración autonómica poderá aprobar e publicar guías orientativas en que se recollan métodos de valoración do impacto social e económico das propostas e modelos de compromisos mediante os cales se pode paliar a incidencia social das solicitudes e a súa valoración.

5. Dentro das condicións das concesións aludidas nos puntos anteriores incluíranse as concernentes aos compromisos de natureza socioeconómica e ambiental asumidos pola persoa solicitante.

Sección 3ª. Dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros

Artigo 20. Dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación

1. No procedemento de outorgamento de dereitos mineiros de recursos da sección C) ou D), na tramitación de calquera proxecto de explotación mineiro de competencia autonómica de recursos da sección C) ou D) e no procedemento de outorgamento de demasías, terase en conta a valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos, de acordo co establecido nesta lei.

2. En particular, e de conformidade co establecido nesta lei, no procedemento de outorgamento e na tramitación dun proxecto de explotación de recursos da sección C) ou de recursos da sección D) exixirase a presentación do estudo de impacto social e económico do proxecto e efectuarase a súa avaliación de acordo co indicado no capítulo II deste título. O outorgamento dos dereitos mineiros e/ou a aprobación do proxecto de explotación poderá denegarse motivadamente cando, logo da realización da oportuna avaliación e da emisión dos informes técnicos pertinentes, se considere que o proxecto non comporta beneficios sociais e económicos que compensen o impacto dos proxectos nas zonas afectadas.

3. Naqueles procedementos nos que para o seu outorgamento estea prevista a concorrência competitiva, e particularmente nas convocatorias dos concursos públicos de dereitos mineiros previstos nos artigos 35 e 36 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, e no outorgamento de demasías definido no artigo 57 do Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minaría, incluíranse requisitos, criterios de selección e condicións de execución que valoren os beneficios sociais e económicos das propostas, de acordo co establecido nesta lei.

A valoración dos criterios de calidade social e ética do proxecto, así como de impacto socioeconómico do proxecto na zona de implantación da explotación, previstos no artigo 36.2.c) e d) da Lei 3/2008, do 23 de maio, representará, polo menos, o 40 % dos criterios de selección na baremación das solicitudes de dereitos mineiros nos concursos públicos.

4. Aqueles procedementos de outorgamento de dereitos mineiros e/ou de aprobación de proxectos de explotación en que, conforme o disposto nos números 2 e 3, e logo da declaración polo Consello da Xunta por proposta motivada da persoa titular da consellaría competente na materia de minas, se acredite a existencia de especiais beneficios sociais e económicos dos proxectos gozarán de carácter prioritario e considerarase que concorren razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia na realización dos trámites da súa competencia, polo que os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico reducirán á metade os



prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Gozarán tamén de carácter prioritario aquelas solicitudes que versen sobre recursos considerados como materias primas fundamentais, terras raras ou minerais críticos nos plans e programas europeos, estatais ou autonómicos, incluíndo os que sexan declarados minerais estratéxicos galegos, logo da declaración polo Consello da Xunta realizada nos termos previstos no parágrafo anterior.

5. O carácter prioritario dos proxectos que cumpran co establecido no número 4 estenderase á tramitación dos proxectos de autoconsumo de enerxías renovables e dos proxectos relativos a extensións ou reforzos na rede de distribución para a subministración ao proxecto mineiro.

6. Para os efectos do artigo 24 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, cando un dereito mineiro afecte un dereito mineiro preexistente ou outros usos de interese público, para os efectos de decidir sobre a súa prevalencia teranse en conta, entre os criterios aplicables, en particular, os seus respectivos beneficios sociais e económicos, de acordo co establecido nesta lei.

TÍTULO II

Participación en sociedades e instrumentos de financiamento

CAPÍTULO I

Participación en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei

Artigo 21. Participación en sociedades

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, por si mesma ou a través dos seus entes instrumentais ou dos vehículos de investimento xestionados polas súas entidades instrumentais, cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de patrimonio autonómico, poderá participar en sociedades mercantís privadas entre cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren as de procurar o beneficio social e económico na zona de influencia dos proxectos, no marco das súas operacións industriais, mercantís ou de investimento, de acordo coas normas previstas nesta lei.

2. As finalidades expresadas no número anterior incorporaranse á actuación das sociedades previstas neste capítulo mediante os seus estatutos e/ou calquera outro instrumento xurídico ou pacto que se considere oportuno, e sen prexuízo da súa operación como un axente máis de acordo coas regras normais do mercado.

3. As sociedades participadas poderán, pola súa vez, participar nas sociedades vehiculares que se establezan, se é o caso, para executar os proxectos de investimento.

4. Non será aplicable aos casos previstos neste artigo o límite mínimo de participación da Xunta de Galicia no capital social a que fai referencia o artigo 102.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



5. En todo caso, nos proxectos que, pola súa relevancia, vaia desenvolver a Administración autonómica a través das sociedades nas que participe, nos que sexa socio principal ou maioritario, informarase ao diálogo social.

Artigo 22. *Finalidades e responsabilidade corporativa das sociedades participadas*

1. Para os efectos do establecido no artigo anterior, para que a Administración poida participar nas sociedades, entre as finalidades destas últimas terá que encontrarse o obxectivo de valorizar os recursos estratéxicos galegos e canalizar este valor cara a todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma, en particular cara ás comunidades locais, que soportan a maior parte dos custos ambientais da súa explotación.

2. En particular, entre as finalidades e responsabilidade corporativa das sociedades encontraranse os seguintes aspectos:

a) Procurar o apoio aos proxectos entre os distintos axentes sociais, especialmente entre as comunidades locais onde se van asentarse.

b) Facilitar a existencia dun mercado en condicións de igualdade para todos os participantes, de maneira que as pemes locais poidan aproveitar as oportunidades de negocio que xurdan no desenvolvemento dos proxectos.

c) Actuar como catalizador da aplicación desta lei, fomentando o desenvolvemento dos proxectos aos cales lles é aplicable e o desenvolvemento de instrumentos e actuacións que sirvan de referencia ao resto de axentes.

d) Fomentar o autoconsumo con fontes renovables e a eficiencia enerxética no sector produtivo de Galicia.

e) Promover a participación de operadores locais nas diferentes fases de desenvolvemento dos proxectos, xa sexa como promotores, como clientes e/ou usuarios, como provedores ou como investidores.

Artigo 23. *Participantes nas sociedades*

1. A participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou dos seus entes instrumentais, ou dos vehículos de investimento xestionados polas súas entidades instrumentais, nas sociedades recollidas neste capítulo ou naquelas en que estas participen buscará garantir que a súa actividade sexa conforme o disposto nesta lei.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais promoverán que estas sociedades contén no seu capital social con entidades públicas e/ou privadas representativas do tecido socioeconómico, de maneira que participen de forma efectiva no deseño, xestión e explotación dos proxectos que as afecten.

3. Así mesmo, buscarase facilitar os investimentos no capital das sociedades vehiculares promovidas polas sociedades participadas de persoas xurídicas e físicas que sexan pequenos investidores das comunidades locais nas zonas de influencia dos proxectos.



Artigo 24. *Actuacións das sociedades participadas*

1. As actuacións que leven a cabo as sociedades participadas recollidas neste capítulo para a consecución dos seus obxectivos realizaranse en condicións de igualdade e competencia co resto de participantes do mercado.
2. A participación da Administración promoverá que os estatutos e os demais pactos sociais que rexan a actividade das sociedades participadas recollan como criterio de investimento o impacto socioeconómico entre as comunidades locais e, no caso de que se considere necesario, as medidas necesarias para maximizalo, garantindo en todo caso a viabilidade financeira do proxecto para a propia sociedade participada.
3. Así mesmo, a participación da Administración promoverá que os estatutos e os demais pactos sociais indicados procuren a integración dos membros das comunidades locais no desenvolvemento dos proxectos e, de ser o caso, na repartición de beneficios, facilitando participacións no seu capital. Entre os membros das comunidades locais consideraranse, en particular, as corporacións locais con afeccións ambientais relacionadas co desenvolvemento dos proxectos.
4. A participación da Administración promoverá que estas sociedades:
 - a) Produzan e difundan de forma aberta e gratuíta modelos e estándares de calidade para o deseño, desenvolvemento e execución dos proxectos, de maneira que se faciliten a transparencia do mercado e a participación de todos os operadores en condicións de igualdade, así como as relacións coa Administración e provedores, a interlocución cos axentes sociais e o financiamento e refinanciamento de proxectos, entre outros.
 - b) Impulsen ou fomenten o desenvolvemento de proxectos de autoconsumo e eficiencia enerxética individuais ou colectivos, en particular no contexto dos parques empresariais de Galicia e das industrias electrointensivas.
 - c) Inclúan nas súas prácticas de contratación e colaboración medidas que prioricen as pequenas e medianas empresas locais e os provedores que demostren un maior impacto socioeconómico na zona.

CAPÍTULO II **Instrumentos de financiamento**

Artigo 25. *Instrumentos de financiamento*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do seu sector público, por si ou a través das sociedades en que participen, poderán promover o desenvolvemento dos instrumentos de financiamento previstos neste capítulo para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei. Estes instrumentos de financiamento serán compatibles con outros instrumentos ou medidas de apoio de tipo público ou privado, sen máis limitación que a establecida na normativa vixente na materia de axudas de Estado e a demais normativa que resulte aplicable. En todo caso, o establecemento de instrumentos financeiros pola Administración autonómica deberá contar co informe previo da consellaría competente na materia de facenda e



respectar o principio de prudencia financeira a que se refire o artigo 13.*bis* da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.

2. O obxectivo dos instrumentos de financiamento previstos neste capítulo é facilitar a execución dos proxectos dotándoos dunha rendibilidade suficiente como para facelos economicamente viables, promovendo ao mesmo tempo a existencia de ofertas competitivas no mercado e a suficiente protección para as persoas consumidoras, así como a participación das pemes no desenvolvemento dos proxectos en condicións de igualdade coas grandes empresas.

3. Os instrumentos financeiros previstos poderán ter forma de subvencións de capital, outro tipo de subvencións e bonificacións, instrumentos de capital ou de cuasicapital, participacións de capital, préstamos participativos, créditos, préstamos e garantías, e deducións fiscais ao investimento, préstamos subvencionados, garantías, titulizacións e asistencia técnica, entre outras. Así mesmo, a Administración xeral da Comunidade Autónoma, as entidades do seu sector público e/ou as sociedades en que participen poderán prestar as asistencias técnicas que consideren oportunas.

4. De maneira preferente, os proxectos asignaranse a vehículos de investimento de forma que sexa posible illalos patrimonialmente para o seu financiamento, xestión, valoración e, de ser o caso, liquidación.

5. Os instrumentos de financiamento previstos neste capítulo rexeranse polo réxime xurídico que resulte aplicable atendendo á súa natureza e ao seu carácter público ou privado. No caso de que consistan en apoios públicos, rexeranse pola lexislación correspondente e, en particular, pola normativa vixente de axudas de Estado.

Artigo 26. *Instrumentos de capital ou cuasicapital*

1. Os vehículos titulares dos instrumentos de capital ou de cuasicapital poderán revestir a forma de entidades de capital risco ou de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, ou na norma que a substitúa, tanto de nova creación como as existentes dependentes do sector público autonómico.

2. Poderase promover a creación de instrumentos especificamente destinados a facilitar o financiamento propio (capital social e outras fórmulas de reforzamento dos fondos propios) dos proxectos, empresas ou sociedades vehiculares obxecto desta lei.

3. De maneira específica, poderanse promover os seguintes instrumentos de capital ou de cuasicapital:

a) Participacións en capital. As entidades descritas no punto primeiro deste artigo poderán subscribir e/ou adquirir participacións minoritarias e temporais nas empresas titulares dos proxectos, posibilitando así o asentamento do negocio.



Así mesmo, as sociedades participadas previstas nesta lei poderán tomar participación no capital das sociedades vehiculares en condicións similares ás descritas no parágrafo anterior.

b) Préstamos participativos. As entidades descritas no punto primeiro deste artigo tamén poderán conceder préstamos participativos ás empresas titulares dos proxectos nos termos previstos na referida Lei 22/2014 e na normativa que resulte aplicable á entidade investidora.

Artigo 27. *Instrumentos de débeda e garantías*

1. Poderanse promover instrumentos para facilitar o financiamento alleo dos proxectos, empresas ou sociedades vehiculares obxecto desta lei.

2. De maneira específica, poderanse dispoñer os seguintes instrumentos de débeda e de garantía:

a) Financiamento de préstamos, créditos ou outros instrumentos de financiamento reintegrables. Poderanse establecer liñas de préstamos, créditos ou outros instrumentos de financiamento reintegrables. Así mesmo, poderanse articular fórmulas de bonificación dos custos financeiros das operacións.

b) Garantías. Poderanse constituír avais que garantan operacións de financiamento concedidas por entidades ou organismos públicos ou privados.

Artigo 28. *Refinanciamento de activos*

Promoverase que os proxectos amparados por esta lei que impliquen a xeración de dereitos de cobro futuros e predicibles, como son os contratos de subministración de enerxía (PPA), sexan bancables e agrupables de xeito que poidan refinanciarse en condicións óptimas. Para iso dispoñeranse, entre outras, as seguintes actuacións:

a) Estandarización dos contratos PPA e das especificacións de calidade dos proxectos (boas prácticas). Fomentarase a introdución de estándares contractuais, de transparencia e de calidade dos proxectos de maneira que se facilite a súa valoración, transferencia e agregación, e o seu uso como colateral para a creación de bonos verdes.

b) Agrupación de activos. Promoverase a creación de agrupacións de activos de proxectos de maneira que se doten os promotores de liquidez logo de que os proxectos estean operativos e verifiquen o cumprimento dos criterios de sustentabilidade ambiental e socioeconómica.

c) Mellora de crédito. Poderase apoiar a calidade crediticia dos activos financeiros apoiados polos proxectos previstos nesta lei mediante a disposición de melloras de crédito. En ningún caso este apoio poderá consistir no outorgamento ou na constitución de avais, garantías ou calquera outro instrumento que implique a asunción de riscos continxentes por parte da Administración da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos, entes ou sociedades dependentes.

Artigo 29. *Asistencia técnica*

1. Poderanse establecer os mecanismos de asistencia técnica necesarios para facilitarlles aos diferentes participantes a utilización dos instrumentos financeiros previstos nesta lei.



2. Promoverase o desenvolvemento de metodoloxías e ferramentas de valoración e análise de risco que poidan ser utilizadas polos distintos axentes públicos e privados para o deseño, implementación e monitorización dos instrumentos financeiros e asistencia técnicas.

Artigo 30. Actuacións da Administración e participación das sociedades participadas na implementación dos instrumentos financeiros

1. A Administración poderá facilitar a introdución dos instrumentos financeiros previstos nesta lei, de maneira que actúen como referencia para o resto dos participantes no mercado.

2. A Administración poderá promover o desenvolvemento dun mercado competitivo para os proxectos, aberto ás pemes e ás persoas investidoras locais.

3. En particular, promoverase que as sociedades participadas inclúan entre as súas actuacións a creación e introdución de estándares utilizables polo resto de participantes, tales como contratos, metodoloxías de avaliación do impacto ambiental, metodoloxías de avaliación do impacto socioeconómico, metodoloxías de valoración financeira e de risco, boas prácticas no deseño, construción, operación e mantemento dos proxectos, valoración e desenvolvemento de servizos ecosistémicos, inclusión das comunidades locais na explotación dos proxectos e todas aquelas que se consideren relevantes.

TÍTULO III
Eólica mariña

CAPÍTULO I
Promoción da cohesión social e económica

Artigo 31. Actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma

A Administración xeral da Comunidade Autónoma, no marco das súas relacións institucionais coa Administración xeral do Estado, desenvolverá a súa actuación para promover que esta teña en conta, nos instrumentos e actuacións de competencia estatal relativos á enerxía eólica mariña, o compromiso coa cohesión social e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os beneficios sociais e económicos dos proxectos previstos nesta lei.

CAPÍTULO II
Canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña

Artigo 32. Creación, natureza, obxecto e ámbito de aplicación

Co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente, e especialmente velar pola xestión racional e sustentable do litoral, tendo en conta os seus extraordinarios valores ambientais, con carácter de ingreso compensatorio e natureza impositiva extrafiscal e real, créase o canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 33. *Afectación dos ingresos xerados polo canon*

1. Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como ás actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial, das cales serán principais beneficiarios os concellos polo soterramento das infraestruturas necesarias para a evacuación nas zonas de influencia dos proxectos.

2. Tamén será beneficiario o conxunto do sector pesqueiro mediante actuacións que, promovidas pola Administración autonómica, se dirixan a compensar as afeccións derivadas da implantación dos parques eólicos mariños cuxa enerxía se evacúa, así como a promover a conservación do ecosistema e a biodiversidade.

Artigo 34. *Normativa aplicable*

O canon rexerase por esta lei e polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento, así como polas disposicións xerais en materia tributaria.

Artigo 35. *Feito impoñible*

1. Constitúe o feito impoñible do canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia das liñas eléctricas aéreas ou soterradas de evacuación da enerxía xerada nos parques eólicos mariños situados nas costas da Comunidade Autónoma de Galicia, pola parte que se estendan dentro do territorio da comunidade desde o seu soterramento ata a conexión na subestación correspondente.

2. Entenderase producido o feito impoñible aínda que a titularidade da infraestrutura necesaria para a evacuación non corresponda ao titular da autorización administrativa de explotación da liña ou ao titular da autorización administrativa de explotación dun parque eólico mariño.

Artigo 36. *Período impositivo e devindicación*

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.

2. A devindicación producirase na data de outorgamento da autorización de explotación das infraestruturas necesarias para a evacuación do parque eólico mariño e o primeiro día do ano natural nos sucesivos anos en que a autorización administrativa estea vixente, ata o seu desmantelamento e a restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.

3. Sen prexuízo do disposto no número 1, en casos de primeira instalación ou desmantelamento das infraestruturas necesarias para a evacuación do parque eólico mariño, o período impositivo entenderase polo período existente entre a devindicación e o derradeiro día do período impositivo, no primeiro caso, e entre a devindicación e a data de desmantelamento da liña, no segundo.



Artigo 37. *Obrigados tributarios*

1. Son suxeitos pasivos do canon das infraestruturas necesarias para a evacuación, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas ou as entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que, baixo calquera título, leven a cabo a súa explotación. Presumirase, salvo proba en contrario, que a explotación da liña a realiza a persoa ou a entidade que figure como persoa titular da correspondente autorización administrativa.

2. Son responsables solidarios:

a) As persoas titulares de autorizacións administrativas para as infraestruturas necesarias para a evacuación da enerxía xerada por un parque eólico mariño cando quen leve a cabo a súa explotación non coincida coa persoa titular da autorización.

b) As persoas titulares das infraestruturas necesarias para a evacuación da enerxía xerada por un parque eólico cando non coincidan coa persoa titular da explotación da liña nin coa persoa titular da autorización administrativa da liña.

c) As persoas que exploten o parque ou os parques eólicos mariños que empreguen a liña de evacuación, de non ser o suxeito pasivo.

Artigo 38. *Base imponible*

Constitúe a base imponible a extensión, expresada en quilómetros lineais, das infraestruturas necesarias para a evacuación situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde o soterramento ata a conexión na subestación correspondente. No caso de infraestruturas necesarias para a evacuación que se estendan máis alá do límite territorial da Comunidade Autónoma, a base imponible estará constituída pola suma dos quilómetros lineais que se estendan dentro do territorio galego. Para a determinación da base imponible teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devindicación. No caso de que a lonxitude da infraestrutura de evacuación varíe ao longo do período impositivo, a base imponible calcularase rateando por días o período de explotación dos quilómetros lineais da liña de evacuación respecto do total do número de días do ano natural.

Artigo 39. *Tipo de gravame e cota tributaria*

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base imponible dos seguintes tipos de gravame anuais:

a) En liñas soterradas de evacuación: 10.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

b) En liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión igual ou inferior a 30 kV: 22.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

c) En liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 30 kV e menor ou igual a 66 kV: 29.200 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.



d) En liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 66 kV e menor ou igual a 132 kV: 43.800 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

e) En liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 132 kV: 58.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

2. Durante o primeiro ano de explotación da liña e durante o último ano, os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.

3. A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 40. *Aplicación do canon*

1. A consellaría competente na materia de facenda aprobará as normas de aplicación do tributo.

2. O exercicio das funcións de aplicación e de revisión do canon, así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, corresponderán aos órganos ou ás unidades administrativas competentes da Administración tributaria da consellaría competente na materia de facenda, conforme a norma de organización da Administración tributaria.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, os órganos administrativos competentes nas materias de ambiente, enerxía e industria auxiliarán os órganos de aplicación deste tributo e colaborarán con eles, no marco das súas respectivas competencias, para a liquidación, comprobación e investigación do tributo, mediante a elaboración de informes, por petición destes, a expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do tributo e/ou a cesión informática dos datos sinalados, entre outras actuacións.

Artigo 41. *Presentación de declaracións e autoliquidacións*

1. Para os efectos de aplicación do canon, os suxeitos pasivos están obrigados a declarar inicialmente os datos, características e circunstancias necesarias para a cuantificación do tributo, así como as modificacións dos datos previamente declarados, nos prazos e lugar por medio dos modelos e de conformidade coas instrucións que estableza a consellaría competente na materia de facenda mediante orde. Así mesmo, estarán obrigados a presentar unha declaración de baixa, no suposto de desmantelamento da liña.

2. A Administración establecerá un rexistro obrigatorio, incluíndo as súas características, de liñas de evacuación de parques eólicos mariños. A estrutura, o contido e a sede do rexistro, así como os procedementos para a súa formación e mantemento, determinaranse mediante orde da consellaría competente na materia de facenda.

3. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación do canon, determinando a débeda tributaria correspondente, e ingresarán o seu importe na forma, prazos e lugar por medio dos modelos e de conformidade coas instrucións que estableza a consellaría competente na materia de facenda mediante orde.



4. A consellaría competente na materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e autoliquidacións do canon se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá exixir a obrigatoriedade da súa presentación e o aboamento mediante medios telemáticos.

Artigo 42. *Liquidacións provisionais*

Os órganos da Administración tributaria poderán ditar a liquidación provisional que proceda, de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 43. *Potestade sancionadora*

1. A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase conforme os seus principios reguladores en materia administrativa e as especialidades consideradas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e serán aplicables as disposicións xerais contidas nesta.

2. A clasificación das infraccións e sancións tributarias e o procedemento sancionador tributario rexeranse polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.

Artigo 44. *Revisión*

1. Os actos e as actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias, serán revisables de acordo coas disposicións contidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. O coñecemento das reclamacións económico-administrativas corresponderalles con exclusividade aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da vía contencioso-administrativa.

TÍTULO IV

Recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais

CAPÍTULO I

Actuacións para a recuperación integral

Artigo 45. *Recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais*

1. A consellaría competente na materia de prevención e extinción de incendios forestais promoverá a recuperación integral das zonas do territorio afectadas por incendios forestais de incidencia singular, con base nos seguintes principios:

a) A planificación transversal do espazo rural afectado delimitado polo seu perímetro natural, dando prioridade na dita planificación á prevención dos incendios forestais.

b) A determinación dos usos agroforestais óptimos para recuperar ou implantar na zona delimitada, promovendo unha ordenación do territorio que procure a consecución dunha paisaxe mosaico,



máis resiliente fronte aos incendios forestais. Para tal efecto, dotarase o ámbito territorial delimitado dun catálogo parcial de solos agropecuarios e forestais, conforme o previsto no artigo 31 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

c) A implantación prioritaria de paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión nos puntos do territorio que se determinen con criterios técnicos derivados da análise dos incendios acaecidos. Nesta implantación prestarase especial atención á protección dos núcleos de poboación.

d) O impulso da diversificación das masas forestais e da silvicultura preventiva no espazo forestal da zona afectada polo incendio forestal de carácter singular, no cal serán aplicables as medidas de restauración reguladas no artigo 64 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Para estes efectos, serán declaradas zonas prioritarias de actuación na materia de control da erosión e restauración hidrolóxico-forestal, conforme o previsto no artigo 65 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

e) A actuación sostida e constante durante o tempo necesario para asegurar a eficacia da recuperación proposta, que deberá incentivar a permanencia das actividades agrogandeiras e forestais propostas.

CAPÍTULO II

Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular

Artigo 46. Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular

1. Créase o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular como un fondo específico, de carácter finalista, destinado a financiar as actuacións de recuperación das zonas do territorio afectadas polos ditos incendios forestais.

2. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia declarar, mediante acordo, que incendio forestal é considerado como de incidencia singular e, polo tanto, pode determinar a aplicación deste fondo á recuperación da zona do territorio afectada polo dito incendio. O acordo adoptarase por proposta da persoa titular da consellaría competente na materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, logo do informe da persoa titular da dirección xeral competente nesa materia. Este informe emitirase atendendo a criterios técnicos relativos á intensidade ou á incidencia dos efectos provocados polo incendio forestal e, entre eles, a afección ás persoas e aos seus bens, a superficie ou o tipo de terreo afectado, os valores forestais ou ambientais afectados ou outras circunstancias técnicas motivadas.

3. O fondo financiarase con cargo ás asignacións que figuren nos orzamentos iniciais da Administración autonómica galega, coas achegas que procedan doutras administracións públicas, coas procedentes de doazóns e/ou con outras achegas do sector privado.

4. O Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular será xestionado pola consellaría competente na materia de prevención e extinción de incendios forestais. Os recursos asignados ao fondo e os seus rendementos ingresarán nunha conta



específica de titularidade da Xunta de Galicia e contará cunha contabilidade separada para cada unha das zonas afectadas polos ditos incendios forestais que sexan obxecto de recuperación.

5. Correspóndelle á consellaría competente na materia de prevención e extinción de incendios forestais determinar a tipoloxía de actuacións e as operacións concretas a que estará destinado o fondo, logo da proposta das persoas titulares dos centros directivos desa consellaría, nas materias da súa competencia, que se visen afectadas polo correspondente incendio.

6. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que o incendio forestal afecte elementos que correspondan a materias da competencia doutras consellarías, estas poderán propoñerlle á consellaría competente na materia de prevención e extinción de incendios forestais a aplicación do fondo para a recuperación dos ditos elementos danados polo incendio.

Artigo 47. Actuacións financiáveis mediante o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular

1. De acordo co establecido no artigo anterior, e de conformidade coa normativa vixente, a consellaría competente na materia de prevención e extinción de incendios de forestais poderá desenvolver, con cargo ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado polos Incendios Forestais de Incidencia Singular, entre outras, as seguintes actuacións:

a) Prestar servizos ou executar, en todo ou en parte, obras destinadas á recuperación dos terreos afectados polos incendios forestais, que poderán consistir na mellora dos terreos afectados con respecto á situación previa ao incendio forestal, coa finalidade de recuperar os recursos naturais daqueles e favorecer a súa explotación racional e mais previr a aparición ou propagación de futuros incendios. Estas actuacións poderán ser desenvolvidas directamente pola indicada consellaría, ou ben a través dos medios propios do sector público ou de entidades do sector privado, de acordo coa normativa de contratos do sector público.

b) Establecer liñas de axudas destinadas á restauración dos terreos afectados, incluíndo, entre outras actuacións, a limpeza, a posta en cultivo e as melloras, mesmo de carácter permanente, nos predios afectados, cuxas persoas beneficiarias poderán ser tanto as persoas titulares como as persoas arrendatarias deles. Estas actuacións poderán ser desenvolvidas directamente pola indicada consellaría ou a través das entidades colaboradoras, de acordo co previsto na normativa vixente na materia de subvencións.

c) Prestar apoio técnico e asesoramento ás persoas afectadas, dirixidos á recuperación dos terreos afectados.

d) Subscribir convenios coas entidades públicas ou privadas afectadas, de acordo coa normativa vixente, para facilitar a recuperación dos terreos afectados, así como con entidades financeiras para facilitar operacións financeiras ou o anticipo de subvencións dirixidas ás entidades afectadas.

e) Promover convenios con sociedades de garantía recíproca para apoiar os axentes produtivos que participen nas operacións de recuperación e que non contén por si mesmos coas garantías económicas suficientes.



2. De acordo co establecido no número 6 do artigo anterior, no caso de que as actuacións requiridas correspondan a materias da competencia doutras consellarías, estas serán as encargadas de desenvolver as actuacións da súa competencia, financiadas, de acordo coa dispoñibilidade máxima establecida para as ditas actuacións, pola persoa titular da consellaría competente na materia de prevención e extinción de incendios.

Artigo 48. Achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular

1. As achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular poderán consistir en doazóns e achegas irrevogables, puras e simples. Así mesmo, poderán formalizarse convenios de colaboración en actividades de interese xeral, de acordo coa regulación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. A contía mínima das achegas privadas ao fondo será de 100.000 euros.

2. As doazóns e os negocios regulados neste artigo someteranse ao dereito privado e terán a consideración de negocios patrimoniais excluídos da lexislación de contratos das administracións públicas, que se rexerán por esta disposición e pola lexislación patrimonial.

3. A competencia para aceptar as achegas corresponderalle á persoa titular da consellaría competente na materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, que poderá aprobar modelos de documentos ou convenios para formalizalas, así como campañas para fomentar as contribucións ao fondo, xerais ou específicas, para obxectivos concretos.

4. As achegas consideraranse legalmente afectas ás finalidades xerais do fondo, salvo que na doazón ou no negocio xurídico formalizado se precisase unha finalidade ou destino específico comprendido dentro das finalidades legais do fondo, ou un específico ao territorio afectado, caso en que as cantidades se considerarán legalmente afectas a estas finalidades e territorios concretos.

5. No caso de que a Administración autonómica non cumpra a condición legal establecida no número anterior, estará obrigada, por solicitude da persoa doante, á devolución das cantidades non aplicadas, cos seus xuros legais desde o momento do incumprimento.

6. En todo caso, e para os efectos das súas competencias, a Administración autonómica recoñecerá as achegas realizadas ao fondo como dirixidas a fins de interese xeral, vinculadas á recuperación dos territorios afectados polos incendios forestais, de asistencia social e promoción da acción social, de defensa do ambiente e de desenvolvemento do tecido produtivo agroforestal.

7. As achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular beneficiaranse dos incentivos fiscais ao mecenado regulados no título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, de acordo co disposto nela, e na demais normativa que resulte aplicable.



Artigo 49. *Comisións de seguimento do Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular*

1. Para fomentar a transparencia, participación e información das actuacións do fondo, así como a eficiencia na súa utilización, a consellaría competente na materia de prevención e extinción de incendios forestais, mediante resolución da súa persoa titular, creará unha comisión xeral de seguimento do fondo formada por persoas representantes do sector público e das entidades que, pertencendo ao sector privado, achegasen ao fondo unha contía superior á que se fixe mediante a dita resolución, así como, se é o caso, outras entidades privadas relacionadas co sector forestal ou coa protección ambiental.

2. A función desta comisión xeral de seguimento do fondo será a de analizar as necesidades xurdidas no ámbito territorial afectado polos incendios forestais de incidencia singular e elevar propostas á consellaría competente na materia de prevención e extinción de incendios forestais en relación coa xestión do fondo e coa súa aplicación, incluíndo o seu destino e a natureza das operacións que cómpre realizar.

3. Cos mesmos obxectivos e mediante o mesmo procedemento indicado no número 1, poderanse crear comisións territoriais de seguimento do fondo, específicas para cada zona afectada por incendios, que estarán formadas por persoas representantes do sector público e de entidades do sector privado que fixesen achegas ao fondo ou sexan representativas no ámbito territorial afectado.

4. A función das comisións territoriais previstas no número anterior será a de analizar as necesidades concretas do ámbito territorial afectado por cada incendio e elaborar propostas para a recuperación da dita zona, para a súa elevación á comisión xeral de seguimento do fondo.

5. Na composición da comisión xeral de seguimento e nas comisións territoriais, se é o caso, procurarase unha composición equilibrada muller-home.

TÍTULO V

Proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia

Artigo 50. *Fomento da implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables en áreas empresariais*

Os promotores públicos e privados de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia fomentarán, na planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais que promovan, a implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables, coa finalidade de favorecer o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministración de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.



Artigo 51. Normas de aplicación directa para as instalacións ou infraestruturas para produción de enerxías renovables en áreas empresariais

1. Admítase a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables, xa sexa en réxime de autoconsumo individual ou para autoconsumo colectivo ou de comunidades enerxéticas, e que teñan por finalidade o incremento da xeración distribuída e a conseguinte seguridade enerxética dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes espazos, entre outros:

a) Nas parcelas lucrativas, xa sexan de uso secundario ou terciario, así como nas dotacionais privadas ou públicas, nas súas zonas de recuamento e nos espazos libres de edificación. Non obstante, nas zonas de recuamento con parcelas lindeiras só se permitirán estas instalacións, agás acordo entre os donos das propiedades lindeiras, cando o interesado na súa implantación acredite a imposibilidade de acudir a outras alternativas que resulten menos gravosas para a propiedade da parcela lindeira.

b) Sobre as edificacións e outras construcións auxiliares.

2. Ademais dos espazos sinalados no punto anterior, cando as instalacións ou infraestruturas antes citadas estean destinadas ao uso colectivo ou de comunidades enerxéticas en réxime de autoconsumo, tamén se poderán implantar, motivadamente, nas zonas verdes e en espazos libres da área empresarial.

3. Para a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables nos espazos indicados nos puntos anteriores poderán, de ser o caso, constituírse dereitos de superficie e dereitos de voo, así como concesións administrativas cando se trate de bens de dominio público.

4. As ordenanzas dos parques empresariais na materia de alturas máximas, recuamentos, edificabilidade e outras similares serán interpretadas de xeito que favorezan a implantación das instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables. En todo caso, serán aplicables as seguintes determinacións, sen prexuízo doutras normas técnicas ou sectoriais que resulten aplicables:

a) Os elementos singulares das instalacións ou infraestruturas antes citadas poderán superar a altura máxima prevista nas ordenanzas.

b) As distancias mínimas na materia de recuamento computaranse desde a edificación principal, sen ter en conta as instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables implantadas na zona de recuamento ou nos espazos libres de edificación. Non obstante, nas zonas de recuamento con parcelas lindeiras só se poderán implantar estas instalacións, agás acordo entre os donos das propiedades lindeiras, cando o interesado na súa implantación acredite a imposibilidade de acudir a outras alternativas que resulten menos gravosas para a propiedade da parcela lindeira.

c) As citadas instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables non computarán para efectos de edificabilidade.



5. As normas contidas nos puntos anteriores serán aplicables sen prexuízo doutras de carácter técnico ou sectorial que resulten aplicables, de ser o caso.

6. As ordenanzas dos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio que se aproben a partir da entrada en vigor desta norma recollerán as determinacións previstas neste artigo.

7. Así mesmo, as determinacións contidas neste artigo prevalecerán sobre as ordenanzas dos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

8. Os instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio cuxa tramitación estiver iniciada antes da entrada en vigor desta lei manterán as determinacións previstas neles, sen prexuízo do previsto no número 7 deste artigo.

Artigo 52. *Autorizacións ou permisos administrativos*

Serán competencia da Administración municipal, soamente nos casos en que o exixa a normativa, as licenzas, as autorizacións ou os permisos necesarios para a implantación das instalacións ou infraestruturas de produción de enerxías renovables, tanto nas parcelas de propiedade privada como nas parcelas dotacionais, nas zonas verdes e nos espazos libres da área empresarial, todo iso sen prexuízo das demais autorizacións sectoriais ou técnicas que correspondan a outras administracións ou organismos, de ser o caso.

Artigo 53. *Reservas de espazos en áreas empresariais para a canalización de enerxías renovables*

Os instrumentos de ordenación do territorio e planeamento de áreas empresariais, así como os proxectos de urbanización destas, poderán reservar determinadas zonas de solo para o paso de canalizacións das redes de distribución de enerxías renovables, así como conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou a redes de subministración, sen prexuízo de que, motivadamente, poidan utilizarse para outros fins no caso de necesidade. Tamén poderán establecer servidumes forzosas ou limitacións do dominio nas zonas de recuamento das parcelas co fin de permitir o paso destas canalizacións.

Artigo 54. *Xestión de enerxías renovables destinadas a autoconsumo nas áreas empresariais*

1. As entidades de conservación, xestión e modernización de parques empresariais reguladas na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, as sociedades mercantís ou outras entidades que teñan por obxecto fomentar o autoconsumo con fontes renovables poderán formalizar acordos, convenios ou contratos cos promotores ou propietarios do parque empresarial, co concello e con outros organismos, co fin de implantar instalacións colectivas ou constituír comunidades enerxéticas destinadas á produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables para o uso das empresas localizadas no parque empresarial e, así mesmo, asumir a xestión das ditas instalacións, infraestruturas ou servizos.

2. Así mesmo, as entidades e sociedades antes citadas ou as comunidades enerxéticas que se constituán poderán formalizar acordos ou convenios cos concellos para posibilitar o uso do subsolo



de vías e outras zonas de dominio público para o paso de canalizacións das redes de distribución de enerxías renovables, así como conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou a redes de subministración, no marco da colaboración público-privada para a xestión destas enerxías.

Artigo 55. Declaración de utilidade pública e interese social

Para os efectos do previsto nos dous artigos anteriores, as instalacións ou infraestruturas colectivas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables destinadas ao uso das empresas implantadas nunha área empresarial, así como as súas redes, conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou redes de subministración, poderán ser cualificadas como infraestruturas de utilidade pública ou de interese social na resolución administrativa pola que se autoricen as ditas instalacións ou infraestruturas. Así mesmo, poderán ser cualificadas como equipamentos nos instrumentos de planeamento urbanístico ou territorial e nos proxectos de urbanización correspondentes.

Artigo 56. Incentivos nas condicións de alleamento de parcelas de solo empresarial do Instituto Galego da Vivenda e Solo e de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. para a implantación de enerxías renovables

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a entidade instrumental Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. establecerán incentivos nas súas bases de alleamento de parcelas de solo empresarial, co fin de favorecer a implantación de instalacións que contribúan ao autoconsumo ou ao uso de enerxías renovables por parte das empresas implantadas nos parques empresariais.

2. Así mesmo, as entidades antes citadas, na elaboración dos instrumentos de planeamento ou proxectos de urbanización de áreas empresariais, poderán analizar as posibilidades de uso da xeotermia nas parcelas de solo empresarial, co fin de que os seus compradores poidan coñecer esta posibilidade antes da súa adquisición.

TÍTULO VI Créditos de carbono

Artigo 57. Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia

1. A Xunta de Galicia fomentará o desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, co obxectivo de contribuír á protección do medio natural e ao desenvolvemento sustentable do territorio de Galicia, no marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica.

2. Aos proxectos e ás actividades que permitan reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro á atmosfera ou absorber carbono da atmosfera e formen parte do sistema creado mediante este artigo asignaráselles un valor en créditos de carbono polo valor correspondente ás toneladas equivalentes de dióxido de carbono reducidas, absorbidas e almacenadas, derivadas das ditas actuacións, e que poderán ser recoñecidos e comercializados de conformidade co previsto nesta lei.

3. De acordo cos obxectivos indicados no número 1, créase o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia, que servirá de nexa entre os operadores ou os grupos de operadores



que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados mediante o desenvolvemento dos seus proxectos e actividades, e os compensadores que, tamén de forma voluntaria, desexen adquirir ou utilizar créditos de carbono, ben sexa como intermediarios ou ben como axentes finais, para así compensar as súas emisións doutras actuacións. Para poderen participar neste sistema, os créditos de carbono deberán estar validados e recoñecidos, de acordo co establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

4. A operación do Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia desenvolverase regulamentariamente mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

5. Os elementos e as entidades que, como mínimo, formarán parte do Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia son os seguintes:

- a) Os proxectos de absorción de carbono ou redución da emisión de gases de efecto invernadoiro.
- b) A(s) metodoloxía(s) do sistema de certificación.
- c) A plataforma de créditos de carbono.
- d) O sistema de certificación dos proxectos e respectivos créditos.
- e) O conxunto de normas e procedementos asociados ao funcionamento do sistema.
- f) A Xunta de Galicia, como autoridade competente.
- g) Os axentes do sistema de carbono:
 - 1º. Os operadores ou os grupos de operadores.
 - 2º. Os compensadores que adquiren ou utilicen créditos de carbono.
 - 3º. Os organismos de certificación.

Artigo 58. *Proxectos e metodoloxías do sistema de certificación*

1. Os proxectos susceptibles de seren incorporados ao sistema voluntario previsto no artigo anterior serán aqueles que promovan as actividades da absorción de carbono ou redución da emisión de gases de efecto invernadoiro e para os cales se poidan cuantificar os créditos de carbono mediante metodoloxías aprobadas no marco deste sistema.

2. As metodoloxías indicadas no número anterior son un conxunto de criterios e orientacións, formalmente aprobados mediante o procedemento que se estableza no decreto a que fai referencia o número 4 do artigo anterior, e utilizados para os efectos do recoñecemento dos proxectos de absorción de carbono, así como da estimación obxectiva dos créditos que estes veñan xerar. Estas metodoloxías estarán aliñadas coa normativa comunitaria que se estableza nesta materia.



3. No ámbito do sector forestal, as metodoloxías aprobadas terán como obxectivo, entre outros, o impulso da xestión forestal sustentable e activa como ferramenta para acadar maiores cotas de carbono absorbido fronte a aqueles bosques exentos de xestión forestal.

4. As metodoloxías aprobadas poderán identificar créditos de carbono de carácter especial e diferenciado naqueles casos en que os proxectos incorporen significativos beneficios adicionais a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Os proxectos de carbono estarán suxeitos a un proceso de auditoría de certificación inicial realizada por un organismo certificador debidamente acreditado, de conformidade co desenvolvemento regulamentario desta lei e co resto da normativa aplicable. Do mesmo xeito, os proxectos serán obxecto de auditorías de renovación consonte os prazos estipulados na metodoloxía aplicable.

Artigo 59. *Plataforma de créditos de carbono*

As transaccións entre os axentes indicados no número 3 do artigo 57 estableceranse a través dunha plataforma de intercambio que recolla, entre outra información, a relativa aos proxectos de absorción e os créditos xerados e emitidos, así como o rastrexo dos créditos de carbono que garanta a transparencia do mercado e evite os riscos de dobre conta de emisións.

A plataforma deseñarase de xeito que sexa, na medida do posible, interoperable con outras plataformas, tanto a nivel autonómico como estatal e comunitario, e poida intercambiar información.

Artigo 60. *Comité técnico do Sistema voluntario de créditos de carbono*

1. Co fin de mellorar o desenvolvemento e a operación do Sistema voluntario de créditos de carbono, así como elevar propostas de aprobación ou revisión das metodoloxías do sistema de certificación, a Xunta de Galicia creará un comité técnico formado por persoas representantes das consellarías con competencias no desenvolvemento de proxectos susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro.

2. Poderán tamén formar parte deste comité persoas representantes doutras administracións públicas ou entidades do sector privado e organizacións sociais con relevancia no desenvolvemento deste tipo de proxectos, así como persoas expertas nesta materia.

3. Na composición deste comité técnico procurarase unha composición equilibrada muller-home.

Artigo 61. *Fomento da participación no Sistema voluntario de créditos de carbono*

1. Co fin de contribuír á transición cara á neutralidade carbónica, a Xunta de Galicia establecerá medidas de fomento da participación no Sistema voluntario de créditos de carbono.

2. De acordo co establecido no número anterior, as convocatorias de axudas que realice a Administración autonómica para o desenvolvemento de proxectos ou actividades que sexan



susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro poderán establecer criterios que teñan en conta os créditos de carbono xerados mediante as ditas actuacións e recoñecidos no marco do Sistema voluntario de créditos de carbono, así como a propia participación dos axentes no dito sistema.

3. Para os casos previstos no número anterior nos cales se inclúan os indicados criterios, gozarán dun tratamento especial os créditos de carbono asociados a proxectos e actividades cuxo desenvolvemento leve asociados beneficios adicionais a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos no punto 4 do artigo 58.

TÍTULO VII

Residuos biometanizables

Artigo 62. *Valorización integral de residuos biometanizables*

De acordo cos fins desta lei, e no ámbito das súas competencias, a Administración autonómica procurará a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, daqueles da titularidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., a través dos instrumentos previstos neste título.

Artigo 63. *Plans de biometanización dos residuos municipais de titularidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.*

1. Tendo en conta o alto potencial de biometanización dos residuos municipais, derivado da fracción de recollida selectiva de biorresiduos e da materia orgánica contida na denominada fracción resto, a sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. poderá desenvolver as seguintes accións:

a) Para a primeira fracción, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. poderá desenvolver un plan de biometanización de tal forma que se acade a optimización e maximización da súa valorización.

b) Para a materia contida na denominada fracción resto, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. poderá elaborar un plan de biometanización que deberá incluír, necesariamente, o destino final do material bioestabilizado resultante do proceso, que exclúa, de forma preferente, o seu depósito final en vertedoiro.

2. Nos casos previstos neste artigo o biogás obtido ou o seu valor deberá servir, en primeira instancia, para cumprir coa descarbonización dos procesos da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., co fin de acadar o obxectivo de que o consumo de enerxía necesario para as súas operacións sexa de orixe renovable.

Artigo 64. *Promoción de sistemas de valorización integral xunto con outros residuos*

1. A Administración autonómica promoverá accións dirixidas a aproveitar as potencialidades da valorización integral e conxunta dos residuos municipais e dos residuos procedentes das



actividades do sector agrogandeiro e das industrias agroalimentarias, coa finalidade de que o sector privado tamén contribúa ao desenvolvemento de sistemas de valorización integral e conxunta dos residuos xerados na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No marco das indicadas accións, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. poderá contratar a obtención de biometano a partir dos residuos con alto potencial de metanización, ou ben transmitir os citados residuos. En ambos os supostos poderán incluírse, como criterios de valoración das ofertas e/ou como condicións contractuais, ademais do prezo ofertado e do cumprimento dos obxectivos de reciclaxe ou reutilización establecidos na correspondente normativa europea, nacional e autonómica, criterios e consideracións ambientais relativos ao tratamento e á valorización conxunta dos residuos con destino á produción de biogás, xunto cos procedentes das actividades do sector agrogandeiro, das industrias agroalimentarias ou doutros sectores.

3. De acordo co indicado no número anterior, e coas finalidades recollidas no artigo 2 desta lei, poderán valorarse, en particular, os compromisos dos adquirentes dos residuos en relación co volume doutros recursos que se van recoller e valorizar e mais co ámbito territorial que comprenda esa recollida complementaria na comunidade autónoma, así como as condicións desta, incluídos os compromisos que os adquirentes asuman relativos aos prezos que deban satisfacer os terceiros que voluntariamente lles entreguen os outros residuos que se van valorizar, procurando que estes sexan os menos posibles, co obxecto de facilitarlles aos indicados terceiros o cumprimento das súas obrigas de xestión.

Disposición adicional primeira. *Instalacións de recarga de vehículos*

As infraestruturas de recarga eléctrica e de hidróxeno de vehículos, así como as extensións ou os reforzos necesarios na rede de distribución, gozarán dos mesmos efectos que os sinalados no artigo 18 para os proxectos declarados de especial interese público, social e económico.

Disposición adicional segunda. *Paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión*

Para os efectos desta lei, as paisaxes cortalumes e as áreas estratéxicas de xestión defínense como segue:

1. Paisaxe cortalumes: área delimitada con criterios técnicos creada co fin de xerar discontinuidades da biomasa que freen ou atenúen o avance dos incendios, a través dalgún dos seguintes instrumentos:

a) A creación de polígonos cortalumes, de conformidade coa regulación prevista na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) O impulso de agrupacións forestais de xestión conxunta que desenvolvan as súas actividades con criterios de prevención de incendios, especialmente pola diversificación das masas forestais ou pola plantación de especies arbóreas autóctonas.

c) O desenvolvemento da actividade agrogandeira ou a plantación de frondosas autóctonas ou árbores froiteiras nas redes de faixas de xestión da biomasa definidas na normativa na materia de incendios forestais.



d) A implantación de sistemas silvopastorís e de gandería en extensivo como actividades produtivas que actúen como técnica de xestión do combustible vexetal.

2. Áreas estratéxicas de xestión: áreas de actuación singularizada no territorio que permitan establecer e optimizar unha planificación espazotemporal de combustibles e de usos, actividades e infraestruturas que limiten a potencialidade do incendio, detectando oportunidades de extinción e anticipando unha estratexia de defensa eficaz e segura para grandes incendios forestais.

Disposición adicional terceira. *Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión de plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.*

1. Dentro do sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., de acordo co disposto na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, poñeranse en marcha varias plantas de produción de compost a partir da fracción orgánica dos residuos urbanos (en adiante, FORSU), coa finalidade de incrementar as porcentaxes de recuperación de materiais.

2. As devanditas plantas darán servizo a aqueles concellos máis próximos a elas ou ás plantas de transferencia que estean adaptadas á recollida específica da FORSU.

3. En garantía da sustentabilidade financeira das novas instalacións de xestión, fíxase un canon específico para o ano 2024 de 50 euros por tonelada de residuos entregados que cumpran os requisitos mínimos que fixará a consellaría competente na materia de residuos nas condicións de adhesión, máis o correspondente IVE. O devandito canon específico actualizarase a partir do exercicio 2024 no mes de xaneiro de cada ano, consonte a evolución do índice de prezos de consumo, e a súa contía actualizada publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Cando por circunstancias extraordinarias de alteración da sustentabilidade económica do sistema for necesario revisar a contía do canon específico por tonelada de residuos FORSU, este será establecido pola consellaría competente na materia de residuos, logo do informe favorable da consellaría de facenda, da tal xeito que non exceda os custos totais que xere o tratamento dos residuos FORSU.

Para estes efectos, o órgano de administración da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., tras os estudos pertinentes nos que se xustifiquen os custos asociados ás operacións de tratamento, procederá á aprobación dunha proposta de canon específico e dos seus mecanismos obxectivos de revisión, que se remitirá para a súa aprobación á consellaría.

A aprobación do canon por tonelada entregada da FORSU, así como a súa revisión, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

5. A xestión, a liquidación e o cobro do canon por tonelada entregada da FORSU corresponderán á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., que deberá expedir mensualmente as facturas correspondentes ás entidades locais, e estas deberán aboalas nos termos previstos na Lei 3/2004,



do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

6. A adhesión ao sistema de xestión institucional da FORSU será voluntaria para as entidades locais no marco do disposto na lexislación de residuos e no Plan de xestión de residuos urbanos e efectuarase mediante negocio xurídico-administrativo, que será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., como xestora do sistema. A consellaría competente na materia de residuos, para asegurar o funcionamento do sistema, logo da proposta da sociedade pública, fixará as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema e aprobará o modelo para a formalización da adhesión. Despois de se publicaren as condicións de adhesión no *Diario Oficial de Galicia*, os negocios xurídicos que nese momento estean subscritos polas entidades locais conforme o modelo publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 11, do 18 de xaneiro de 2018, para a planta de Cerceda (A Coruña), entenderase que continúan en vigor, pero modificados e adaptados, se é o caso, ás novas condicións que puiden ter o novo modelo publicado. Establécese un prazo de dous meses desde a indicada publicación como período de desistencia no caso de que as entidades non estean de acordo coas novas condicións, e deberán remitir á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. dentro do dito prazo o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo cal se desiste do negocio xurídico subscrito.

7. En garantía da sustentabilidade financeira do sistema, entre as condicións para a adhesión figurará a dun tempo mínimo de adhesión que permita realizar as previsións oportunas en canto ao volume de residuos que se van tratar e a de que, no caso de impago das cantidades que corresponda aboar ás entidades locais en concepto de tratamento da FORSU, estas terán a consideración de vencidas, líquidas e exixibles para efectos do seu aboamento con cargo ao Fondo de Cooperación Local, por instancia da sociedade pública, mediante acordo de retención ditado polo órgano encargado do Fondo de Cooperación Local de acordo co establecido na regulación deste. As cantidades retidas serán obxecto de entrega á sociedade pública.

Cando o obrigado ao pago for unha mancomunidade de municipios, os concellos integrantes serán responsables solidarios, na parte que corresponda segundo a súa porcentaxe de participación na correspondente mancomunidade, das débedas xeradas ao xestor institucional do sistema polo impago do canon específico por tonelada de residuos FORSU.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia*

Engádesse unha disposición adicional décima á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactada como segue:



«Disposición adicional décima

Sen prexuízo do establecido no primeiro parágrafo do apartado 1 do artigo 35, poderán convocarse de xeito individualizado en cada provincia concursos relativos a recursos considerados como materias primas fundamentais ou minerais críticos nos plans e programas europeos, estatais ou autonómicos.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación ambiental, queda modificada como segue:

Un. O número 3 do artigo 27 queda redactado como segue:

«Artigo 27. *Réxime de autorizacións administrativas*

3. A tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación deberá solicitarse conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico.»

Dous. Engádense os números 3, 4 e 5 á disposición adicional terceira, que quedan redactados como segue:

«3. Para iniciar a tramitación do expediente dunha infraestrutura de evacuación será requisito necesario que o parque eólico dispoña de permiso de acceso e conexión. O final da infraestrutura de evacuación ten que coincidir co punto de conexión do parque ou con outra infraestrutura de evacuación doutros parques eólicos que estea en tramitación, autorizada ou en servizo, para garantir que o trazado da liña proposto sexa viable tecnicamente e produza o menor impacto posible sobre o territorio.

4. Como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas infraestruturas de evacuación cunha lonxitude de máis de 15 km, agás que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas.

5. Para evitar a duplicidade de infraestruturas de evacuación de diferentes parques eólicos ou entre as novas propostas de evacuación e a rede de distribución e transporte existente ou planificada, sempre que sexa posible, deberase utilizar a rede existente, xa sexa de transporte, distribución ou evacuación titularidade doutros promotores eólicos que teña capacidade suficiente de evacuación ou que sexa posible o seu reforzo ou repotenciación. Para iso poderá facerse uso do establecido no artigo 54.2 da Lei 24/2013, do sector eléctrico.

Os promotores deberán solicitar a repotenciación da rede de distribución ou transporte existente e intentar chegar a acordos cos titulares doutras infraestruturas de evacuación, ou xustificar a imposibilidade de facelo, antes de propoñeren un trazado novo.»

Tres. Modifícase o número 2 da disposición transitoria sétima, que queda redactado como segue:



«2. Para os proxectos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables unicamente no caso de modificacións substanciais de proxectos solicitadas a partir da entrada en vigor da indicada lei que, por supoñeren efectos ambientais distintos dos previstos inicialmente, requiran o inicio dunha nova tramitación ambiental.

Quedan exceptuadas da regra establecida no parágrafo anterior as modificacións substanciais que se indican a seguir, nas que a distancia mínima a núcleos rurais, urbanos e urbanizables delimitados será de 500 metros:

- a) As modificacións substanciais que veñan impostas por un informe sectorial.
- b) As modificacións substanciais derivadas do uso compartido de infraestruturas de conexión comúns que non supoñan cambios nas posicións dos aeroxeradores.
- c) As modificacións que se consideren substanciais por supoñeren unha redución de máis do 10 % da potencia autorizada no proxecto e que consistan na redución do número dos aeroxeradores proxectados, sempre que non supoñan cambios na posición dos restantes.»

Catro. Modifícase o parágrafo segundo da disposición transitoria oitava, que queda redactado como segue:

«Non obstante, non se procederá ao arquivamento de proxectos admitidos a trámite cando estes, aínda non dispoñendo de permisos de acceso e conexión no referido prazo, soliciten en calquera momento anterior á declaración de arquivamento a súa tramitación baixo a modalidade de autoconsumo sen excedentes, e sempre e cando o proxecto de autoconsumo estea vinculado cun proxecto industrial estratéxico e ademais as liñas directas cumpran cos condicionantes de lonxitude máxima e ratio de lonxitude por megawatt fixados na disposición adicional terceira desta lei. De igual forma, as novas solicitudes de proxectos que cumpran tales requisitos serán incluídas no rexistro eólico. En todo caso, e excepto para as instalacións suxeitas á modalidade de autoconsumo sen excedentes, a autorización administrativa de instalacións de xeración non poderá ser outorgada se o seu titular non obtivo previamente os permisos de acceso e conexión ás redes de transporte ou distribución correspondentes e os demais que requira a lexislación básica aplicable.»

Cinco. Engádese unha nova disposición transitoria novena, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria novena. *Réxime transitorio de tramitación de parques eólicos anteriores á entrada en vigor da Lei.../...., do...de..... de....., de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia*

1. As solicitudes de tramitación de infraestruturas de evacuación para parques eólicos que fosen admitidas a trámite antes da entrada en vigor da Lei ../..., do .. de de, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, rexeranse polo establecido na normativa anterior.

2. As infraestruturas de evacuación correspondentes a parques eólicos resoltos desfavorablemente ou arquivados como consecuencia dunha declaración de impacto ambiental



desfavorable ou por desistencia do promotor serán arquivadas, agás que no prazo de tres meses desde a notificación ao promotor de que se vai proceder ao arquivamento este acredite que a infraestrutura de evacuación evacúa a enerxía dalgún proxecto de enerxía renovable en tramitación ou autorizado.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*

O Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, queda modificado como segue:

Un. Engádese un novo número vinte e un ao artigo 5 , que queda redactado como segue:

«Vinte e un. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen determinados proxectos declarados de especial interese público, social ou económico.

Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o 20 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais, como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, daquelas entidades que teñan por obxecto social exclusivo a realización de proxectos que sexan declarados de especial interese público, social ou económico, aos cales se refiren os artigos 17 e 20 da Lei ../..., do .. de de..., de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. A porcentaxe de dedución prevista nesta epígrafe aplicárase sobre unha base máxima de 10.000 € para cada entidade, con independencia de que o investimento se realice nun ou en varios períodos impositivos.

Esta dedución é incompatible con calquera outra prevista neste artigo e que resulte aplicable polo mesmo investimento en capital.»

Dous. Engádese un novo número doce ao artigo 17, que queda redactado como segue:

«Doce. Dedución aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables en áreas empresariais.

Aplicárase unha dedución do 100 % da cota do imposto que poida devindicarse como consecuencia da constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables, en réxime de autoconsumo individual, e que teñan por finalidade a subministración de enerxía ás empresas localizadas dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como destas no seu conxunto.

Enténdese por enerxías renovables aquelas ás cales se refire a Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables.»



Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, queda modificada como segue:

Engádese unha alínea e) no artigo 50 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que queda redactada como segue:

«e) Infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos eléctricos que, segundo a normativa básica estatal, requiran autorización administrativa para a posta en funcionamento.»

Disposición derradeira cuarta bis.

A Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, queda modificada como segue:

Engádese unha nova disposición adicional décimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. Referencias normativas

As referencias feitas nesta lei ao Instituto Galego da Vivenda e Solo entenderanse realizadas á consellaría competente en materia de solo empresarial.»

Disposición derradeira cuarta ter.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) publicará de xeito periódico en formato accesible datos e información sobre a situación e evolución das enerxías renovables en Galicia.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario desta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Ramón Tomás Fernández Alfonso
Secretario da Comisión

V. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión



Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

- 4254 (12/PL-000001)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

BOPG nº 27, do 21.05.2024

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 11557).

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 11555).

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de setembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 10642 (12/PRE-002474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre a situación dos produtores de leite galegos respecto da industria transformadora no actual contexto de crise de prezos e as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego co fin de que a industria transformadora xere maior valor engadido en Galicia

- 10657 (12/PRE-002475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 3 máis

Sobre os axustes que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia nas ensinanzas de formación profesional (FP) para implantar as principais reformas incluídas na nova normativa estatal

- 10664 (12/PRE-002476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a proposta europea de despezamento de barcos pesqueiros, as políticas que vai defender no ámbito da pesca e as actuacións que prevé poñer en marcha para concretalas

- 10690 (12/PRE-002477)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a situación das frota do cerco e de artes menores en Galicia, as medidas da Xunta de Galicia para evitar o seu amarre e a valoración que fai no referido ao sistema de repartición das cotas de pesca da sardiña

- 10703 (12/PRE-002478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre o impacto que podería ter a implantación dun vertedoiro no espazo da antiga canteira Pedra Facha, en Val do Dubra, as medidas previstas para evitar a contaminación e a eventual desautorización do proxecto por parte da Xunta de Galicia

- 10732 (12/PRE-002479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o estado do paseo inclusivo promovido pola Xunta de Galicia en Río Caldo, Lobios, para persoas con problemas de mobilidade, o seu deseño final e os prazos para o remate da obra

- 10739 (12/PRE-002480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a asunción por parte do Goberno galego en 2024 das recomendacións do Consello de Contas relativas á asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

- 10745 (12/PRE-002481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o eventual cumprimento en 2024 por parte do Goberno galego das recomendacións do último informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas realizado polo Consello de Contas, así como os compromisos que pensa adquirir para a mellora da transparencia deste servizo e das súas entidades dependentes

- 10751 (12/PRE-002482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne ao incremento do financiamento das universidades públicas galegas e a valoración das opinións expresadas polos reitores respecto desta materia



- 10771 (12/PRE-002483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as dificultades na constitución de brigadas municipais de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, o seu período anual de actividade e as medidas que prevé destinar o Goberno galego a facilitar a súa formación

- 10782 (12/PRE-002484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 4 máis

Sobre a suficiencia das actuais medidas e recursos fronte á gripe aviar, a existencia de estudos relativos ao alcance económico dun eventual pechamento de fronteiras e o sistema de indemnizacións aplicado nos casos detectados

- 10790 (12/PRE-002485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre a transparencia referida ao prego de condicións do contrato de concesión do servizo de ITV, o nivel das tarifas aboadas na inspección e a eventual mediación da Xunta de Galicia no conflito laboral xurdido na empresa concesionaria

- 10822 (12/PRE-002486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego logo da anulación da autorización da actividade na mina de Penouta, en Viana do Bolo, a procura de alternativas industriais na zona e a aprobación dun plan mineiro de Galicia con criterios de sensibilidade ambiental

- 10830 (12/PRE-002487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre o problema da dispersión da poboación en Galicia no deseño da prestación dalgúns servizos sanitarios, a eventual creación dun centro público de diálise na Estrada e as medidas para a mellora do transporte destes pacientes

- 10844 (12/PRE-002488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as medidas que desenvolve o Goberno galego para garantir a carga de traballo na industria auxiliar da automoción, as ferramentas contra a deslocalización neste sector e o seguimento da eficacia das axudas públicas para estes obxectivos

- 10849 (12/PRE-002489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre a actitude do Goberno galego ante o informe elaborado polo Consello da Cultura Galega en relación co proxecto de Altri en Palas de Rei e respecto das propias funcións de asesoramento en materia cultural que desenvolve este órgano

- 10857 (12/PRE-002490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a idoneidade do nivel de participación da Xunta de Galicia na sociedade Recursos de Galicia, a participación do resto de socios privados, o control da sociedade por parte do Consello de Contas e a vía de participación nela de concellos e deputacións

- 10863 (12/PRE-002491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a necesidade de liberar os stocks das adegas da Ribeira Sacra e garantir a vendima, a planificación do sector cara ao futuro e as accións de promoción e apertura de novos mercados

- 10868 (12/PRE-002492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da publicación na páxina web do Igape do proxecto subvencionado ao Real Club Celta de Vigo en 2023 e os criterios exixidos para a súa concesión, así como a relación dos integrantes do órgano avaliador e o sistema de avaliación

- 10870 (12/PRE-002493)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 4 máis

Sobre os criterios informativos adoptados pola CRTVG en relación co informe do Consello da Cultura Galega relativo á implantación do complexo de Altri en Palas de Rei

- 10878 (12/PRE-002494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido á mellora económica, dotación profesional, financiamento e colaboración coas entidades locais para consolidar a Rede galega de centros de información á muller (CIM)

- 10910 (12/PRE-002495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para elaborar un censo mineiro, así como para planificar e actualizar todos os dereitos mineiros en Galicia susceptibles de investigación ou explotación

- 10916 (12/PRE-002496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a ordenación territorial das zonas susceptibles de explotación mineira, e especialmente as protexidas pola Rede Natura, coa finalidade de avaliar, con carácter previo ao outorgamento de permisos, os efectos medioambientais adversos

- 10925 (12/PRE-002497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as razóns que fundamentan o convenio coa Fundación San Rosendo, anunciado o 9 de setembro, destinado a un determinado programa de turismo termal, os procedementos seguidos, o papel da área termal e sanitaria e os mecanismos de avaliación

- 10934 (12/PRE-002498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as políticas que leva a cabo o Goberno galego contra pobreza, a eventual recuperación da Tarxeta Básica, a previsión de novas medidas e a incidencia en Galicia do ingreso mínimo vital

- 10944 (12/PRE-002499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre o grao de cumprimento do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o nivel de execución da reprogramación e a decisión de construír un novo edificio para acoller o Hospital Materno-Infantil

- 10955 (12/PRE-002500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o tempo que teñen os informes que aconsellan á Xunta de Galicia a demolición do actual edificio do Hospital Materno-Infantil de Ourense, as medidas que vai impulsar nas novas instalacións e o orzamento previsto

- 10964 (12/PRE-002501)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a eventualidade de recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico e de igualar en 2025 a achega do Goberno central ao bono social eléctrico

- 10968 (12/PRE-002502)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego ante a posibilidade de negociar bilateralmente co Goberno central unha redución da débeda, o seu criterio respecto da estratexia do presidente do Partido Popular e as fórmulas para abordar o descenso de recursos extraordinarios para 2025



- 10974 (12/PRE-002503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a xestión e os custos do tratamento seguido cos residuos plásticos procedentes do cargueiro *Toconao* e recollidos na costa galega en decembro de 2023

- 10980 (12/PRE-002504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o número de incendios forestais producidos nos últimos tempos no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, as medidas de colaboración co Goberno portugués para combatelos e as dirixidas a converter o parque nun motor económico da comarca

- 10984 (12/PRE-002505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis

Sobre a eficiencia da Oficina Económica de Galicia dada a súa actividade e a evolución do tecido empresarial galego, a posible redundancia de funcións coa Oficina de Coordinación Económica e as demais medidas do Goberno galego para reverter a evolución do índice de produción industrial

- 10992 (12/PRE-002506)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a celeridade da Consellería de Sanidade na tramitación das solicitudes de eutanasia

- 10994 (12/PRE-002507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 4 máis

Sobre o seguimento por parte da Xunta de Galicia da praga da avespa velutina, o seu comportamento en 2024, os fondos que dedicou a investigación nesta materia nos últimos anos e as técnicas postas en práctica para controlar a súa expansión

- 11000 (12/PRE-002508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da falta de estudos epidemiolóxicos respecto do impacto da produción de celulosa na saúde humana, as razóns de non impulsar aínda investigacións neste sentido considerando as plantas existentes en Galicia e as previsións de control da contaminación no caso de materializarse o proxecto de Altri en Palas de Rei

- 11011 (12/PRE-002509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a transparencia na información relativa ás listaxes de espera no Sergas, os datos referidos aos programas da Xunta de Galicia para reducilas, os seus resultados e as derivacións de cirurxías e probas diagnósticas a centros privados



- 11014 (12/PRE-002510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a autorización á exdirectora da Axencia Galega de Innovación para prestar servizos nunha empresa privada relacionada con expedientes vinculados ao exercicio do seu cargo na devandita axencia

- 11018 (12/PRE-002511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o número de vivendas de promoción pública que foron entregadas e as que foron licitadas, nas súas distintas fases, no marco do programa Rexurbe nos anos 2022 e 2023

- 11020 (12/PRE-002512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o orzamento executado en 2023 nas distintas liñas que constituían a Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida, así como a valoración que fai o Goberno galego respecto das necesidades de investimento nesta materia

- 11023 (12/PRE-002513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o número de vivendas de promoción pública impulsadas polo IGVS entregadas en 2022 e 2023 e cales foron, así como as anualidades de licitación dos contratos para a redacción dos seus proxectos

- 11025 (12/PRE-002514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as vivendas de promoción pública que foron licitadas para a redacción de proxecto e dirección de obras en 2022 e 2023, as que xa foron adxudicadas e entregadas desde 2022 e as licitadas para obras de construción en 2022 e 2023

- 11061 (12/PRE-002515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a eventual asignación por parte da Xunta de Galicia dun novo docente especialista en Audición e Linguaxe e doutro coidador no CPI Cernadas de Castro, de Lousame

- 11067 (12/PRE-002516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Insua Lema, Óscar

Sobre as razóns da ausencia de mulleres nas xornadas anunciadas para o 19 de setembro e organizadas co obxectivo de presentar os estudos promovidos polo Goberno galego relativos á planta local galega



- 11075 (12/PRE-002517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o cumprimento das condicións laborais dos traballadores das empresas e UTE concesionarias das liñas de transporte que son competencia da Xunta de Galicia, así como respecto do seu seguimento e das consecuencias que derivan dos posibles incumprimentos

- 11080 (12/PRE-002518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a eventual asignación dun docente especialista en Pedagogía Terapéutica ao IES A Cachada, pertencente ao concello de Boiro

- 11091 (12/PRE-002519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación no CEIP de San Clodio, pertencente ao concello de Ribas de Sil, respecto da cobertura docente, os acordos que a Xunta de Galicia tiña cos mestres para este curso académico e as súas previsións de mellora

- 11103 (12/PRE-002520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia ante a chegada de biosoportos e outros residuos plásticos ás costas do sur da ría de Arousa

- 11107 (12/PRE-002521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia e as medidas concretas que ten previsto adoptar en diante verbo da atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres

- 11115 (12/PRE-002522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a repercusión do incremento do canon de Sogama, as políticas previstas polo Goberno galego en materia de residuos urbanos e o impulso da redución e reciclaxe

- 11122 (12/PRE-002523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento no IES Agra de Leborís, da Larcha, das ratios acordadas cos sindicatos canto á distribución do alumnado por aula

- 11127 (12/PRE-002524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento no CEIP Plurilingüe Vila de Cee das ratios acordadas cos sindicatos canto ao número de alumnado por aula

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11557
Data envío: 19/09/2024 15:12:29.382

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas, presentadas ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, agás as aprobadas ou transaccionadas (12/PL-000001, doc. núm. 4254)

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/09/2024 15:11:32

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38790

@PSdeG



CSV: B6P1S1R0D9t6Q2M1g8C3-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
Fgp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara MANTÉN, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia [12/PL-000001 (doc. núm. 4254)]**, que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2024 14:07:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández e Luís Bará Torres deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a crise de prezos do leite galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A variabilidade dos prezos do leite galego é unha constante que se perpetúa no sector, constituíndo unha lacra que envolve o noso produto e, por ende, aos nosos gandeiros e gandeiras, que xa producen máis de 4 de cada 10 litros de leite do estado español. Aínda sendo unha actividade económica punteira en canto a instalacións e animais, cunhas entregas que se foron elevando a pesares do progresivo peche de granxas por falla de relevo xeracional nos últimos anos e unhas condicións de traballo e de rendibilidade empresarial que deixaron aos produtores en situacións moi precarias en varias ocasións do pasado recente, ser competitivos no que aos prezos se refire é complexo e ten cunha compoñente que non depende directamente nin do produtor nin do seu produto.

As industrias lácteas, conscientes da grande calidade da nosa materia prima, teñen en Galiza un importante nicho de negocio motivado, entre outros factores pola baixa remuneración que os nosos gandeiros e gandeiras reciben decote, moi por debaixo dos prezos do resto do estado español feito que, en termos de calidade e cantidade do leite que aportamos ao mercado estatal, é dificilmente xustificable por parte do MAPA e da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese diferencial de prezo reside a viabilidade do sector lácteo galego, que se enfronta novamente dende febreiro do 2023, a baixadas constantes do percibido polo produto, acadando este verán cifras insostibles nas granxas do país, mentres no resto de España e Europa o litro se vende máis caro que no noso territorio, amparado pola alza de prezos da manteiga, que está a acadar máximos históricos e do leite en po ou o soro, que seguen esa mesma estela.

A necesidade de reducir e eliminar dito diferencial, que na Galiza leva ao sector contra as cordas, non pode ser invisibilizado á mantenta, xa que entre mans temos un problema que, de non ser atallado, será a fin de moitas explotacións galegas pola mingua do seu rendemento económico, co que iso supón para a continuidade do rural e a súa supervivencia, ademais de para a o propio país, no que significa o 1,7 % do PIB, aínda que ascende moito máis se contabilizamos as actividades asociadas á gandería de leite. Esta fenda do prezo é claramente visible en CCAA coma a veciña Asturias, na que durante o 2023 se pagou un 6,59% máis caro de media que en Galiza, xa que a súa empresa máis potente Central Lechera Asturiana é a que mellor remunera aos seus gandeiros do conxunto do estado.

Derivadas da actual crise de prezos do leite que sufrimos en Galiza de maneira xeralizada, na Consellería de Medio Rural, comezaron as xestións e reunións cos distintos compoñentes do sector, que até o de agora tiveron escasos efectos nos contratos firmados, e que se basearon en apelar á industria transformadora a frear a baixada de prezos, baseando as medidas previstas na súa boa vontade e non nunha intención real e un plan efectivo creado para os sector leiteiro en particular.

No marco destes encontros atopamos a recente entrevista da conselleira María José Gómez co director xeral de CAPSA no pasado mes de agosto, onde a representante da Xunta de Galiza lle manifestou o seu interese pola entrada de socios galegos no grupo Central Lechera Asturiana, nun intento insuficiente de afrontar a situación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

crise de prezos no conxunto das ganderías do país por parte do goberno, tratándose dun parche para unha pequena parte das explotacións galegas que conviven de xeito permanente co diferencial de prezos. Este caso particular énos útil para poñer como exemplo dunha actitude moi xeneralizada da macroindustria transformadora láctea que se abastece do noso produto historicamente e o seu modo de operar. Hai que salientar que, tras a xuntanza, fontes do propio grupo aclararon que a entrada destes gandeiros galegos é un proxecto de futuro que non está planeado de xeito inmediato, aínda que o consideran na súa folla de ruta.

Ao abeiro destes pactos de futuro, o imprescindible debера ser garantir dende a administración, ademais da recollida, a desaparición do diferencial de prezos que os gandeiros e gandeiras galegas están a sufrir por parte da transformadora e a firma de contratos con duracións mínimas que fomenten a estabilidade do sector, eliminando a sensación de inseguridade que impera agora mesmo no noso país por este motivo. Se tomamos datos estatais, en Galiza, máis do 83% dos contratos de leite que se firman teñen duracións de 3 a 6 meses, co que isto implica a pe de campo na evolución do sector.

CLAS (Central Lechera Asturiana) fai recollidas en 800 granxas dentro da súa comunidade, mais o peche de explotacións dedicadas á produción leiteira propiciou a súa saída a mercar fóra das súas fronteiras, momento no que entrou en xogo o noso país, que actúa compensando esa falla de entregas. É tanto así que, en Asturias, pechan de 8 a 10 granxas produtoras mensualmente de xeito que, dos 6500 socios actuais de CLAS, só están activos en canto a entregas aproximadamente un 12%. Dita falla de subministro foise agravando cos anos como evidencian datos de 2016, no que eran 1300, en 2020 no que xa descenderan a 1100 os produtores asturianos e as cifras actuais, que non auguran cambios que poidan chegar a reverter esta tendencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Seguindo co exemplo da industria asturiana pola que se interesou a Consellería de Medio Rural, a facturación do Grupo Central Lechera Asturiana SAT, que integran as firmas, ASA, Aseragro, CLAS Gestión e Biogastur, superou o ano pasado os 1054 millóns de euros, incrementando deste xeito un 8,4% con respecto ao período anterior, cun beneficio neto de 26,3 millóns de euros, consolidándose coma un grupo forte a nivel estatal, con grande influencia no sector. O seu último movemento dentro de Galiza por exemplo, a través de CAPSA, foi a adquisición do 40% da empresa Innolact SL, que produce distintos tipos de queixo en Castro de Rei baixo a marca Quescrem.

CAPSA engloba tanto a Larsa, ATO, Vega de Oro, Lácteas Flor de Burgos e Innova Ingredientes ente outros, coma a CLAS, que controla o 81,53% das súas participacións e é quen recolle en Galiza, a través de LARSA, o leite de 900 granxas. Estas non se benefician dos mesmos prezos que os gandeiros asturianos, que reciben actualmente 5 céntimos por litro máis que os galegos de xeito que, aqueles que subministran a LARSA no noso país, non ven o diferencial positivo no seu produto a pesar de o leite ter o mesmo destino e ir á mesma industria. O prezo base en Central Lechera Asturiana oscila nos 42 céntimos por litro na súa CCAA de orixe, ao que se lle engade un complemento chamado “reparto de valor”, que é o que suma os cinco céntimos de diferenza e ao que se lle agrega a maiores o pago por trazabilidade, que pode chegar aos 2,25 céntimos e para o cal as granxas deben cumprir unha serie de requisitos. A estes complementos hai que engadirlle as primas por cantidade que, calculadas segundo cifras da campaña anterior, de 2023, se moven entre 0,5 e 1,5 céntimos, dende os produtores de máis de 250000 aos de mais de 1 millón de litros anuais, beneficiando coma de costume aos de maior volume de entregas.

No tocante a LARSA, os contratos actuais son a prezo fixo e van desescalando en consonancia co tamaño da explotación, primando o volume de entrega, como é habitual na maioría das industrias transformadoras. Até o de agora, esta empresa presentaba unha parte do contrato na que o prezo era fixo e supoñía o 70% da entrega,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fronte ao 30% restante que se cinguía ao valor variable vinculado co prezo da manteiga no momento dado, indexación da que están a prescindir actualmente. Este feito de fixar o total do prezo, amparado legalmente nos dous casos, coincide coa alza nos produtos derivados e que eran, especialmente a manteiga, quen establecían a parte variable. Ao prezo base, LARSA, súmalle a prima por cantidade e calidade hixiénico-sanitaria, de elevada esixencia, e a de pastoreo no caso das explotacións en extensivo, influíndo menos no prezo final ambas as dúas últimas.

A pesar deste movemento por parte do goberno galego, que empra a unha parte da industria a futuros acordos, a baixada de prezos actual continúa a abafar aos produtores galegos sen verse resolta, coa ausencia de medidas efectivas e xerais para paliar as consecuencias económicas derivadas da crise no momento crítico actual por parte da Consellería de Medio Rural.

O goberno galego, na creación dun marco protector para o sector lácteo galego ten, presuntamente, dúas ferramentas chave para evitar as flutuacións extremas de prezos e os seus diferenciais. Unha delas é o paquete lácteo e outra, a máis destacada por propios cargos da Xunta de Galiza a colación deste asunto, a Lei de Medidas para Mellorar o Funcionamento da Cadea Alimentaria. Ambas as dúas deberían traer ao sector trazabilidade e transparencia nas transaccións comerciais a través da firma de contratos, facultando deste xeito á administración pública para exercer a vixilancia e o control nestas transaccións.

A través destes contratos, que no seu inicio eran rexeitados polo partido do actual goberno, lembrando as negociacións para a homologación de contratos na época onde Suárez Canal era conselleiro, obrígase a que as relacións comerciais entre as distintas partes da cadea do leite queden perfectamente establecidas antes de que o produto se entregue, sendo as dúas partes coñecedoras das súas obrigas, recolléndose no RD 95/2009 do 1 de marzo que todos os elementos destes deben ser libremente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negociados e que a duración destes debe ser de un ano como mínimo. De non cumprirse a norma e detectárense abusos provocados por unha situación de dominancia nun dos elos da cadea ao respecto do outro, a Xunta de Galiza debería tomar cartas no asunto e aplicar as sancións correspondentes citadas na lei, sen permitir baixadas de prezos por debaixo dos prezos de custo e vixiando os contratos para detectar incidencias no que se refire ao diferencial de prezos con respecto a outros territorios do estado que non sexan debidamente xustificadas ou se consideren documentalmente abusivos. No caso de existiren diferenzas significativas entre produtores por razóns de orixe do produto, cargos do goberno comprometéronse recentemente a trasladar os debidos expedientes á Comisión Galega de Competencia ou no seu caso á CNMC.

En resumo, a produción láctea galega, a máis alta do estado español, deixa un valor engadido menor ao que debera no país en beneficio de outros. Malia sermos grandes produtores (xa superamos o 40 % do leite producido no total do estado), a industria transformadora láctea situada en Galiza supón un 10% da presente na totalidade do estado, derivando diso unha incapacidade manifesta de xerar un maior volume de produtos elaborados. O acento, polo tanto, debe poñerse non tanto na cantidade de leite producida, senón nos beneficios que este leite lle aporta ao país e que agora mesmo foxen por falla de transformación galega, de xeito que non temos capacidade abonda para que o noso produto xere valor engadido dentro das nosas fronteiras. A aposta decidida pola industria transformadora galega, así coma o cumprimento estrito da Cadea de Valor do Leite serían dous piares precisos nos que poñer o foco dende o goberno da Xunta, apostando por un sector chave a nivel económico, social e territorial, evitando como problema de fondo, o baleirado do rural galego, xa nunha fonda crise demográfica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Consellería de Medio rural que existe equilibrio negociador á hora de firmar os contratos no sector lácteo entre industria transformadora e produtores e que ambas partes acceden con total liberdade á súa firma?
2. Considera a Xunta de Galiza que os contratos ofrecidos por parte da industria transformadora na actualidade, cunha duración menor a 6 meses, cumpren a legalidade ao abeiro do RD 95/2019 do 1 de marzo? Que medidas se están tomando ao respecto por parte da administración se é que era consciente da problemática?
3. Poderían tipificarse, baixo unha ollada obxectiva da administración, nalgúns casos as firmas destes contratos nos que un dos elos da cadea ten unha posición de privilexio dentro dun “abuso de situación de dependencia económica”? Se o considera así, que se está facendo por parte da administración e do goberno da Xunta para evitar estas situacións?
4. Que medidas aplicou a Consellería de Medio Rural a raíz de que a propia Comisión Galega da Competencia amose dúbidas sobre o equilibrio negociador dos contratos entre industria e produtores?
5. Que medidas xerais se están a desenvolver para afrontar a actual crise de prezos que afecta ás explotacións gandeiras do país e para darlle un pulo á industria transformadora de capital galego que xere valor engadido en Galiza?
6. Que explicación se obtivo derivada da reunión co director xeral de CAPSA para que o leite galego non goce do complemento chamado “reparto de valor” cando o leite é usado por parte da mesma industria de ser interpelado nese senso?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Cal é o motivo de que os gandeiros galegos perciban un 6,59 % menos que os gandeiros asturianos polo mesmo produto no 2023, se parte do leite que procesa o grupo CLAS provén de granxas galegas?

8. Que medidas prevé a Xunta de Galiza para levar a cabo ao respecto de ser o país onde menor é o prezo do leite dentro do Estado Español e onde os contratos son de menor duración segundo datos recentes do propio MAPA?

9. Detectou a Xunta de Galiza a existencia de contratos de leite onde se firman prezos por debaixo do custo de produción? Se é así, que medidas se están a tomar?

10. Detectou a Xunta de Galiza contratos onde os prezos do leite galego teñen un diferencial cos do leite doutros territorios do estado sen motivos xustificados ou mesmo que teñen o mesmo destino final? Se é así, que medidas se están a tomar?

11. Prevé a Xunta de Galiza enviar os correspondentes informes sobre os casos de diferenciais de prezos do leite galego segundo territorio, sobre o incumprimento da normativa que esixe unha duración mínima de contratos ou sobre a produción por debaixo dos prezos de custo a Comisión Galega da Competencia ou a CNMC?

12. Prevé a Xunta de Galiza solicitar que os casos de “abuso por situación de dependencia económica” volvan ser responsabilidade das autoridades de Competencia en lugar do Tribunal de Xustiza, para salvagardar o anonimato do denunciante?

13. Considera a Consellería de Medio Rural que a entrada de socios galegos no grupo CLAS/CAPSA solucionará a situación de crise xeral de prezos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de setembro 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/09/2024 09:23:34

Sonia Vidal Lamas na data 06/09/2024 09:23:44

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/09/2024 09:23:58

Secundino Fernández Fernández na data 06/09/2024 09:24:15

Luis Bará Torres na data 06/09/2024 09:24:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a implementación da reforma da Lei de Formación Profesional en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes de setembro comeza a implantación das principais reformas incluídas na *Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional* e no *Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional* (BOE do 22 de xullo do 2023).

Concretamente, desde o 19 de xullo do pasado ano -data da entrada en vigor do referido Real Decreto 659/2023- até as Resolucións da Dirección Xeral de Formación Profesional (en adiante, FP), publicadas no DOG este 22 de xullo, o goberno do Estado e a Xunta de Galiza, mantiveron ao profesorado destas ensinanzas totalmente desinformado no tocante ao procedemento a seguir para a aplicación en Galiza da antedita normativa.

Con efecto; trátase de dúas resolucións emanadas da citada Dirección Xeral de FP, do 10 de xullo de 2024 -publicadas o día 22 de dito mes- e que conteñen -respectivamente- as *instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25*, así como aquelas relativas *ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante todo o ano reinou un total e absoluto desleixo, incluída a nula vontade para convocar unha Mesa Sectorial, imprescindible para resolver acaidamente os problemas derivados da aplicación desta nova normativa, até que estivo todo decidido e, practicamente pechado. O resultado vén sendo o que cabería esperar: o empeoramento da calidade da FP, como consecuencia da diminución do tempo destinado polos centros educativos aos módulos profesionais; por mor da introdución do sistema dual en todos os ciclos, así como polo incremento da privatización, ao abrirse a porta á contratación docente externa.

Así mesmo, o goberno do Estado e a Xunta de Galiza tampouco foron quen de prever con antelación, licenzas por formación e outras medidas acaídas coa finalidade de facilitar ao profesorado a preparación de contidos e materiais dos novos módulos a implantar ao longo do vindeiro curso. Polo contrario, trasládase ao ámbito privado e para o último momento, o artellamento de tales medidas necesarias.

O curso 24/25 será outro exemplo de experimentación absoluta coa FP, como xa aconteceu noutras ocasións coas sucesivas reformas normativas, pero esta vez de forma totalmente caótica, que provocará, ademais, un empeoramento na calidade da oferta formativa nos graos D e E.

Malia que na FP, os cambios van ser moitos e moi significativos, centrémonos naqueles relacionados coa aparición de novos módulos como os seguintes:

- *Itinerario persoal para a empregabilidade,*
- *Inglés Profesional e*
- *Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo,*

No tocante ao primeiro deles (IP) os contidos son basicamente os de Formación e Orientación Laboral (FOL) que, inxustificadamente, desaparece. O módulo relativo á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sustentabilidade toma contido propio cando se estaba impartindo na súa totalidade de xeito transversal no resto dos módulos, conforme o ditado en toda a normativa existente nesta materia. É incomprensíbel.

Máis grave aínda é a decisión da Xunta de elevar o horario do módulo de Inglés Profesional a 120 horas (fixado no currículo estatal en 50 horas para ciclos medios e Superiores). A previsión normativa prevé que neste vindeiro curso que se abre, implantarase en todos os ciclos o módulo de primeiro curso con 60 h. Estas decisións, tomadas pola Consellaría de Educación, supoñen restarlle horario aos módulos profesionais e minguar a calidade educativa, característica principal desta ensinanza no noso País.

As familias profesionais que precisaban o Inglés para o desenvolvemento laboral xa teñen este idioma incorporado ao currículo, mais, na maior parte delas, a lingua inglesa, non achegará ningunha mellora no seu ámbito -agás se o que se pretende é formar profesionais para emigrar-. Cómpre lembrar que se hai alumnado interesado en ampliar a súa formación en idiomas estranxeiros pode facelo a partir dos 14 ou 16 anos nas Escolas Oficiais de Idiomas que deben potenciarse e estenderse por todo o País. Non se pode empregar a FP para esta finalidade.

Por outra banda, se observamos detidamente o reparto horario do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais I na FP Básica, podemos comparar as horas asignadas ao Inglés (59 h) coas asignadas ao galego e o castelán (88 h para as dúas, é dicir 44 h para o galego e 44 para o castelán). Non parece moi conforme coa normalización lingüística preceptuada pola lei do mesmo nome para o noso país, así como coa debida protección da lingua propia de Galiza, conforme o noso Estatuto de Autonomía. Desde logo, tampouco semella unha medida minimamente equitativa, á vista dos indicadores de uso do idioma galego e a clara asimetría existente entre o galego e o castelán. Onde está a igualdade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para maior abastanza, cabe recordar a aprobación da chamada Lei Paz Andrade (*Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*), aprobada por unanimidade por este Parlamento e de nula implantación, na práctica. Nese sentido, a FP constitúe unha oportunidade máis para a aplicación desta lei ao concernir a unha realidade que nunha boa parte de eidos e sectores profesionais deviría o uso do portugués de meirande utilidade, por mor da nosa vinculación social e mercantil co país veciño.

Por outro lado, queda pendente de incorporar o novo módulo de *Dixitalización aplicada aos sectores produtivos*, destinado ao 2º curso dos ciclos, e que parece razoable que se incluíra cos de 1º para poder aproveitar ese coñecemento ao longo de todo o Ciclo Formativo e para non restarlle tanta carga horaria aos módulos profesionais dese curso.

As horas fixadas pola Xunta de Galiza para a *Formación na Empresa* terá como consecuencia directa a impartición de parte de contidos actualmente comunicados dentro do centro de ensino, deberán adquirirse na empresa e para iso deberá ser a figura da Titoría dual de centro -e da titoría dual da empresa- as que fagan ese seguimento. Todas e todos sabemos que isto non vai ser posible en moitos dos casos por distintas razóns: falta de persoal formado e con horario dispoñible; empresas pequenas que non dispoñen de tempo nin do persoal suficiente para dedicarllo ao alumnado en prácticas; ausencia de liberación horaria clara para a busca de empresas (cando menos para quen exerza a titoría en 1º curso), etc.

Tendo en conta as dificultades de atopar titores/as nas empresas e as reclamacións e presión realizada por toda a comunidade educativa e os sindicatos, orixinou que a Consellaría decidira a non obrigatoriedade das horas de formación na empresa (en 1º curso tanto de FP Básica, como de Ciclos Medios e Superiores). Por que,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entón, mantén a carga horaria de 80 h e de 200 h para esta formación nos anteditos niveis educativos, cando asume que non se vai realizar?

Pola contra, nos Cursos de Especialización, que precisamente son os Máster da FP, onde sería interesante esta formación práctica, non se amplía a formación en empresa ao respecto do establecido nos Decretos de ordenación dos títulos.

De cara ao futuro, a Consellaría de Educación debe dialogar e chegar a solucións consensuadas, tanto co profesorado como coa súa representación sindical, sobre o Decreto de ordenación da FP na Galiza, así como coa distribución horaria da Formación na Empresa dos graos D e E.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Vai a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP implementar o novo módulo de Inglés Profesional II só naqueles CF onde sexa necesario para a relación profesional habitual ou para mellorar a empregabilidade no sector/es afectado/s? Vai, a devandita Consellaría favorecer que o alumnado que o precise poida cursar esta lingua mediante outras vías, non restando horario aos módulos profesionais?

2.- Vai reconsiderar a distribución horaria dentro da FP Básica que acaba de determinar para este curso no módulo de Comunicación e Sociedade de xeito que teñan maior peso as linguas cooficiais, nomeadamente o galego, que o inglés?

3.- Vai reducir as horas da Formación na Empresa para intentar manter, na medida do posible, a carga horaria do resto de módulos específicos dos CF?

4.- Vai a Consellaría fornecer formación sobre os módulos novos a todo o profesorado afectado de cara ao novo curso escolar, mediante cursos, xornadas...? E vai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

facilitar a Consellaría licenzas e liberación horaria ao profesorado que se encargue da súa impartición?

5.- Vai a Consellaría de Educación optar por recursos públicos para esta formación ou deixará (como fixo no caso do módulo de Sustentabilidade), a formación en mans de entidades privadas, como a Fundación Naturgy?

Santiago de Compostela, 6 de setembro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 06/09/2024 12:22:33

Iria Taibo Corsanego na data 06/09/2024 12:22:44

Mercedes Queixas Zas na data 06/09/2024 12:22:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 06/09/2024 12:23:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á proposta da comisión europea de emprazar aos estados membros ao despezamento de barcos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea vén de multiplicar a súa aposta para continuar co seu guión de desmantelamento da pesca galega, avanzando un paso máis ao emprazar aos Estados membros a despezar parte das frotas pesqueiras na primeira sesión da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo.

As chamadas ao despezamento de buques veñen despois de moitas outras medidas como, entre outras, os recortes de cotas pesqueiras, as vedas ditadas en 87 áreas que supuxeron un duro golpe na actividade da pesca galega, o incremento dos prezos dos combustíbeis e as lesivas e continuas políticas comunitarias que foron complicando a subsistencia do sector pesqueiro, sen desbotar a redución do consumo de peixe, os efectos do cambio climático na produtividade pesqueira ou a falta de medidas para paliar a remuda xeracional.

Dende o BNG levamos anos advertindo das negativas consecuencias das políticas da UE na nosa pesca, con medidas que basicamente foron reducindo a actividade pesqueira e dificultando o desenvolvemento do sector, en lugar de promover





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as frotas artesanais, características de Galiza, que dinamizan as localidades costeiras, asentan poboación e son as máis sustentábeis.

Neste contexto de crise constante, o último que se necesita son medidas encamiñadas a darlle a estocada final a un sector básico no noso país, que dá de comer a miles de familias de xeito directo e indirecto.

É evidente que o obxectivo da UE é incentivar a acuicultura intensiva e o complexo industrial ao seu arredor, rematando cunha forma tradicional de actividade que en Galiza caracterízase por formas de pesca artesanais, máis sustentábeis e que conviven en equilibrio cos ecosistemas mariños. Precisamente o que non é sustentábel é, por exemplo, a promoción de instalacións de enormes aeróxeradores de eólica mariña na nosa costa e que terán un impacto nos ecosistemas mariños e na produtividade pesqueira. Algo que a UE, o Goberno do Estado e a propia Xunta non só obvian senón que defenden entusiasticamente sen ter en conta as súas afeccións á viabilidade futura da nosa pesca. A sustentabilidade é un todo, non son compartimentos estancos e é totalmente contradictorio alegar a sustentabilidade na pesca para fechar caladoiros e mandar despezar buques mentres se anima a encher de aeroxeneradores a costa galega.

Con todo, hai que lembrar á UE que a biomasa de especies pesqueiras como o xurelo ou a sardiña estanse a recuperar, un síntoma de que non é preciso ir a medidas drásticas e extremas como as que se propoñen ou a vedas masivas como as que ditou.

O sector pesqueiro galego fixo un sacrificio enorme nestes últimos anos. Galiza é o territorio que máis frota e tripulantes perdeu dende 1986. Consideramos que o camiño non é o do despezo de barcos senón que hai que adoptar medidas para acabar coa discriminación da frota galega, eliminar o Principio de Estabilidade Relativa, recoñecer a condición de Galiza como territorio altamente dependente da pesca, facer estudos rigorosos sobre a situación dos stocks e das biomásas de especies pesqueiras en lugar de acordar vedas unilaterais ou de permitir no mar instalacións totalmente alleas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao coidado dos recursos e á viabilidade do sector pesqueiro. En definitiva, cremos que os distintos gobernos deben traballar nesta liña, destinar recursos e adoptar medidas para reforzar as froas pesqueiras e non para destruílas e desmantelalas.

O impulso dos despezos por parte da UE non é a solución, é outro paso para proceder á destrución dun sector fundamental para a economía galega.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que posición ten o Goberno galego diante da proposta da UE de animar a despezar froas pesqueiras no canto de propor medidas para protexelas e reforzalas? Comparte esta drástica posición que apunta cara o desmantelamento da nosa pesca?

. Que medidas vai adoptar para evitar a destrución do sector pesqueiro galego?

. Ten previsto aprobar políticas encamiñadas a reforzar o sector, garantir a súa viabilidade futura e permitirlle vivir da actividade pesqueira? Nomeadamente cales?

. Comparte que é necesario que a UE debe traballar pola eliminación do Principio de Estabilidade Relativa, tan discriminatorio para a pesca galega? Que actuacións levou a cabo para dar cumprimento aos acordos unánimes que o Parlamento galego ten tomado nese sentido?

. Vai reclamar á UE estudos serios e rigorosos sobre a situación dos stocks das distintas especies pesqueiras para evitar feches de caladoiros que non se sosteñen en informes científicos?

. Ten planificado reunirse co sector pesqueiro galego para abordar os problemas e as posíbeis solucións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Comparte que o noso país é altamente dependente da pesca, que constitúe unha forma de vida tradicional e unha actividade que dinamiza e asenta poboación nas localidades costeiras? Que actuacións levou a cabo para dar cumprimento aos acordos unánimes tomados polo Parlamento galego neste sentido?

. Que posición vai defender de cara ao vindeiro reparto de cotas pesqueiras na UE? Comparte que a mellora das biomásas de especies debería redundar na mellora das cotas pesqueiras para Galiza?

Santiago de Compostela, 6 de setembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/09/2024 13:50:41

Carmela González Iglesias na data 06/09/2024 13:50:52

Daniel Castro García na data 06/09/2024 13:51:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 06/09/2024 13:51:17

Paulo Ríos Santomé na data 06/09/2024 13:51:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación da frota galega do cerco e de artes menores diante da falta de cota de sardiña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cerco galego ten vivido graves crises nas últimas décadas, mais a situación que sofre actualmente tampouco é de menor gravidade e a frota está nun punto moi comprometido, arrastrando a escaseza das principais especies peláxicas nos últimos anos, enfrontando custos imposíbeis de cubrir por mor das cada vez menores cotas asignadas e aturando prezos en orixe á baixa en moitas ocasións.

A isto hai que engadir a errática actuación das administracións, que amosan, por acción ou por omisión, un desinterese inconcibíbel de cara ao sector primario e á pesca como subministradora de alimentos e como sostén da economía de comarcas enteiras do noso país.

Así, por exemplo, despois de que o ano 2022 tivera a cifra máis baixa de vendas de xurelo da última década (só 15.800 Tn.), no 2023 o Ministerio e Pesca estableceu un paro biolóxico que deixou fóra aos arrastreiros e ás artes menores e que aplicou unhas condicións totalmente cicateiras para o cerco máis dependente do xurelo. Mais nin así, o MAPA foi quen de aboar, a día de hoxe, as cantidades que lle correspondían aos afectados, segundo eles mesmos denuncian.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As distintas administración tampouco teñen en conta os principios xerais polos que se rexe a actividade pesqueira, entre os que figuran a sostibilidade económica e o fomento do emprego, ou a función social da pesca, ditando medidas para apoiar a súa importancia na sostibilidade ambiental, económica e social e a súa contribución á soberanía alimentaria. Ou, por exemplo, considerando o establecido pola sentenza do 11 de xaneiro deste ano, do Tribunal de Xustiza da UE, que reconece claramente a importancia de atender as cuestións sociais e económicas e non só as medioambientais á hora da fixación das cotas nas distintas especies porque, do contrario, poderíase contribuír á paralización da frota.

E isto é, precisamente o que está a ocorrer no caso do cerco galego. No ano 2023 houbo un brutal recorte do xurelo do Cantábrico e Noroeste (un 95% respecto ao ano anterior, pasando de 70.000 Tn. no 2022 a 3.200 en 2023 e unicamente para a pesca accidental). É evidente que, ademais do cerco, as artes menores viron tamén moi minguada a súa actividade e só puideron desembarcar 30 quilos de xurelo por barco á semana.

Sobre o impacto dos millóns de euros que tiveron esas limitacións, neste 2024, e tamén para o 2025 segundo o prognóstico do ICES, mantense o TAC de apenas 2.000 Tn. na zona 8c.

Por outra banda, as capturas de xarda continúan en descenso dende hai tres anos e a campaña do bocarte xa pechou en agosto de Fisterra para o norte, todos eles motivos decisivos para unha dependencia moito maior da sardiña, tanto no caso do cerco como das artes menores.

Unha especie, a sardiña, que, malia recuperación da biomasa, que está por enriba do límite recomendado para garantir a súa supervivencia, só garante no 2024 no Cantábrico e Noroeste un total de 8.317 Tn., 11.000 menos que no 2023 e que, após o malogrado intento de intercambio de cota con Portugal, está a poñer nunha situación moi delicada á frota, que xa tiña esgotado a súa cota en agosto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta conxuntura, nas últimas semanas fíxose máis evidente que nunca:

1. A urxencia de que se leven a cabo estudos que amosen a verdadeira situación non só dos stocks de sardiña, senón tamén do xurelo, da xarda e do bocarte para un rigoroso establecemento do TAC en cada caso e, como consecuencia, para unha maior planificación do sector que permita a súa viabilidade a longo prazo

2. O desigual reparto de cota de sardiña entre España e Portugal, que asigna o 33% á primeira, cun total de máis de 300 cerqueiros (uns 150 en Galiza) e o 67% ao segundo, con 110 barcos censados no 2022

3. A necesidade imperiosa da revisión da regra de explotación incorporada no plan de xestión da sardiña elaborada entre os dous Estados, tal e como xa foi feito público polas autoridades do MAPA no mes de abril, que permitiría poder aumentar as posibilidades de pesca no 2025

4. A desequilibrada e inxusta distribución que fai o Estado entre as distintas zonas e que obriga sistematicamente ao cerco galego a mercar cota na zona 9ª, de Fisterra ao Golfo de Cádiz, e a deixar á frota de artes menores sen posibilidades de pesca.

Tendo en conta que neste ano ao Cantábrico e Noroeste correspondéronlle 8.130 Tn. de sardiña para máis de 200 cerqueiros de Galiza (150), Asturias, Cantabria e Euskadi e ao Golfo de Cádiz, con 76 barcos, 6.340 Tn., o Estado debería facer outro tipo de reparto e aumentar a cota de quen ten máis frota, máis tripulantes e quen máis pesca.

Neste momento, de querer seguir pescando sardiña, os barcos galegos do cerco teñen, necesariamente, que mercar cota aos armadores do Golfo de Cádiz que, a diferenza de Galiza ou de Euskadi, xestionan de xeito individual e poden transferila (na práctica, vendela) a outras frotas, o que abre a porta á especulación dun ben público por parte de particulares.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo ACERGA, a asociación maioritaria do cerco galego, só a súa entidade merca cada ano 4.000 Tn. de cota do Golfo de Cádiz.

5. A perda de eficacia e utilidade da “bolsa común” que, existindo xa para a xarda ou o xurelo, púxose por primeira vez en funcionamento para a sardiña no 2023 para optimizar a súa xestión. Mais, as cotas que se venden xa non pasan a formar parte deste mecanismo que se convoca no mes de outubro e, polo tanto, só se podería repartir o excedente do sur que non se teña consumido pola propia frota do Golfo de Cádiz e que tampouco se vendera ao Cantábrico e Noroeste.

No caso deste ano, onde a frota galega esgotou a súa cota en agosto, con máis antelación que noutros anos, puidérase dar o caso de que ao chegar outubro non haxa sardiña que incorporar á bolsa común. É dicir, poderían mercar toda a cota sobrante do Golfo de Cádiz antes de ter acceso a ela no reparto gratuíto do MAPA co agravante, ademais, de que quedarían excluídos da bolsa todos aqueles buques máis pequenos que non tiveran posibilidade de compra.

En definitiva, unha xestión manifestamente mellorábel por parte das administracións competentes que deberían ter como obxectivo a potenciación, e non a destrución, dunha frota sustentábel e que xera miles de postos de traballo directos e indirectos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da situación que están a vivir as frotas do cerco e de artes menores de Galiza diante da falta de cota de sardiña?

. Que medidas ten levado e vai levar a cabo para evitar o seu amarre e a perda de postos de traballo que xa se está a producir?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións puxo en marcha para coñecer a situación real dos stocks de sardiña, xurelo, xarda e bocarte?

. Que medidas vén tomando para poñer en valor a calidade dos produtos pesqueiros galegos que permitan manter uns prezos rendíbeis en orixe aos seus produtores?

. Que valoración fai do acordo entre o Estado español e o portugués para o reparto da sardiña ibérica? No caso de non ser positiva, que actuacións levou ou está a levar a cabo para que se poida modificar e resultar máis equitativo?

. Que valoración fai do reparto entre as distintas zonas da cota de sardiña correspondente ao Estado español? Levou ou está a levar a cabo algunha medida para procurar que non resulte discriminatoria coa frota galega?

. Considera que o actual sistema de transferencia de cotas debe ser eliminado? No caso de ser así, desenvolveu ou vai desenvolver algunha acción para que se elimine?

. De cara ao reparto de cotas das distintas especies para 2025, vai levar a cabo actuacións destinadas a que se teña en conta a sentenza do TXUE do pasado 11 de xaneiro?

Santiago de Compostela, 9 de setembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/09/2024 09:59:33

Carmela González Iglesias na data 09/09/2024 09:59:58

Daniel Castro García na data 09/09/2024 10:00:11

Daniel Pérez López na data 09/09/2024 10:00:27

Paulo Ríos Santomé na data 09/09/2024 10:00:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luís Bará Torres e Xosé Manuel Golpe Acuña, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o proxecto de vertedoiro en Niveiro, en Val do Dubra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A canteira Pedra Facha, situada na parroquia de Niveiro, en Val do Dubra, púxose en funcionamento no ano 1980 ocupando 89.000 m³ e prolongouse a actividade extractiva na mesma ata comezos deste novo século. Este espazo natural, totalmente alterado despois da actividade mineira, reintegrouse na natureza após o peche da canteira coa aparición de vexetación e fauna que ocupou o espazo baleiro. Neste lugar poden verse raposos, lobos e diferentes aves, sen descartar anfibios, quirópteros e odonatos, así como flora de especial interese pola súa rareza.

Mais a veciñanza de Niveiro está a asistir a unha nova ameaza, ante a intención de implantar un vertedoiro na antiga canteira de Pedra Facha, o que suporía graves impactos no territorio tanto a nivel paisaxístico, como medioambiental e económico. Algunhas destas afectacións serían a perda de calidade do aire debido á recolección, transporte e depósito do lixo, con malos cheiros e emisión de gases contaminantes, a contaminación de augas superficiais e do solo, a destrución do terreo circundante e do medio natural existente nese lugar, e por suposto, a perda do valor paisaxístico da contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A contaminación da auga e os solos pode supor un detrimento da calidade dos cultivos e a perda de valor do terreo próximo, tanto no concello do Val do Dubra coma no veciño de Trazo, e o deterioro de estradas e camiños polo paso de camións de gran tonelaxe. Neste monte nace un dos afluentes do río Dubra, co risco de contaminación fluvial que suporía, podendo chegar a afectar ao Tambre.

A parroquia de Niveiro consta de 9 núcleos de poboación, nos que están censadas 300 persoas. Ademais, próxima a esta antiga canteira, atópase a cooperativa de Niveiro, con preto de 200 cabezas de gando vacún que tamén sufrirían o impacto do vertedoiro. Ademais, isto nunha comarca que xa vén padecendo a presenza de vertedoiros, como é o caso do vertedoiro do Miramontes.

Mostra da preocupación que esperta o anuncio de creación deste vertedoiro son as múltiples mobilizacións que foron tendo lugar nos últimos meses, onde a veciñanza mostrou claramente o seu rexeitamento a ter un vertedoiro en Niveiro.

A situación a nivel global require de políticas valentes que aposten polo coidado medioambiental e que deixen atrás maneiras de funcionar que se teñen demostrado claramente gravosas para o ser humano e para o planeta.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego do impacto que tería a creación dun vertedoiro en Niveiro?
- Que opinión lle merecen as consecuencias que tería ese vertedoiro sobre a saúde humana e animal? E as consecuencias ambientais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cales son as medidas para evitar a contaminación do solo e das augas subterráneas e superficiais?

– Ten previsto desautorizar o goberno galego a implantación dun vertedoiro en Niveiro?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Luís Bará Torres

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/09/2024 11:34:57

Luis Bará Torres na data 09/09/2024 11:35:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 09/09/2024 11:35:17





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 12:27:37
Nº Rexistro: 10732
Data envío: 09/09/2024 12:27:37.961

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En abril do ano 2024, desde o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Lobios, denunciábase o despropósito na execución das obras dun paseo inclusivo na *parroquia de Ríocaldo*.

A Xunta de Galicia contou cun orzamento de 105.000 euros, financiado con fondos europeos, para a construción dun sendeiro inclusivo na parroquia de Riocaldo no municipio de Lobios para as persoas con problemas de accesibilidade, pero calquera pode comprobar que isto non é así e, nun anaco del, hai unha corga que cruza o seu percorrido e, en troques de facer un pequeno pontillón ou atopar algunha solución para salvar o devandito regato, colocaron unhas pedras para que a xente pasase por riba delas.

E non é o único lugar polo que pasa o sendeiro onde hai risco para os usuarios, xa que pasa á beira do chamado *Río Caldo* e hai zonas inundables.

Houbo unha gran falla de planificación e previsión por parte do Goberno galego e, máis aínda, ao supostamente ter o obxectivo de ser un paseo adaptado e acondicionado para persoas con problemas de accesibilidade. Tamén se publicitou como que ía ser un sendeiro circular, cousa que non aconteceu.

Por outra banda, o sendeiro está incompleto, ao final só se axeitou pouco máis de 1 quilómetro, deixando sen rematar e sen acondicionar a maior parte do treito, o que deixa unha imaxe de desleixo e abandono.





Tamén cómpre engadir que se empregou formigón na execución das obras, o que consideramos que é inadmisíble e que está totalmente fóra de lugar polo contexto no que se atopa este viario: mergullado na área de influencia dun parque natural e reserva da biosfera transfronteiriza como é o *Xurés-Gerês* e pasando a carón dun xacemento arqueolóxico como é o *Aquis Ogeresibus*.

En conclusión, estamos ante outro exemplo de mala praxe, de falla de planificación e de obviar as pautas precisas en sendas accesíbles para potenciar o turismo de natureza. A Xunta de Galicia investiu unha cantidade para nada desprezable de cartos nun proxecto que non cumpre con ningún dos seus obxectivos nin é un sendeiro accesíble, moito menos para persoas con problemas de mobilidade; nin é circular; nin está rematado. O proxecto ten moitas eivas e deficiencias; e tampouco está integrado na contorna natural, medioambiental e privilexiada na que se atopa.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Pensa o Goberno galego a arranxar as deficiencias de accesibilidade do paseo inclusivo promovido pola Xunta de Galicia na parroquia de Riocaldo, no municipio de Lobios?
2. Cando vai realizar as obras que arranxen estas deficiencias?
3. Vai o Goberno galego rematar o paseo inclusivo ou, pola contra, o vai deixar inacabado?
4. Cumpriran coa promesa de realizar un paseo circular?

Parlamento de Galicia, 9 de setembro de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 12:27:37
Nº Rexistro: 10732
Data envío: 09/09/2024 12:27:37.961

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/09/2024 12:25:02

Lara Méndez López na data 09/09/2024 12:25:11

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38825

@PSdeG



CSV: BGPSJTRBQCKKEMWg23\$-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 12:57:15
Nº Rexistro: 10739
Data envío: 09/09/2024 12:57:15.251

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

No informe de fiscalización do Consello de Contas do exercicio 2022 da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, a fiscalización do Consello de Contas amosan un total descontrol.

Nos datos publicados polo Ministerio de Sanidade (Catálogo Nacional de Hospitais 2022), na Comunidade Autónoma de Galicia existían un total de 19 hospitais privados cun total de 2.173 camas, sendo o seu índice de ocupación do 55 % en 2021.

Ao mesmo tempo, os 14 centros públicos da rede asistencial do Sergas contaban con 7.279 camas (o 77 % do total da comunidade autónoma), sendo o seu índice de ocupación en 2021 do 71 %.

Na área fiscalizada as camas dos hospitais privados representan o 8 % do total, repartido en dúas entidades, o Centro Médico El Carmen e COSAGA. Os centros públicos acaparan o maior número de altas e estancias.

Na actividade cirúrxica estes son predominantes en cirurxía con ingreso (64 % do total) e en cirurxía maior ambulatoria (en adiante CMA) (72 %) en tanto que na cirurxía menor existe certo equilibrio, con tendencia temporal a cobrar máis relevancia nos centros privados.

A actividade do Sergas na prestación de asistencia sanitaria con medios alleos significou en 2022 o recoñecemento de obrigas por importe de 225,8 millóns de euros, incrementándose nun 2 % respecto do ano anterior.





O 7 % do gasto total do artigo 25 (15 millóns de euros) aínda está soportado pola figura da “autorización temporal de uso”, dos que o 53 % corresponden á área sanitaria obxecto de fiscalización. Como xa se puxo de manifesto polo Consello de Contas, de xeito reiterado, esta figura véñse utilizando desde fai décadas polo Sergas de xeito indiscriminado, e para fins distintos dos usos sanitarios ao que en principio estaba encamiñada e, á marxe de vulnerar a súa propia autorregulación ao empregarse de xeito reiterativo, úsase como vía ordinaria e non excepcional de provisión de servizos o que supón unha subversión da legalidade vixente en materia contractual, ao tratarse de adxudicacións de prestacións de xeito directo, sen concorrência, publicidade e igualdade de trato, carecendo, ademais, de pregos que ordenen os dereitos e obrigas das partes e delimiten as características xurídicas e técnicas da prestación.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 9 de setembro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 12:57:15
Nº Rexistro: 10739
Data envío: 09/09/2024 12:57:15.251

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/09/2024 12:49:59

Patricia Iglesias Rey na data 09/09/2024 12:50:08

Elena Espinosa Mangana na data 09/09/2024 12:50:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

38828

@PSdeG



CSV: B6P5TRBQ4U2M4gKQs63
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

No derradeiro informe do Consello de Contas do exercicio 2022 sobre a Conta Xeral respecto ó Sergas, a asignación que o Goberno galego destina ao gasto sanitario no marco do sistema de financiamento é moi superior á que establece a través dos seus orzamentos iniciais.

No exercicio 2022, a financiación adicional respecto do orzamento inicial acadou os 489 M€ o que amosa, por un lado, unha técnica orzamentaria allea á realidade e, por outro, a necesidade da implantación dun sistema estable de financiamento que posibilitaría a formulación de orzamentos realistas acompañados de medidas rigorosas para o seu cumprimento.

De xeito recorrente, o Sergas non recoñece a totalidade do gasto no que incorre o organismo autónomo, xerando o denominado gasto desprazado, é dicir, obrigas non recoñecidas. No exercicio 2022, rexístranse gastos de exercicios anteriores por importe de 67,9 M€, mentres que deixaron de rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 70,8 M€, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 2,9 M€.

No exercicio 2022, as modificacións orzamentarias acadan un importe neto de 458 M€, o que supón un incremento do orzamento inicial do 10 %, fixando o orzamento definitivo en 4.953 M€. Este incremento é maior que o incremento d Non foron incluídas no orzamento de 2022 nin na Conta Xeral de 2022 as seguintes fundacións creadas para dar apoio aos labores de formación e





investigación e que reúnen os requisitos para ser consideradas como entidades do sector público autonómico:

- Fundación Profesor Novoa Santos
- Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)
- Fundación Biomédica Galicia-Sur 49. Agás Galaria, todas as entidades teñen vixente no exercicio 2022 un novo contrato de xestión. No caso da sociedade mercantil este novo contrato de xestión asinouse o 30 de decembro de 2022, polo que a súa vixencia comeza no exercicio 2023.o 7 % do exercicio precedente.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no derradeiro informe sobre a Conta Xeral do Sergas?
2. Comprométese o Sergas a implantar un sistema integral de contabilidade co fin de dispor de información adicional á liquidación orzamentaria, e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido plan?
3. Comprométese o Goberno galego para que todas as entidades do sector público autonómico dependentes do Sergas que non renderon contas o fagan?

Santiago de Compostela, 9 de setembro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2024 13:01:32
Nº Rexistro: 10745
Data envío: 09/09/2024 13:01:32.638

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/09/2024 13:00:02

Elena Espinosa Mangana na data 09/09/2024 13:00:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

38831

@PSdeG



CSV: B6P5TRB9C0ZTj5G0M593
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Cristina Fernández davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de incrementar a inversión nas universidades públicas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes de setembro reuníronse os tres reitores das tres universidades públicas galegas para dar comezo ao novo curso académico 2024-2025. No acto de inauguración expuxeron as necesidades da nosa universidade pública e solicitáronlle á Xunta de Galiza novas medidas para mellorar a calidade dos estudos superiores do noso país.

Por esta razón, os reitores volveron reclamar que o plan de financiamento da Xunta se axeite ás necesidades reais das universidades galegas, chegando dunha vez por todas ao 1% do PIB galego.

Deste xeito, faise necesario que as promesas da Xunta de Galiza se convertan en realidade e se aumente o financiamento público, facendo fincapé na parte estrutural, xa que a día de hoxe as nosas universidades teñen serias dificultades para dar cuberto o gasto estrutural das mesmas, unha eiva que se debe a moitos anos xa de infrafinanciamento do sistema universitario galego por parte dos gobernos do Partido Popular.

Alén disto, os reitores galegos volveron deixar claro que actualmente o goberno galego non está chegando a esas cifras prometidas, provocando que non se estea a cubrir o coste real do servizo que se está ofrecendo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación co dito, o aumento do financiamento é fundamental para poder acometer un dos principais retos da universidade pública galega, que non é outro que o da renovación dos e das docentes e a aposta pola investigación, ambos os dous factores fundamentais para que a nosa educación pública e a nosa sociedade teñan futuro.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Está disposta a Xunta de Galiza a chegar ao 1% do PIB no que corresponde ao financiamento das universidades públicas galegas?
- Cal é a opinión da Xunta de Galiza a respecto das críticas recibidas por parte dos reitores das tres universidades galegas no inicio do curso académico?

Santiago de Compostela, 9 de setembro 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 09/09/2024 13:50:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 09/09/2024 13:50:52





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10771
Data envío: 09/09/2024 19:09:22.496

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista levamos anos advertindo de que o modelo de brigadas municipais para a prevención, vixilancia e defensa contra incendios que se formula mediante convenio polo cal a Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores preventivos de vixilancia e defensa contra incendios forestais, non funciona. Podemos mencionar unha serie de deficiencias:

- Falta de traballadores nos concellos para formar as brigadas (a falta de dispoñibilidade de xefes de brigadas fixo que moitos concellos non as puidesen constituír. Este grupo parlamentario leva alertando desta situación desde o ano 2022 (agora únese a falta de peóns).
- A formación dos traballadores é moi escasa para tan alta responsabilidade e perigosidade no posto de traballo.
- Baixos salarios.
- Distintas condicións salariais segundo o concello no que presten servizos.
- Períodos de contratación distintos segundo o municipio implicando unha competencia entre eles en canto á contratación de persoal.





- A maioría das brigadas constitúense na época de alto risco de incendios cando as tarefas preventivas tiñan que estar realizadas.

- Desmantelamento de brigadas constituídas por baixa voluntaria do xefe de brigada por atopar contratos máis vantaxosos.

- Para o abono da subvención completa por parte da Administración autonómica ao concello, esíxelle a consellería un número de Ha rozadas, coa problemática de que os brigadistas polas noites non rozan, se chove non rozan e se teñen que acudir a un lume por formar parte do operativo de extinción tampouco, o que implica en ocasións que por causas alleas ao concello e aos traballadores non se abona a subvención completa.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en distintas ocasións que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin á virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, co que se engaden dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que diminución se produciu na constitución de brigadas municipais de prevención e vixilancia e defensa contra o lume este ano 2024 con respecto a 2016?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10771
Data envío: 09/09/2024 19:09:22.496

2. Cal foi a relación de concellos que constituíron este ano 2024 as brigadas municipais e foron quen de rematar o período de contratación?
3. Estudáronse por parte do Goberno galego as razóns da diminución na constitución de brigadas municipais que se produce ano tras ano?
4. Que medidas pensa tomar o Goberno ao respecto?
5. Que medidas está a tomar o Goberno galego ante a falta de traballadores para formar as brigadas municipais?
6. Considera o Goberno galego que a época da súa constitución é a adecuada, en pleno verán?
7. Considera a Administración autonómica que tres meses son suficientes para que as brigadas municipais cumpran o seu cometido de prevención de incendios?

Parlamento de Galicia, 9 de setembro de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10771
Data envío: 09/09/2024 19:09:22.496

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/09/2024 18:26:32

Lara Méndez López na data 09/09/2024 18:26:41

CSV: B6P1S1R9C3A0ZM6JZC3-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38838

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández e Luís Bará Torres deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a gripe aviar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Gripe Aviar é unha enfermidade causada por un virus ARN pertencente á familia *Orthomyxoviridae*, na que existen 4 tipos, aínda que o que nos incumbe neste caso é o tipo A, que padecen de xeito máis frecuente aves, aínda que esta tendencia natural non exime o contaxio doutro tipo de animais nin de persoas, dentro das cales o grupo de gandeiros, veterinarios, traballadores de granxas ou axentes medioambientais, son o grupo poboacional con maior risco de ser infectado. Así o caso, a gripe aviar, cuxo contaxio se produce directa ou indirectamente, por exemplo a través de secrecións respiratorias e excrementos de individuos infectados, material contaminado, transmisión aérea, alimento con secrecións, etc., é altamente patóxena en aves, provocando altos índices de mortalidade en aves, tanto domésticas coma silvestres.

No pasado 2022, detectáronse en Galiza 29 casos de IAAP (influenza aviar altamente patóxena), todos eles en aves silvestres e que se distribuíron de xeito desigual polo territorio, concentrándose 17 deles en A Coruña, 8 casos en Pontevedra e 4 en Lugo, sendo evidente a forte influencia do mar como factor detonante, xa que practicamente a totalidade dos casos se identificaron mediante as correspondentes análises oficiais en aves mariñas (especialmente gaivotas e alcatraces), mais non podemos esquecer as aves acuáticas migratorias, de especial risco nestes casos e que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poderían chegar a zonas do territorio cunha elevada carga gandeira. No 2023 contabilizáronse en Galiza 13 casos positivos de gripe aviar, todos eles en aves silvestres que foron correspondentemente analizadas e destruídos logo os seus cadáveres segundo a normativa vixente. A pesares de que a valoración de risco a nivel do estado español continúa a ser favorable, no noso territorio contamos con 7 concellos pontevedreses que se sitúan dentro da zona de especial risco (O Grove, Cambados, Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia, Sanxenxo e Vilanova de Arousa).

A evolución da gripe aviar nos últimos anos a nivel europeo, amosou que entre o 2016 e o 2023, se presentaron picos de aumento de casos no intervalo entre o 2020 e o 2023, aínda que se analizamos as gráficas de prevalencia da enfermidade, xa no 2019 se amosaba unha tendencia á alza que non facía máis que ser o comezo dunha etapa complexa a nivel sanitario, trasladándose esa mesma tendencia ao estado español, que sufriu na tempada 2021-2022 e 2022-2023 un incremento inusual de casos, xa que historicamente en España os contaxios eran baixos se os comparabamos co norte e centro de Europa.

Ao longo das dúas últimas tempadas a OMS notificou un aumento de casos en mamíferos non humanos tanto en Europa coma en América, con presenza de síntomas neurolóxicos nalgúns dos afectados polo virus da influenza aviar e Galiza, incluída dentro desta tendencia, sufriu un gromo en outubro de 2022 nunha explotación de visóns, sendo a fonte de infección máis probable destas granxas afectadas as aves silvestres. No último informe do ADIS (Sistema de Información de Enfermidades Animais da UE), correspondente á última semana do mes de agosto notifícanse 3 casos en España, detectándose a súa totalidade no concello de Oleiros, sendo os únicos localizados no estado español.

A principios deste ano, cando nós nos atopabamos inmersos nunha controvertida aplicación da normativa pola que existe a obrigatoriedade no territorio español e polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tanto en Galiza, de rexistrar as explotacións avícolas de autoconsumo, detectábanse en EEUU casos de H5N1 entre o gando vacún, circulando agora por varios estados. Cabe destacar que o virus H5N1 que é o causante da enfermidade nos animais e o H1N1 causa a gripe en humanos, tratándose dunha diferenza no serotipo, que muda a porcentaxe de mortalidade en humanos dun 60% a un 1-2% respectivamente, polo que é de vital importancia a vixilancia e a prevención. A detección de casos positivos en humanos nos EEUU, que eran unha totalidade de 9 dende 2022, dos cales 8 se diagnosticaron neste último ano, fai poñer o foco no potencial desta enfermidade para causar outras infeccións de carácter máis grave e, sobre todo, no seu “potencial pandémico”, cuxo aumento derivaría de mutacións no virus para propagarse cara as persoas, dando lugar a unha posible pandemia como resultado. No pasado mes de xullo o virus xa afectaba nos Estados Unidos a 130 explotacións gandeiras, facendo especialmente relevante a importancia de tomar medidas serias en zonas coma a nosa, que poderían verse moi afectadas pola súa chegada de non ser estritos coa norma para minimizar a súa repercusión tanto na gandería coma na industria alimentaria do país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Reconsidera actualmente a Xunta de Galiza o seu posicionamento sobre a aplicación do RD 637/2021 do 27 de xullo?
2. Dada a suspensión das actividades de cetrería da Feira Franca de Pontevedra, considera a Xunta de Galiza que as medidas de vixilancia da gripe aviar en Galiza na súa totalidade son suficientes?
3. Prevé a Xunta de Galiza tomar medidas preventivas e de vixilancia excepcionais tras a detección de 3 novos casos de gripe aviar en Galiza, os únicos do estado no último informe de finais de agosto do ADIS?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Existen estudos sobre o alcance económico que suporía para a gandería avícola galega o peche de fronteiras nas distintas épocas do ano, con especial énfase na etapa de Nadal, onde as vendas se multiplican? Prevé a Xunta de Galiza levarlos a cabo dende a Consellería de Medio Rural?

5. Que contías reciben as granxas avícolas como indemnización en casos de gromos de gripe aviar?

6. Que explotacións son susceptibles de seren indemnizadas no caso dun gromo? Que radio de inmovilización e de vixilancia está decretada?

7. As explotacións situadas na zona de inmovilización dun gromo de gripe aviar, son indemnizadas polas perdas derivadas de dita inmovilización? Coñécese que gastos medios existen derivados desas inmovilizacións diariamente?

8. Prevé a Xunta de Galiza aplicar medidas de prevención e vixilancia de gripe aviar nas explotacións avícolas de autoconsumo tendo o seu rexistro na actualidade?

9. Que número de axentes medioambientais están destinados á detección de aves afectadas nas áreas de risco na actualidade? Contan cos equipos e utensilios suficientes para levar a cabo o seu traballo da maneira máis rigorosa posible?

10. Considera a Xunta de Galiza que se lle aportan medios de traballo abondos a eses axentes medioambientais para levar a cabo o seu cometido con garantías?

11. Considera a Xunta de Galiza que se están a detectar a maioría de casos de gripe aviar que existen en animais salvaxes?

Santiago de Compostela, 10 de setembro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 10/09/2024 11:02:36

Sonia Vidal Lamas na data 10/09/2024 11:02:45

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/09/2024 11:02:59

Secundino Fernández Fernández na data 10/09/2024 11:03:11

Luis Bará Torres na data 10/09/2024 11:03:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonzo e Noa Presas Bergantiños deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a mellora no servizo concesionado de Inspección Técnica de Vehículos e a súa repercusión na sociedade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A inspección técnica de vehículos periódica e obrigatoria foi aprobada no Estado español nos anos 80 e diversos estudos coinciden en que contribuíu a mellorar a sinistralidade. É o Estado o que establece que hai que revisar nos vehículos, pero a competencia sobre as entidades revisoras é de cada comunidade.

Na Galiza a Inspección Técnica de Vehículos (ITV) é un servizo público competencia do Goberno Galego que leva concesionado dende o ano 1987 a través das empresa SyC - Supervisión y Control, hoxe denominada SyC APPLUS após a compra en 2017 do 80% das accións da empresa SyC pola empresa Applus a través da súa filial Applus Iteuve Galicia SLU por valor de case 90 millóns de euros e, finalmente, o 20% restante por valor de 18 millóns de euros no ano 2022.

Este servizo público é un servizo esencial para as galegas e galegos que queiran poder circular co seu vehículo xa que están obrigadas a manter actualizada a ITV periódica dos seus vehículos nos prazos estipulados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de monopolio dunha soa empresa xestionando o servizo de ITV é algo anómalo no conxunto do estado, só dous territorios xunto a Galiza teñen esta situación, coa diferenza de que o monopolio en Galiza está en mans dunha empresa privada.

Alén da crítica que se poida facer sobre esta situación, que non é motivo desta iniciativa, está a opacidade pola cal é difícil de coñecer cales son as condicións do prego de concesión do servizo por parte do Goberno á empresa concesionaria. Máis aínda cando hai un conflito laboral aberto das traballadoras e traballadores das ITV que, entre as súas demandas, piden coñecer este prego que rexe a concesión.

Non é novo que o pagamento deste servizo está deixando cifras récord de facturación para a empresa que ostenta a concesión, onde o pasado ano 2022 facturou en Galiza 54 millóns de euros segundo a súa memoria económica o que converteu a ITV galega na segunda máis rendible da empresa só por detrás da ITV irlandesa, o pasado ano 2023 a facturación foi de 22 millóns de euros que para 26 estacións de ITV supón case 900.000 euros por estación.

A concesionaria recibiu no ano 2022 por parte do goberno galego o visto e prace para a prórroga da concesión até 2027 coa condición dunha rebaixa nas taxas que pagaban as persoas usuarias de menos de 1,5%, o que a efectos prácticos para a meirande parte de vehículos e inspeccións supuxo menos de un euro.

Mais esta situación non se correspondeu nos vindeiros anos onde a inspección de vehículos de motor tanto gasolina como diésel incrementáronse un 5,2% e o de motocicletas máis dun 61%, situándose as tarifas no ano 2024 para, por exemplo, estes vehículos do seguinte xeito:

- Turismos gasolina (con catalizador): 41,96€ (dos que 31,22€ son tarifa da Xunta)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Turismos diésel MMA≤3.500kg: 50,12€ (dos que 37,97€ son tarifa da Xunta)
- Motocicletas: 36,95€ (dos que 27,08€ son tarifa da Xunta)

Referíndonos á presión que este servizo supón para as persoas usuarias, o prezo das inspeccións periódicas en Galiza está por riba da media do estado, a cal se sitúa, por exemplo, en 45,02€ para turismos diésel, para un territorio que no ano 2023 sufriu un aumento do IPC con respecto do ano anterior do 3,1%, a cifra máis alta de todo o estado.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Pensa o Goberno Galego dar conta do prego de condicións do contrato de concesión do servizo de ITV á empresa SyC APPLUS?
2. Cre o Goberno Galego que é excesivo o prezo que pagan as galegas e galegos polo servizo de ITV?
3. Ten pensado o Goberno Galego diminuír a tarifa da Xunta no prezo da ITV para o ano 2025?
4. Por que o Goberno Galego non convocou un novo concurso para a concesión do servizo de ITV nos últimos anos?
5. Ten pensado o Goberno Galego mediar no conflito laboral coa empresa SyC APPLUS? Como valora o Goberno Galego as demandas das traballadoras e traballadores das ITV?

Santiago de Compostela, 10 de setembro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/09/2024 11:58:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/09/2024 11:58:13

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2024 11:58:23





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 13:34:44
Nº Rexistro: 10822
Data envío: 10/09/2024 13:34:44.000

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) declarou nula a resolución administrativa da Xunta que permitiu a explotación da Mina de Penouta, en Viana do Bolo, principal referente do coltán na UE.

O TSXG acollera un recurso interposto por Ecoloxistas en Acción ao considerar insuficiente o estudo de afectación ambiental, que omitía o seu impacto na Rede Natura 2000. A explotación da mina xa estaba paralizada cautelarmente polo TSXG á espera de emitir a sentenza, asinada o 7 de xuño de 2024. A sentenza reflicte que a promotora, a canadense Strategic Minerals Europe Corp., non levou a cabo -nin a Administración autonómica lle esixiu- "unha oportuna e adecuada avaliación sobre o espazo (protexido de) Pena Trevinca, limitándose a indicar que o proxecto non afecta a ningún espazo protexido". Porén, a Zona de Especial Conservación e a Zona de Especial Protección para as Aves que afectan a Pena Trevinca "atópanse a cero metros do enclave mineiro, constatándose que as masas de augas superficiais superan a normativa permitida para arsénico, mercurio, cadmio e chumbo", subliña a sentenza.

O TSXG estima acreditado "o impacto do po resultante de voaduras e movementos (de terras), así como gretas en vivendas e a afectación das augas destinadas para consumo humano, que motivou denuncias da empresa municipal de augas de Viana do Bolo, con actuacións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Garda Civil e Comisaría de Augas".





Asemade, o tribunal, que alude a autos previos emitidos no mesmo senso, afirma que "as emisións e verteduras están a chegar á Rede Natura 2000, tanto por vertedura a leitos fluviais como por emisións atmosféricas". Deste xeito, considérase acreditada "a realidade do po que chega á vexetación e poboación lindeira da mina e, aínda que digan os demandados que realizaron medicións que conclúen un valor por baixo do límite establecido, estas non foron sistemáticas, ocultando máis do que revelan". A sentenza fala da existencia "de gretas nas vivendas por efecto das voaduras", que chegan a empregar toneladas de explosivos, e a presenza "de metais pesados en doses perigosas (...) que chegan á Rede Natura 2000 polos leitos fluviais contiguos", cun "efecto na poboación situada a 1,5 quilómetros da explotación".

Ao anteriormente exposto, hai que sumarlle que o pasado 4 de setembro de 2024 acábanse de abrir dilixencias penais no Xulgado de instrución de Trives contra a mina de Penouta por un delito contra o medio ambiente e os recursos naturais, na súa modalidade agravada de risco para a saúde das persoas, por mor dunha denuncia presentada por Ecoloxistas en Acción.

A denuncia da organización ecoloxista xorde tras saír á luz unha análise na contorna da explotación mineira, realizado por un laboratorio "acreditado pola administración hidráulica", que mostra niveis de concentración de metais pesados considerados "alarmantes". En concreto, a análise lanzou valores de cadmio que superaban en 112,5 veces o valor máximo permitido desta substancia tóxica e canceríxena. Ademais de cadmio, os valores de arsénico rexistrados tamén superaban nun 30 % o nivel legal permitido.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 13:34:44
Nº Rexistro: 10822
Data envío: 10/09/2024 13:34:44.000

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Declarada a nulidade da autorización mineira polo Tribunal Superior de Xustiza e abertas dilixencias penais no Xulgado de Instrución de Trives, que ten previsto facer o Goberno galego coa mina de Penouta?
2. Que medidas impulsa o Goberno galego para priorizar a busca do asentamento de proxectos industriais na zona afectada pola paralización da actividade da explotación?
3. A autoridade mineira ou Augas de Galicia fixeron análises oficiais dos niveis alarmantes de metais pesados na mina de Penouta?
4. Para cando está previsto que se aprobe un Plan mineiro en Galicia, coa clasificación dos recursos por seccións e con criterios de sensibilidade ambiental?

Santiago de Compostela, 10 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/09/2024 13:32:20

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/09/2024 13:32:36

Lara Méndez López na data 10/09/2024 13:32:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a posta en funcionamento dun centro de diálise público na Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enfermidade Renal Crónica (ERC) afecta aproximadamente a 4000 galegos, dos cales case 2000 precisan tratamento de diálise, situándonos por enriba da media do estado, onde a prevalencia en canto a ERC é de 1410 persoas por millón, mentres a galega se acha nas 1489.

Segundo os nefrólogos esta doenza silenciosa afecta ao 15% da poboación española, cun número de casos que se dispara conforme avanzamos na idade da poboación, xa que este é un factor detonante no padecemento de todo tipo de enfermidades crónicas. O propio envellecemento, que chega a taxas do 218% no noso país, inmerso nunha fonda crise demográfica onde, ademais, a lonxevidade é a segunda máis elevada do estado, avala que as cifras galegas de afectados por enfermidades crónicas sexan superiores incluíndo, entre outras, a ERC. Estamos a falar da segunda causa de morte a nivel do estado, cunha taxa de infradiagnose acumulada do 40%, polo que tamén é denominada “epidemia silenciosa” e cunha escalada dun 30% a nivel do estado na última década a pesar de ser unha enfermidade descoñecida, en moitos casos, para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo un estudo recente de ALCER, asociación social sen ánimo de lucro que contribúe e axuda moral e fisicamente a todas aquelas persoas afectadas por ERC, no que se analizaron datos de 5700 pacientes, máis do 60% dos que precisan diálise están a desprazarse fóra da súa localidade para recibir o servizo médico axeitado. Das catro comunidades autónomas analizadas no estudo levado a cabo pola Asociación de Loita Contra as Enfermidades Renais, Galiza é a que conta con máis persoas que teñen que saír da súa localidade para someterse a diálise, en concreto o 67,34% dos pacientes galegos teñen o centro ou hospital de referencia onde acoden fóra da súa localidade, chegando esta eiva a dous de cada tres doentes.

O fenómeno de dispersión xeográfica de Galiza dificulta o acceso aos tratamentos e prexudica a calidade de vida dos afectados pola ERC, que deben desprazarse con asiduidade para seren tratados, aínda que se rexistran diferenzas territoriais, por exemplo, segundo o transporte que se use para chegar ao centro de referencia que corresponde a cada quen. No estudo reflíctese como os máis maltratados pola dispersión son os anciáns e as persoas que viven nun entorno rural, chegando a porcentaxes de desprazamentos fóra da localidade de residencia do 70%, ao que se lle suman os problemas habituais de transporte público, que no caso galego ou non existe ou ten unhas reducións de horarios que fan imposible o seu uso polos doentes se o preferiran así.

As indicacións para a atención de casos de ERC que recomentan os profesionais, pasan por fomentar as técnicas domiciliarias, opción que en Galiza é de difícil implantación debido a que os pacientes non teñen un acceso igualitario aos tratamentos domiciliarios dependendo, como resultado desta eiva, de ambulancias de carácter privado. O intento por parte dos responsables deste transporte de optimizar as viaxes ao máximo, supón que medre o nivel de desgaste físico dos pacientes e provoca a diminución da súa autonomía e a súa inclusión social, derivada dunha menor





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

flexibilidade horaria no desenvolvemento da súa rutina diaria, en moitos casos 3 días por semana.

No concello da Estrada, pertencente á provincia de Pontevedra, os doentes que acoden a diálise deben desprazarse a Santiago para recibir o tratamento. Hai casos nos que deben saír do seu lugar de residencia arredor das 6 da mañá para chegar hora e media despois ao centro de referencia, onde pasan aproximadamente 4 horas recibindo a asistencia sanitaria precisa, para chegar de volta pasadas as dúas do mediodía. As viaxes desenvólvense de xeito rutineiro en 3 grupos diarios (mañá, mediodía e tarde) e 3 veces por semana, de xeito que os doentes que se desprazan na quenda de tarde chegan á súa vivenda a horas intempestivas. O transporte corre a cargo, neste caso concreto, dunha empresa privada de ambulancias e consta, durante o traxecto, unicamente da presenza do condutor, sen ningún persoal sanitario a bordo, co perigo que isto leva engadido. No caso dunha emerxencia tras a diálise, que é un feito común, os 7 pasaxeiros que en moitas ocasións se desprazan xuntos no interior, acudirían todos ao hospital de referencia para que o seu compañeiro/a sexa atendido.

Deste xeito os usuarios, que cando saen de diálise sofren do cansazo derivado do propio proceso, pasan fóra das súas residencias 8 horas, cando o propio tratamento se estima que se prolonga durante unhas catro horas. Parte de tal tardanza é o traxecto, no que se transportan varios enfermos por ambulancia, coma xa se especificou con anterioridade, mais outra parte de tal aumento nos tempos é derivada do transporte no mesmo vehículo de persoas que proceden de consultas e outras que reciben rehabilitación, de maneira que en moitas ocasións os doentes de diálise agardan máis de media hora a que a ambulancia os recolla no centro, atrasando moito a volta. Hai que lembrar que o percorrido A Estrada- Santiago, ten unha duración estimada de 25 minutos de facelo directo, que se transforman en hora e media de ida e dúas horas e media de volta para estes usuarios, co prexuízo para a súa calidade de vida e o seu estado ao rematar de levar a cabo o tratamento ao que son sometidos e que os deixa en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións de febleza física, padecendo de cansazo e tendo unha menor inclusión social derivada desta falla de liberdade diaria que sofren.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Prevé a Xunta de Galiza a posta en funcionamento dun centro de diálise público na Estrada?
2. Que medidas ten en marcha a Xunta de Galiza para corrixir o fenómeno de dispersión e minimizar os seus efectos nos pacientes da Estrada que acoden a diálise?
3. Que medidas prevé tomar a Consellería de Sanidade para que os doentes que acoden dende A Estrada a Santiago a someterse a diálise non agarden diariamente polo transporte que os recolle durante máis de media hora?
4. Prevé a Xunta de Galiza dotar o servizo de transporte de máis efectivos para que non haxa casos nos que pacientes de diálise viaxen con pacientes procedentes doutros servizos atrasando a súa chegada A Estrada neste caso?
5. Considera a Xunta de Galiza que pode ser un bo emprazamento para o servizo público de diálise o centro de saúde da Estrada, que ten espazos baleiros que non se están usando?
6. Prevé a Xunta de Galiza usar outro tipo de transporte máis personalizado en zonas rurais coma as do concello a tratar, para que os usuarios non pasen horas de viaxe innecesarias?
7. Ten a Consellería de Sanidade previsto solicitar que se dote de persoal sanitario estas ambulancias debido ao risco de efectos secundarios por parte dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pacientes de diálise que se poden dar no traxecto de volta ás súas vilas ou aldeas de residencia e no que están completamente desatendidos?

Santiago de Compostela, 10 setembro de 2024

Asdo.: Ariadna Fernández González

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 10/09/2024 14:12:35

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2024 14:12:45

Iria Carreira Pazos na data 10/09/2024 14:13:07

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2024 14:13:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno Galego co fin de garantir carga de traballo no sector auxiliar da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa se leva tratado neste Parlamento, o sector da automoción, nomeadamente o seu sector auxiliar, precisan garantir carga de traballo que pulen pola súa continuidade, desenvolvemento e mellora da calidade do emprego que xeren.

Dentro deste panorama a propia patronal do sector metal, a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas (ASIME), ven de censurar que as industrias auxiliares do sector da automoción levan tempo quedando excluídas da adxudicación de novos proxectos por parte da empresa matriz Stellantis, a cal leva tempo deslocalizando actividades priorizando como único criterio o custo económico.

Todo isto fai que a automoción galega, a cal debe garantir uns estándares de calidade de produto e de calidade do emprego, teña dificultades para competir con polos “low cost” como poden ser, Tunisia, Marrocos ou Portugal.

Neste contexto o propio Goberno Galego habilitou dúas liñas de axudas por valor de 18 millóns de euros anunciadas para o sector auxiliar pero que non poñen limitacións reais a que a empresa matriz poida acceder a elas. Todo isto sumado a que a empresa Stellantis beneficiouse de 81 millóns de euros de cartos públicos galegos segundo declaracións da propia conselleira de Economía e Industria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como afea a propia ASIME, deben de establecerse ferramentas que permitan a adxudicación de proxectos a nivel local (entendendo a automoción galega como entorno local) por parte da empresa matriz.

Ao tempo, o Goberno Galego debe establecer mecanismos que permitan á industria auxiliar a captación de proxectos independentes á empresa matriz que vaian na liña de diminuír a súa dependencia desta, co fin de garantir a súa actividade sen contar case exclusivamente dos ritmos de traballo e vontades na adxudicación de carga de traballo por parte de Stellantis.

Un entorno económico que se gaba de cifras récord de facturación e exportacións debe recibir a atención, específica e pormenorizada, por parte da administración que merece. Neste sentido debe priorizarse que aquelas empresas que reciben axudas públicas por parte da administración galega garantan a carga de traballo no conxunto do seu entorno económico máis inmediato, sobre todo cando se lles presupon función tractora.

Todo isto debe cumprir unha máxima na que as axudas públicas á industria cheguen a toda a cadea de valor galega directa ou indirectamente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que medidas está a desenvolver o Goberno Galego para garantir a carga de traballo e a adxudicación de proxectos á industria auxiliar da automoción galega?
2. Cantas empresas se presentaron ás dúas liñas A e B de axudas á automoción por valor de 18 millóns de euros?
3. Cando prevé a Consellería de Economía e Industria facer público o plan director para a automoción?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Considera o Goberno Galego acertadas as críticas da propia patronal ASIME á deslocalización na adxudicación de proxectos para a industria auxiliar?

5. Realiza o Goberno Galego un seguimento exhaustivo de que as axudas prestadas pola administración galega repercutan positivamente no aumento de carga de traballo e xeración de emprego de calidade e duradeiro no sector industrial auxiliar? Que metodoloxía de seguimento utiliza?

6. Ten pensado o goberno galego establecer ferramentas de devolución de axudas para a que as empresas que, após ter recibido subvencións públicas, deslocalicen actividades que puideran ser prestadas por empresas galegas?

Santiago de Compostela, 10 de setembro 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/09/2024 17:10:49

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/09/2024 17:10:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta escrita**, sobre a obriga de o goberno galego respectar a lealdade institucional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega acaba de facer público o *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*.

Trátase dun informe de 181 páxinas que, ao longo de 8 artigos asinados por investigadores e investigadoras de recoñecido prestixio, especialistas en diferentes áreas científicas, baixo a coordinación técnica da profesora Teresa Nieto e do profesor Eduardo Corbelle, analizan a afectación do proxecto de implantación dunha macrocelulosa no corazón de Galiza.

Entre as conclusións deste informe recóllese que o proxecto de implantación desta macrocelulosa non responde nin a un plan territorial nin a un plan industrial que fosen avaliados ambientalmente, produciría unha grave fractura no territorio, tería un impacto moi reducido na economía galega, requiriría ampliar a superficie forestal de especies do xénero Eucalyptus, non se teñen cuantificado todas as emisións que poderían ter efectos a longo prazo sobre a saúde, está proxectado sobre unha área proposta para a ampliación da Rede Natura que leva paralizada polo goberno da Xunta desde o ano 2011 e provocaría graves prexuízos sobre o Camiño de Santiago, Patrimonio da Humanidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A elaboración deste informe dá resposta, pois, ás funcións do Consello da Cultura Galega como órgano de asesoramento do goberno da Xunta en cuestións relevantes para o país, determinado polo artigo 32 do Estatuto de Autonomía e regulado pola Lei 8/1983.

Con todo, o PP volve practicar, desde o goberno da Xunta, a falta de respecto e lealdade institucional cara ao traballo do Consello da Cultura.

Por unha banda, ignorou, máis unha vez, o cumprimento lexislativo ao non lle solicitar ao CCG o seu informe sobre as posíbeis afeccións patrimoniais e ambientais derivadas da implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S. L. (proxecto GAMA) na comarca da Ulloa.

Pola outra, invisibilizou a presentación deste informe nos medios públicos, negándolle o dereito á información á sociedade galega, ao tempo que difundía a opinión de membros do goberno da Xunta descualificando o rigor e contido deste informe por ser contrario á defensa unilateral que o PP asumiu, en parcería coa empresa e dando as costas á maioría da sociedade galega que se posicionou en contra.

E, finalmente, o presidente da Xunta acaba de recoñecer, no día de onte, na comparecencia posterior ao Consello da Xunta, que criticou o informe do CCG sen telo lido, isto é, mentíulle deliberadamente á sociedade galega nas opinións que transmitiu.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que o goberno galego non lle solicitou ao CCG asesoramento para un proxecto tan transcendente para o futuro de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que o PP volve desprezar a autoridade do Consello da Cultura Galega ignorando o mandato estatutario a respecto das súas funcións?
- Por que utiliza os medios públicos dos galegos e galegas para vetar o dereito a coñecer os contidos do informe do CCG sobre o proxecto de implantación da macrocelulosa de Altri?
- Como explica o goberno do PP facer manifestacións públicas contrarias a este informe do CCG recoñecendo non telo lido?
- Vai atender o goberno o informe do CCG?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/09/2024 17:45:55

Iria Taibo Corsanego na data 10/09/2024 17:46:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/09/2024 17:46:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Foi a través dos medios de comunicación xa fai case un ano- o 14 de novembro de 2023- cando coñecemos a noticia da creación da sociedade público- privada- que nace “baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia” ó acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas, e “garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social”.

Segundo as novas, sempre por medios de comunicación a empresa Sociedade de Recursos de Galicia- en adiante RdG- constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

No momento actual, coa sociedade RdG xa constituída fai case un ano entrou no Parlamento de Galicia hai dous meses para súa tramitación o proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia, que parece querer avalar legalmente agora a través de lei a creación da empresa RdG, en cuxa creación houbo unha absoluta falta de transparencia e unha opacidade manifesta para fuxir, precisamente do entorno de control e da rendición de contas da devandita sociedade ao amparo do artigo 102 da Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA).





Esta forma de proceder amosa unha falta de respecto polo funcionamento democrático das institucións e do control que debe exercer o poder lexislativo ao executivo galego.

Iso só se pode definir dun modo: como un goberno moi pouco transparente coa cidadanía e que non ten unha estratexia enerxética de país clara, tecida e cohesionada no territorio, escoitando a xente e ao sector.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que cunha participación do 30 % da Xunta de Galicia na dita sociedade se garante o control público da xestión da riqueza natural da nosa comunidade?
2. Respecto aos socios privados na RdG, cantos millóns de euros desembolsaron cada sociedade individualmente considerada e de maior a menor desembolso?
3. Vai a Sociedade RdG render as súas contas ao Consello de Contas de Galicia, tal e como se recomenda no derradeiro informe financeiro do sector público autonómico do órgano de control externo?
4. Como ten pensado o Goberno galego arbitrar a participación das deputacións e dos concellos nesta sociedade?
5. Cal foi a razón pola que se crea unha sociedade ao paraugas dunha lei que aínda non entrou no Parlamento de Galicia para a súa tramitación?
6. Cal foi o procedemento de selección do CEO da Sociedade RdG e o do resto do persoal contratado pola sociedade?
7. Por que é coincidente o domicilio social da sociedade impulsa e a sociedade RdG?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 17:50:40
Nº Rexistro: 10857
Data envío: 10/09/2024 17:50:40.142

Santiago de Compostela, 10 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/09/2024 17:46:27

Elena Espinosa Mangana na data 10/09/2024 17:46:36

Lara Méndez López na data 10/09/2024 17:46:44

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

38865

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0G-H0Z1B0aB43
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 18:10:27
Nº Rexistro: 10863
Data envío: 10/09/2024 18:10:27.830

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A problemática que están a vivir as cinco denominacións de orixe do sector vitivinícola en xeral e a Denominación de Orixe Ribeira Sacra en particular xa se puxo de manifesto a Administración dende o ano pasado.

A pesar das distintas peticións e chamadas que o sector, adegas, consellos reguladores, sindicatos, viticultores, fixeron a Xunta de Galicia para poñer en coñecemento a situación que están vivindo empezando polo excedente de stock non tiveron ningunha resposta por parte da Xunta de Galicia.

Esta situación é especialmente grave na Ribeira Sacra, non so porque afecta a 600 viticultores senón pola perda de producións e perda de ingresos.

A Xunta de Galicia debería ter visión de futuro e traballar na súa promoción, exportacións, apertura de novos mercados, reestruturación de viñedos, impulsar cambios varietais, remuda xeracional, e con iso buscar solucións de maneira estrutural que aseguren a continuidade dos viñedos conseguindo aportar valor engadido.

Non se pode obviar que a Ribeira Sacra está catalogada como BIC, paso previo para acadar o distintivo de patrimonio da humanidade, polo que estamos a falar de que o abandono dos viñedos non afectaría so aos viticultores afectados, xa de por si importante, afectaría á economía de toda unha comarca.





A conservación da paisaxe e da orografía pasa por manter as terras en produción, e cabe destacar que na Ribeira Sacra se non se dedican aos viñedos pasarían a estar abandonadas. E coas terras abandonadas poñeríamos en perigo non so a consecución de patrimonio da humanidade senón tamén un sector importantísimo para a comarca como é o sector turístico que ten o seu principal atractivo precisamente na viticultura heroica dos seus viñedos.

Tendo en conta que o tamaño medio das explotacións acollidas apenas supera os 6.000 m², coa proposta da liña de axudas anunciada apenas se alcanzarían os 1.000 euros para os produtores con explotación en bancais e os 500 euros para os outros. Unha renda de todo punto insuficiente para pagar o traballo e os custes de produción de todo un ano, para os 2.134 colleiteiros repartidos nas 1.310 Hectáreas que acolle a Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

As demandas que lle está a facer o sector a Xunta de Galicia xa o teñen feito e posto en marcha noutras comunidades autónomas a pesar de non contar coa singularidade que existe na Ribeira Sacra.

A Xunta de Galicia empezou a dar pasos logo do anuncio das mobilizacións por parte do sector, e no consello da Xunta de Galicia do pasado 2 de setembro se acordaron unha serie de medidas a todas luces insuficiente.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia levar acabo algunha acción que garanta a vendímea polo que ademais de mellorar as axudas se deba actuar coas adegas para facilitarlle a liberación de stocks?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2024 18:10:27
Nº Rexistro: 10863
Data envío: 10/09/2024 18:10:27.830

2. Que iniciativas pensa levar a cabo para favorecer o incremento da súa capacidade de recollida sempre dentro do marco normativo da Lei de Cadea Alimentaria?
3. Conta a Xunta de Galicia involucrase para traballar da man co sector e elaborar un plan de actuación con visión de futuro?
4. Vai apostar a Xunta de Galicia pola promoción, nas exportacións, na apertura de novos mercados internacionais para os tintos, na reestruturación de viñedos, impulso de cambios varietais, remuda xeracional. E todas aquelas medidas que contribúan a aportar valor engadido e potencien as vendas?

Santiago de Compostela, 10 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/09/2024 18:03:01

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/09/2024 18:03:09

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38868

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0D0a0Z18g@cb-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez e Carmela González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas concedidas polo IGAPE ao Real Club Celta de Vigo S.A.D. en 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario Oficial de Galiza do pasado luns 9 de setembro de 2024 deuse publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas polo Instituto Galego de Promoción Económica durante o primeiro e o segundo trimestres de 2023.

Entre estes, deuse coñecemento dunha axuda recibida polo Real Club Celta de Vigo S.A.D. (RCCV) por valor de 2.500.000€ para un importe subvencionable de 4.166.666,67€ a través da aplicación orzamentaria 06.A1-741A-7706 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica.

A normativa que rexe esta axuda é a RESOLUCIÓN do 22 de xullo de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (programa Infraestruturas estratéxicas abertas), promovidas por grandes empresas galegas, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva co código de procedemento IG408D.

Estas bases reguladoras establecen textualmente como obxectivo das axudas “o de apoiar a posta en marcha de proxectos de infraestruturas locais de uso compartido que teñan como finalidade o desenvolvemento da contorna das empresas e dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consumidores, e a modernización e desenvolvemento da base industrial, co fin de mellorar a súa competitividade.” onde tamén engade “...que hai demanda e disposición desde empresas tractoras galegas cara á creación desta tipoloxía de infraestruturas xerando interesantes posibilidades, facilitando a capacidade financeira do promotor e, por conseguinte, a de xestión solvente das infraestruturas que se van crear, así como apoiarse na capacidade tractora destas grandes empresas para a utilización de infraestruturas estratéxicas polo tecido empresarial e emprendedor de Galicia...”.

Así mesmo estas bases reguladoras establecen no seu Artigo 1 punto 2:

“2. Non serán subvencionables os proxectos de desenvolvemento de infraestruturas de investigación, de agrupacións empresariais innovadoras, sistemas urbanos de calefacción e refrixeración enerxeticamente eficientes, infraestruturas de enerxía, reciclaxe e reutilización de residuos, infraestruturas de banda ancha, cultura e conservación do patrimonio, infraestruturas deportivas e recreativas multifuncionais, aeroportos e portos”.

Estas axudas establecen o máximo de subvención do 60% dos proxectos cunha contía máxima de 2.500.000€, que é o resultado da subvención recibida polo RCCV ao aplicar o 60% á contía subvencionable de 4.166.666,67€ (exactamente 2.500.000,002).

Así e todo cómpre sinalar que o RCCV non está exento de polémica na súa relación co Goberno Galego, como coa construción da Cidade Deportiva Afouteza a cal, enmarcada dentro do proxecto Galicia Sport 360, e elevado a Proxecto de Interese Autonómico (PIA) polo Goberno Galego co obxectivo de saltarse a legalidade regular, foi declarada ilegal polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e tamén, recentemente, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil vén de informar sobre a apertura dun expediente sancionador debido a verteduras de augas residuais nesta mesma cidade deportiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para calquera galega ou galego que intente buscar, tanto na páxina do IGAPE como no portal de transparencia da Xunta de Galiza esta axuda, atópase con que non existen coincidencias nin co título nin co número de expediente do mesmo, o que dificulta, alén da función de transparencia, a labor de fiscalización do Goberno por parte dos Grupos Parlamentarios, nomeadamente para unha subvención resolta xa no mes de maio de 2023.

Polo tanto é de interese coñecer cal foi o proxecto de creación de infraestruturas en Galiza que contribúe a nivel local a mellorar a contorna das empresas e dos consumidores e a modernizar e desenvolver a base industrial no país presentado polo RCCV, empresa rexistrada con CNAE 2009: 9319- Outras actividades deportivas, que se sitúan no obxecto de “Xestión de instalacións deportivas. Actividades dos clubs deportivos. Outras actividades deportivas”.

Así mesmo a data máxima de execución do proxecto marcábase nun primeiro momento no 1 de xuño de 2024, mais no DOG do 30 de maio de 2024 ampliase este prazo até o 28 de abril de 2025 baixo a seguinte xustificación:

“Dado o carácter estratéxico dos proxectos obxecto destas axudas, de creación de infraestruturas en Galicia que contribúan a mellorar a contorna das empresas e dos consumidores e a modernizar e desenvolver a base industrial, cun investimento global para a creación da infraestrutura inferior a 20.000.000 €, ocasionan, entre outros, tramitacións necesarias para a adquisición de parcelas, trámites administrativos para a súa legalización, obtención de licenzas e importantes atrasos para o inicio dos proxectos de investimento aprobados, que impedirían a implantación no prazo establecido dos proxectos aprobados”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Ten pensado o Goberno Galego facer público o proxecto presentado polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. que foi subvencionado con 2.500.000€ con número de expediente IG274.2022.1.2? Porque non aparece o expediente desta axuda na páxina web do IGAPE?
2. Baixo que criterios cumpriu os obxectivos destas axudas o proxecto presentado polo Real Club Celta de Vigo S.A.D.? Presentáronse máis proxectos? Cales?
3. Quen formaba parte do órgano avaliador dos proxectos durante o proceso de avaliación dos mesmos?
4. Que sistema de avaliación se utilizou para a concesión desta axuda ao Real Club Celta de Vigo S.A.D.? No caso de proceder, que puntuación obtivo en cada un dos ítems enumerados no Artigo 12 punto 4 das bases reguladoras destas axudas?

Santiago de Compostela, 10 de setembro 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/09/2024 18:13:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/09/2024 18:13:48

Alexandra Fernández Gómez na data 10/09/2024 18:13:55

Carmela González Iglesias na data 10/09/2024 18:14:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Iago Suárez Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta escrita**, sobre a obriga de a CRTVG respectar e garantir a lealdade institucional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega acaba de facer público o *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*.

Trátase dun informe de 181 páxinas que, ao longo de 8 artigos asinados por investigadores e investigadoras de recoñecido prestixio, especialistas en diferentes áreas científicas, baixo a coordinación técnica da profesora Teresa Nieto e do profesor Eduardo Corbelle, analizan a afectación do proxecto de implantación dunha macrocelulosa no corazón de Galiza.

Entre as conclusións deste informe recóllese que o proxecto de implantación desta macrocelulosa non responde nin a un plan territorial nin a un plan industrial que fosen avaliados ambientalmente, produciría unha grave fractura no territorio, tería un impacto moi reducido na economía galega, requiriría ampliar a superficie forestal de especies do xénero Eucalyptus, non se teñen cuantificado todas as emisións que poderían ter efectos a longo prazo sobre a saúde, está proxectado sobre unha área proposta para a ampliación da Rede Natura que leva paralizada polo goberno da Xunta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desde o ano 2011 e provocaría graves prexuízos sobre o Camiño de Santiago, Patrimonio da Humanidade.

A elaboración deste informe dá resposta, pois, ás funcións do Consello da Cultura Galega como órgano de asesoramento do goberno da Xunta en cuestións relevantes para o país, determinado polo artigo 32 do Estatuto de Autonomía e regulado pola Lei 8/1983.

Con todo, o PP volve practicar, desde o goberno da Xunta, a falta de respecto e lealdade institucional cara ao traballo do Consello da Cultura.

Por unha banda, ignorou, máis unha vez, o cumprimento lexislativo ao non lle solicitar ao CCG o seu informe sobre as posíbeis afeccións patrimoniais e ambientais derivadas da implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S. L. (proxecto GAMA) na comarca da Ulloa.

Pola outra, invisibilizou a presentación deste informe nos medios públicos, negándolle o dereito á información á sociedade galega, permitiu que o xefe de informativos o ridiculizase en antena, ao tempo que difundía a opinión de membros do goberno da Xunta descualificando o rigor e contido deste informe por ser contrario á defensa unilateral que o PP asumiu, en parcería coa empresa e dando as costas á maioría da sociedade galega que se posicionou en contra.

E, finalmente, o presidente da Xunta acaba de recoñecer, no día de onte, na comparecencia posterior ao Consello da Xunta, que criticou o informe do CCG sen telo lido, isto é, mentíulle deliberadamente á sociedade galega nas opinións que transmitiu.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que desde a dirección da CRTVG se autoriza que se lle negue á sociedade galega o Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, elaborado polo Consello da Cultura Galega?
- Por que, desde a CRTVG, se alimenta a deslealdade institucional que practica o PP desde a Xunta en relación ao Consello da Cultura Galega?
- Como cualifica que o xefe de informativos se mofe en antena do traballo científico dun órgano estatutario destinado a asesorar o goberno como é o CCG?
- Pensa a DX que a función da CRTVG é mimetizarse nos argumentos discursivos do PP?
- Como vai reverter a CRTVG este apagón informativo a respecto do informe do CCG sobre a instalación dunha macrocelulosa en Palas de Rei?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2024

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Olalla Rodil Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/09/2024 18:32:09

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2024 18:32:34

Alexandra Fernández Gómez na data 10/09/2024 18:32:44

Iago Suárez Fernández na data 10/09/2024 18:33:01

Daniel Castro García na data 10/09/2024 18:33:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe impulsar o goberno galego para garantir o fortalecemento e o financiamento da Rede Galega de Centros de Información á Muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ámbito da promoción da igualdade de mulleres e homes salienta, pola súa relevancia na vida cotiá das persoas, todo aquel recurso ou ferramenta no ámbito máis próximo, é dicir, o local ou o comarcal. Neste sentido, ao longo das décadas Galiza foi avanzando progresivamente na extensión e consolidación de distintas ferramentas para a prevención, intervención e sensibilización en materia de igualdade e, singularmente, de loita contra a violencia machista.

Conforme o noso marco legal, o goberno da Xunta deberá promover que as entidades locais incorporen a perspectiva de xénero en todas as súas políticas, programas e accións administrativas, ben como o uso dunha linguaxe e unha imaxe non sexistas. Así mesmo, dende o respecto á autonomía das entidades locais, o goberno galego debe colaborar coas entidades locais para garantir a igualdade en todo o territorio e fomentar, entre outras iniciativas, a consolidación da Rede de centros de información á muller.

Así, corresponde ao goberno galego a responsabilidade de promover a creación e o mantemento de recursos de carácter permanente desde os cales se articule unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionen asesoramento xurídico,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada a conseguir a igualdade efectiva e, en especial, apoiar a extensión desta Rede para garantir o acceso de calquera muller do noso país a estes recursos.

Existe, polo tanto, un reto duplo: estender este servizo ao longo do territorio garantindo o reequilibrio territorial no acceso aos servizos públicos e, asemade, profundar na consolidación do servizo de forma que o persoal e o catálogo de servizos e actuacións avance. Así mesmo, a traxectoria colectiva neste ámbito fai que hoxe a experiencia adquirida sinala cales son as necesidades para avanzar, tal e como teñen sinalado as e os profesionais destes centros.

A consellaría con competencias en materia de igualdade debería destinar os recursos precisos que permitan articular unha estrutura de intervención global, con carácter permanente, capaz de garantir ás mulleres que o precisen duns servizos adecuados de asesoramento xurídico, atención psicolóxica, etc. Porén, a día de hoxe, o decreto 130/2016, do 15 de setembro segue a incumprirse en moitos extremos, non se reforzou adecuadamente o persoal para cumprir as obrigas impostas en materia LGBTI e a precariedade, a saturación e a temporalidade marcan moitos destes servizos. As figuras mínimas que se establecen neste decreto son insuficientes e a ampliación do catálogo de profesionais é unha demanda deste sector para cuestións tan esenciais como axilizar as cuestións administrativas.

É necesario recordar que se ben os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galiza delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, entre outros e tamén contribúe ao seu financiamento a través de convocatorias anuais en réxime de subvención e que o municipalismo galego ten solicitado en reiteradas ocasións a apertura dun debate sobre esta cuestión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza foi historicamente exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, mais aínda queda moito por facer. Un dos retos que temos por diante é precisamente dar un paso máis fortalecendo un instrumento coma os CIM, un chanzo necesario para garantir a igualdade de opcións e trato das galegas ao longo do territorio, para avanzar na profesionalización e na mellora da atención e para prever e intervir ante as necesidades actuais.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas vai impulsar o Goberno galego para fortalecer os CIM?

Vai impulsar o goberno galego medidas económicas para mellorar as condicións laborais das traballadoras?

E para mellorar, de acordo co municipalismo galego e as súas demandas, o sistema de financiamento dos CIM?

Considera o goberno galego necesario fortalecer os CIM con persoal técnico en igualdade? E persoal administrativo? Cales son as razóns?

Que vai facer o goberno galego para garantir persoal a xornada completa nos CIM?

Ten avaliado as problemáticas derivadas das dificultades de substitución das baixas laborais?

Que melloras vai impulsar para garantir que estes centros contén con recursos para desenvolver actividade propia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten avaliado a sobrecarga que supuxo e supón a asunción de competencias en materia LGBT? Considera que foi acertado?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2024 09:03:09

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2024 09:03:19





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2024 10:36:28
Nº Rexistro: 10910
Data envío: 11/09/2024 10:36:28.224

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A planificación na concesión de autorizacións para a posta en marcha de proxectos mineiros, que utilicen métodos de extracción e produción respectuosos co medio ambiente, é o primeiro paso para que Galicia poida posicionarse como unha rexión industrial avanzada, capaz de impulsar o desenvolvemento socioeconómico da súa comunidade e facilitar o reto da transición enerxética. Planificación mineira da que carece o Goberno galego.

Coa recente aprobación da Lei Europea de Materias Primas Críticas, que busca reforzar a soberanía e a competitividade dos Estados membros, establece parámetros de referencia que os países comunitarios deberán alcanzar para 2030: extraer do seu propio territorio o 10 % das materias primas críticas que consome ao ano, procesar o 40 % desa demanda e reciclar o 25 %.

A axilidade é outro dos obxectivos que persegue a adopción desta lei. Para iso, o tempo máximo para autorizar proxectos de extracción de materias primas críticas redúcese a 27 meses. Sen investigación xeolóxica non é posible determinar o potencial do subsolo galego e a base para poder investigar son os permisos de exploración que levan anos bloqueados.

Tras a reunión de traballo que tiveron no mes de abril de 2024 como voceira da Comisión 6ª do PSdeG coa Cámara Oficial Mineira de Galicia, ponse de manifesto pola institución cameral a necesidade urxente de que se realice pola Autoridade mineira galega un Censo Mineiro no que se actualicen en tempo





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2024 10:36:28
Nº Rexistro: 10910
Data envío: 11/09/2024 10:36:28.224

real todos os dereitos mineiros, as concesións de permisos de investigación, así como as concesións explotación en todo territorio galego, tanto os vixentes como os caducados.

Estas medidas, permitirían ordenar e planificar todos os recursos mineiros en Galicia e adaptarse as novas esixencias medioambientais de protección de hábitats protexidos e de ecosistemas no noso territorio, que en moitos casos non se están a cumprir polo Goberno galego, como por exemplo, a mina de Penouta, que é a única mina de coltán de Europa e que o Tribunal de Xustiza de Galicia paralizou con precaución por niveis alarmantes de metais pesados, que autorizara previamente a Xunta de Galicia, ou a mina de San Finx.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cando vai o Goberno galego a aprobar un censo ou plan mineiro no que se planifiquen e actualicen en tempo real todos os dereitos mineiros en Galicia susceptibles de investigación ou explotación?

Santiago de Compostela, 11 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/09/2024 18:45:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38883

@PSdeG



CSV: BGRSTRBQCFKZMBFgDca-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2024 10:36:28
Nº Rexistro: 10910
Data envío: 11/09/2024 10:36:28.224

Lara Méndez López na data 10/09/2024 18:46:08

CSV: B6P5TRB9CFLZMfEgDca-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38884

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A planificación na concesión de autorizacións para a posta en marcha de proxectos mineiros, que utilicen métodos de extracción e produción respectuosos co medio ambiente, é o primeiro paso para que Galicia poida posicionarse como unha rexión industrial avanzada, capaz de impulsar o desenvolvemento socioeconómico da súa comunidade e facilitar o reto da transición enerxética.

Tras a reunión de traballo que tiveron no mes de abril de 2024 como voceira da Comisión 6ª do PSdG coa Cámara Oficial Mineira de Galicia púxose de manifesto pola institución cameral a necesidade urxente de que se realice pola Autoridade mineira Galega un Censo Mineiro no que se actualicen en tempo real todos os dereitos mineiros, as concesións de permisos de investigación, así como as concesións explotación en todo territorio galego, tanto os vixentes como os caducados.

Do mesmo xeito, débese promover dende o Goberno galego o impulso de concursos mineiros caducados das catro provincias galegas, que non se convocan dende o 2011.

Estas medidas, permitirían ordenar e planificar todos os recursos mineiros en Galicia e adaptarse as novas esixencias medioambientais de protección de hábitats protexidos e de ecosistemas no noso territorio, que en moitos casos non se están a cumprir polo goberno galego, como por exemplo na mina de Penouta ou a mina de San Finx.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2024 10:37:38
Nº Rexistro: 10916
Data envío: 11/09/2024 10:37:38,036

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado o Goberno galego ordenar territorialmente as zonas susceptibles de explotación mineira, os efectos de avaliar con carácter previo ó outorgamento dos permisos de investigación ou explotación?
2. Ten pensado o Goberno galego ordenar territorialmente as zonas susceptibles de explotación mineira, os efectos adversos medioambientais sobre os ecosistemas e hábitats?
3. E ten pensado o Goberno galego ordenar territorialmente as zonas susceptibles de explotación mineira sobre as zonas protexidas por espazos de Rede natura e a súa posible ampliación?

Santiago de Compostela, 11 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/09/2024 18:39:52

Lara Méndez López na data 10/09/2024 18:40:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Daniel Pérez López e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as razóns e previsións do programa de turismo de benestar polo cal a Xunta prevé adxudicar un millón de euros á Fundación San Rosendo no lugar de abrir algún tipo de procedemento que permita a participación doutros axentes e no que se fixen obxectivos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de setembro, após o Consello da Xunta, o goberno galego anunciaba o apoio, por valor dun millón de euros, dun programa de turismo e benestar directamente dirixido á Fundación San Rosendo a través dun convenio de colaboración con Turismo de Galiza.

O termalismo é un sector estratéxico para o noso país, non só do punto de vista turístico, senón tamén social e sanitario. Así mesmo, é un sector que necesita un adecuado impulso despois do fracaso de Lei de augas lúdico termais da Xunta. Por iso, é importante destinar recursos públicos para o seu apoio e fomento. Porén, sorprende tal anuncio ao non definir pormenorizadamente os obxectivos nin a relación con outros programas que existen para o sector, como o programa de Política Social Benestar en Balnearios, e que aparentemente coliden. Sorprende así mesmo a mestura de conceptos sinalados na comunicación pública, na que se mestura o desenvolvemento turístico e as necesidades terapéuticas sen que acabe de quedar claro cales son as áreas responsables e cales son os elementos preponderantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, resulta sorprendente que non se aclare quen vai ser o público albo. Por unha banda, fálase de “análise das necesidades das persoas residentes”, pola outra de “desestacionalizar”. Non fica claro, polo tanto, se o público obxectivo son persoas residentes nalgún dos centros da Fundación, se as persoas residentes nas comarcas ou municipios afectados ou se ben, como podería inferirse doutros puntos da comunicación pública, se poderán ser usuarias e usuarios doutros centros residenciais ou mesmo cidadás e cidadáns. A maior abundancia, é estraña a mención a “persoas con doenzas específicas identificadas pola Fundación” sen explicitar que implicacións ten iso nin que criterios se van seguir do punto de vista sanitario cando despois se dá a impresión de que xa están previsto o número de usuarios e usuarias e as súas patoloxías. Ademais, hai unha clara ambigüidade entre a priorización dos tratamentos terapéuticos ou a dinamización turística. Neste último sentido, tampouco se explicita se a aposta pola “desestacionalización” vai implicar a apertura durante todo o ano das instalacións citadas.

Finalmente, cómpre sinalar que non parece tampouco unha aposta seria e rigorosa fundamentar un investimento público deste calibre en que son “obxectivos enmarcados na Estratexia de Turismo de Galicia 2024-2030” sinalando que aínda está “en fase de redacción” e que polo tanto nin é un documento aprobado nin é coñecido e socializado como debería ser unha Estratexia deste tipo que aspire a ser verdadeiramente útil.

É por estes motivos que é preciso afondar na transparencia, nas razóns e nas previsións do programa de turismo de benestar polo cal a Xunta prevé adxudicar un millón de euros á Fundación San Rosendo no lugar de abrir algún tipo de procedemento que permita a participación doutros axentes e no que se fixen obxectivos ou de fixar programas e medidas concretas, ben ao fío da planificación sanitaria, termal ou turística, en coherencia cos demais instrumentos e contando coa participación de todos os axentes do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que criterios obxectivos do punto de vista técnico e económico seguiu o goberno á hora de aprobar un convenio dun millón de euros cunha única empresa?

Por que este investimento ten a mesma previsión de persoas beneficiarias que é equivalente a outros programas semellantes que teñen tres veces menos orzamento?

Cal é a orixe deste convenio?

Que estudos socioeconómicos os acompañan?

Pasou esta proposta por algún dos organismos de participación e asesoramento en materia de termalismo?

Que papel ten ou vai ter a área termal?

E a área sanitaria?

Que encaixe ten este novo instrumento en relación co programa Benestar en Balnearios, que ofrece estadias en 15 establecementos da nosa Comunidade para persoas maiores de 60 anos?

Que tipo de criterios se seguiron para avaliar a idoneidade desta empresa para a “dinamización do rural”?

Cales son as accións detalladas que se van impulsar? Cal é o cronograma?

Que mecanismos de avaliación, seguimento e retorno dos obxectivos se van seguir?

Que marco temporal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2024 11:21:17

Daniel Pérez López na data 11/09/2024 11:21:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/09/2024 11:21:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o índice de pobreza infantil en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sufrimos no noso país, tras coñecer os datos recadados no 2023, un aumento da taxa de risco de pobreza e exclusión social e tamén a taxa de pobreza chegando, no caso da severa, a superar a porcentaxe do 7%. O número de menores que se encontran en risco de pobreza infantil ascendeu ao 25,8%, case dous puntos con respecto aos datos de 2022, sendo tal incremento preocupante se o traducimos como un indicador de que a pobreza dos fogares se agravou no último ano.

Isto ven a confirmar a necesidade de implementar medidas máis ambiciosas por parte da Consellería de Política Social se queremos acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible en Galiza, que se marcan para o 2030. Chegar en 6 anos a un índice de pobreza e exclusión social dun 14,4% parece pouco probable sen o compromiso dun aumento considerable do esforzo público por parte do goberno, xa que en 2023 tal índice debía estar nun 21%, case 5 puntos menos da realidade galega, que vai en sentido oposto a tal obxectivo da Axenda 2030.

Ditos índices de pobreza, son calculados a través duns valores que non son multidimensionais, que teñen como referencia principal a renda, onde se considerarían fogares galegos en risco de pobreza aqueles que sendo dous adultos e dous menores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ingresan mensualmente menos de 1923 euros e, no caso dos fogares dun só membro adulto, se este ingresa menos de 915 euros ao mes.

Evidénciase con estes datos que, cubrir as necesidades básicas dos galegos e as galegas nesta situación non é doado debido ás condicións económicas, ata o extremo de que estas familias en risco non son capaces, por exemplo, de manter a temperatura do seu fogar nuns límites adecuados para o benestar dos adultos ou das posibles crianzas, chegando a ser un 21,5 % da poboación a que está afectada por esta carencia. Isto agrávase coa crise da vivenda que levamos anos atravesando, sen que o número de vivenda social sexa significativo, cun crecemento na oferta estancado, mínimo ou nulo dende fai 15 anos e que afecta moito a este colectivo social, que en moitos casos destina mais do 40% da súa renda mensual para esta fin. Hai que engadir que as familias en risco non teñen tampouco capacidade de adquisición á hora de mercar produtos frescos, coma froita, carne ou peixe, que non se ofrecen nas bolsas de produtos básicos polo seu carácter perecedoiro, polo que non se inclúen practicamente na alimentación dos nenos e nenas que residen nestes fogares e que non comen carne ou peixe nin sequera dous días por semana, diminuindo moito a calidade da nutrición á que teñen acceso, derivando en problemas de saúde posteriores.

Os investimentos en política social son, cunha visión de futuro, unha menor inversión en asistencia sanitaria e en protección social e unha maior xeración de riqueza daquela, aplicando a visión de país, o obxectivo debe ser reducir estes índices proporcionando ámbitos seguros e estables aos menores, tratando deste xeito de reducir as súas carencias e que o ciclo da pobreza non se converta en perpetuo, estendéndose durante anos e incluso durante toda a vida, algo que prexudicaría a sociedade en conxunto e que perpetuaría a pobreza ata chegar a límites que non son asumibles por parte de ningún goberno. É salientable que o 45 % dos nenos, nenas e adolescentes que foron criados en contextos pobres ou de exclusión social, seguen vivindo en situacións semellantes como adultos, cun maior grao de fracaso escolar e abandono da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolarización temperán e unha pobreza laboral posterior, que os acompaña durante toda a vida.

Se queremos acadar unha igualdade real, temos que previr, evitar e reverter estes índices coa maior eficacia e rapidez posible, con medidas concretas efectivas e un maior grao de investimento en política social, tendo como foco principal os menores, aos que deberamos garantir a igualdade e os seus dereitos como cidadáns.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cales son os motivos do goberno para non recuperar a Tarxeta Básica en Galiza, tras o incremento da taxa de pobreza que nos leva a ir en contra dos obxectivos da axenda 2030?
2. Que medidas sociais ten pensado aplicar o goberno para evitar que a taxa de pobreza siga aumentando despois de 2023?
3. É consciente o goberno da Xunta de Galiza de que precisamos medidas transversais e ambiciosas para chegar a acadar os obxectivos da Axenda 2030 que se marcan para Galiza e dos que nos estamos afastando?
4. Por que o IMV en Galiza só chega ao 11% das familias en risco de pobreza?
5. Que número de axudas do IMV retirou ou denegou a Xunta de Galiza a través da Consellería de Política Social amparándose en erros de empadramento dos afectados e que logo foron corrixidas nos tribunais de xustiza?

Santiago de Compostela, 11 de setembro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 11/09/2024 11:56:36

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2024 11:56:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos, Sonia Vidal Lamas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración por parte do goberno galego do fracaso na súa planificación e reprogramación do Plan Director do Complexo Hospitalario de Ourense e ás actuacións que vai impulsar ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai dúas décadas Ourense sofre o deterioro das instalacións sanitarias do Complexo Hospitalario de Ourense, situado na cidade e que dá servizo a varias comarcas, tendo en conta ademais que hai determinados servizos que non se prestan nos hospitais comarcais da área, como son os de Verín e Valdeorras. Así, desde hai máis de vinte anos apostouse por acometer sucesivos parches no lugar dunha renovación total das instalacións e cunha constante alternancia entre atrasos e paralizacións do denominado Plan Director.

Despois dunha enorme paralización das reformas, escudada na crise financeira e nas restricións de gasto, en xullo de 2021 anunciábase a licitación do procedemento aberto multicriterio, suxeito a regulación harmonizada, mediante tramitación ordinaria, do contrato para a obra “Fase 1 da Reprogramación funcional do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

(CHUO)”, que foi finalmente adxudicada e formalizada o 03-03-2022 co contratista UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA-PUENTES Y





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. por un montante de 48.276.075,55€ e un prazo de execución de 40 meses.

O inicio da licitación desta fase de reprogramación chegaba exactamente 20 anos despois dos inicios, no ano 2001, do denominado Plan Director de Ourense, que foi sucesivamente abandonado, paralizado e/ou modificado por diferentes gobernos do Partido Popular sen que dese unha resposta integral ás necesidades dun conglomerado de edificios con uso sanitario que arrastran fondos problemas estruturais e que tiveron como resultado décadas dunha atención asistencial dependente de parches e con constantes problemas de caídas de muros, teitos, anegamentos, problemas de temperatura, décadas cunha cociña deficiente ata que por fin se renovou, constantes mudanzas dos servizos, peches de plantas e áreas enteiras por problemas de seguridade laboral ou industrial, denuncias de traballadores e traballadoras e de usuarios e usuarias, etc.

Entre as críticas a esta nova fase do Plan Director, máis alá dos incumprimentos e da carencia de información e dación de contas na programación orzamentaria, un dos elementos máis decepcionantes foi a renuncia, unha vez máis, a construír un novo edificio para substituír o Materno-Infantil, que ao longo deste período volveu presentar constantes problemas como inundacións, peches de áreas e, máis recentemente, a caída do teito da sala de partos, ocasionando máis de seis meses de paralización de varios servizos. Aínda despois destes feitos e das denuncias de insalubridade e inseguridade das e dos traballadores, a Xunta reafirmouse aínda no mes de xuño na planificación deseñada e en que era innecesario construír un novo edificio. Porén, no mes de agosto anunciaba que renunciaba á planificación prevista e que iría construír un novo edificio vistas as recomendacións das e dos profesionais. Esta última rectificación, que aparentemente debería ser positiva, chega tarde e supón ademais unha revisión ao Plan Director que debe ser clara, integral e transparente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense pagou os incumprimentos do goberno galego coas súas infraestruturas sanitarias, pois durante estes vinte anos foron construídos outros hospitais públicos mentres se deixaban de lado as necesidades das comarcas ourensás. Así mesmo, malia a falta de orzamento e de execución dos escasos orzamentos fixados para este hospital, puidemos ver o malgasto de recursos públicos para favorecer a iniciativa privada e determinados conglomerados empresariais. Recentemente, por exemplo, coñecemos como o Consello de Contas sinalaba o sobrecusto de 470 millóns de euros na contratación polo sistema de concesión da construción e xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. Ademais, tamén recentemente o Consello de Contas sinalaba no seu informe sobre a Área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras o avance na privatización da atención sanitaria.

Por este motivo, é preciso auditar e fiscalizar os resultados do Plan Director do Complexo Hospitalario de Ourense, avaliando os seus resultados, cumprimentos e responsabilidades. Finalmente, o novo contexto require tamén de facer unha actualización e planificación transparente nun novo Plan Director tanto das futuras instalacións e servizos como das previsións de orzamento e execución, e facelo en coordinación e diálogo cos e coas profesionais do ámbito sanitario da área.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Asume o goberno galego a necesidade de auditar o fracaso do seu Plan director do CHUO, que afecta ás e aos usuarios da Área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras?

Vai permitir a Xunta de Galiza que se audite o cumprimento do Plan Director?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o grao de execución da Fase 1 de reprogramación?

E do conxunto do Plan Director?

Asume o goberno galego a necesidade de impulsar unha nova planificación que comprometa investimentos e prazos para dotar adecuadamente o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)?

E de que participen as e os profesionais da área?

A renuncia a reformar o Materno e construír un novo edificio supón unha reprogramación da reprogramación funcional do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

Vai asumir responsabilidades políticas por tardar máis dunha década en asumir a necesidade dun novo edificio?

Que informes levaron a esta decisión?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iria Carreira Pazos

Sonia Vidal Iamas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2024 13:14:29

Iria Carreira Pazos na data 11/09/2024 13:14:44

Sonia Vidal Lamas na data 11/09/2024 13:14:59

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/09/2024 13:15:19

Secundino Fernández Fernández na data 11/09/2024 13:15:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a planificación por parte da Xunta dun novo edificio para o Hospital Materno-Infantil de Ourense, ás instalacións que vai comprender e á súa previsión orzamentaria e temporal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro do edificio do Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense é un dos principais problemas que tivo no ámbito das infraestruturas a sanidade ourensá nas últimas décadas. Cómpre recordar que malia o seu deterioro, advertido por profesionais e por usuarios e usuarias, a Xunta de Galiza negou reiteradamente a necesidade dun novo edificio e apostou en todas e cada unha das revisións que fixo do Plan Director, desde o ano 2001.

Cómpre recordar que aínda no ano 2018, Feijóo presentaba un novo proxecto de reforma deste edificio. Dous anos despois, no ano 2020, o goberno galego volvía anunciar a reforma integral do Hospital Materno-Infantil como prioritarias para manter a calidade asistencial na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Posteriormente, aínda no ano 2021, o goberno galego volvía comprometerse coa reprogramación do Plan director que conxelara durante a crise financeira. Finalmente, non foi ata o ano 2022 que se adxudicou a COPASA a Fase 1 da Reprogramación funcional do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) que non contemplaba un novo edificio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de deterioro é tal que nos últimos anos, ademais de continuar pechadas varias áreas deste edificio, sucedéronse diferentes incidentes que foron comunicados á inspección ou que foron denunciados publicamente. Un dos máis graves, polo seu risco e polas consecuencias en materia de dereitos que tiveron os máis de seis meses de demora en solucionalo, foi a caída dun teito na sala de partos a finais de 2023. Esta situación trouxo unha forte resposta profesional e cidadá, desde a comisión de centro a organizacións sindicais ou profesionais como as das matronas pasando por asociacións de lactancia e defensa da maternidade. A situación foi tan extrema que a cidadanía puido ver mesmo fotografías que amosaban a clara insalubridade das instalacións, ao habilitar os mesmos espazos para desprazar doentes e desprazar lixo, pechar durante demasiado tempo a sala de partos naturais, goteiras, etc.

Esta situación volveu poñer enriba da mesa o fracaso do Plan Director e o erro de non ter apostado por un novo edificio. Porén, o goberno galego reafirmouse na súa reprogramación e na súa actuación. Malia isto, o goberno galego anunciaba en agosto de 2024 unha rectificación e que construíra un novo edificio que unificará todos os servizos de materno infantil. Esta actuación, de ser realmente unha aposta por acelerar esta instalación e aproveitar a oportunidade para escoitar ás e aos profesionais e ampliar os servizos e instalacións, deixando de discriminar Ourense e de precarizar a maternidade e a saúde da muller nesta Área, sería unha noticia positiva malia a demora inxustificable no tempo.

Porén, este anuncio e a comunicación da Xunta deixan moitas preguntas abertas enriba da mesa que cómpre aclarar. En primeiro lugar, é evidente que a demora de máis de vinte anos en desenvolver o Plan Director do CHUO e en tomar esta decisión merecen unha explicación e unha asunción de responsabilidades políticas, máis aínda toda vez que se afirma que se toma a decisión pola recomendación dos informes das persoas expertas. Cabe, xa que logo, preguntarse desde cando o goberno galego ten





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informes que aconsellan a demolición do edificio. Un edificio no que, cando menos, nos próximos dous anos, seguiranse prestando servizos.

En segundo lugar, cómpre transparencia, consenso e compromiso respecto das instalacións que deben comprender as futuras infraestruturas. Por exemplo, aclarar se vai haber instalacións que favorezan o parto natural, que a día de hoxe só ten unha sala, a lactancia, maior intimidade, etc. Así, aínda que a Xunta afirmaba na súa nota pública “que esta obra supón a demolición das antigas instalacións, seguindo as suxestións dos técnicos especialistas. A este respecto, quixo destacar a ganancia en funcionalidade, “porque unha nova obra permitirá adaptar os espazos á demanda dos profesionais”, posibilitando neste caso un novo espazo adicional no soto.” é preciso avanzar na concreción.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Desde cando aconsellan os informes que coñece a Xunta a demolición do actual edificio materno infantil de Ourense?

Vai impulsar o goberno galego unha mesa de traballo para atender nas futuras instalacións as demandas de profesionais e de usuarias?

Vai impulsar, por exemplo, máis salas de parto natural? Cantas? Que outras medidas de apoio ao parto vai impulsar?

Vai impulsar medidas que apoien a lactancia materna?

E vai impulsar unha reserva de espazo para a Comisión de Lactancia, no caso de que deixe de boicoteala?

Cal é o orzamento que prevé? E as fases temporais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está a acordar coas profesionais implicadas e a comisión de centro o que atinxe á previsión do traslado dos servizos do Materno?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2024 13:54:52

Iria Carreira Pazos na data 11/09/2024 13:55:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/09/2024 13:55:12





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10964
Data envío: 11/09/2024 16:21:03,757

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego se puideren manter sen deixar a ninguén atrás. Cando estabamos remontando esta crise, a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas e na industria, nos mercados globais e sobre o crecemento económico a medio e longo prazo, cun incremento do IPC interanual en xuño de 2023 que chegou ao 11,1 en Galicia, case un punto máis que no Estado (10,2).

Ante esta realidade, o Goberno do Estado socialista aprobou inmediatamente os reais decretos-lei 6/2022 e 11/2022 con medidas que supuxeron máis de 15.000 millóns de euros para paliar os efectos desta realidade socioeconómica, entre elas, o incremento nun 15 % do Ingreso Mínimo Vital e das pensións non contributivas, a creación dun bono social de 200 €, unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles, establecendo un límite dun 2 % ao incremento dos alugueres, incrementando o bono eléctrico para máis familias, a rebaixa dun 0,20 céntimos /litro nos combustibles ou coa aprobación do bono aluguer mozo, que supón 235 €/mes para as persoas menores de 35 anos.





Durante este tempo, o ex-presidente Feijóo e o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dedicaron os seus esforzos a criticar as medidas postas en marcha polo Goberno de Pedro Sánchez no canto de coaduxar coa posta en marcha de medidas inmediatas e eficaces para que ninguén quede atrás en Galicia. Sendo a primeira medida de calado tomada polo actual presidente do executivo retirar a tarxeta básica que daba cobertura a 75.000 familias galegas, anunciar o bono alugueiro mozo posto en marcha polo Estado ou a posta en marcha dun programa de fomento da mobilidade sustentable destinando 500.000 euros en axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas.

Asemade, fronte o apoio do Goberno do Estado, no momento actual Galicia lidera o incremento da inflación. O pasado 13 de agosto de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba o Informe sobre as variacións nos índices de prezos de consumo cos datos definitivos correspondentes ao mes de xullo de 2024. Como vén sendo habitual, Galicia rexistra unha taxa superior á do Estado español Así, fronte a un 2,8 % estatal, Galicia rexistraba un aumento de tres décimas máis, situándose no 3,1 %, Así mesmo, é preocupante que unha vez máis a inflación subxacente é tamén superior á rexistrada no Estado. Galicia é a única comunidade autónoma no que a inflación segue a crecer nos derradeiros catro meses de maneira constante.

Unha situación que afecta ás familias en xeral, pero cébase especialmente coas familias máis vulnerables e con determinados sectores produtivos e, xa que logo, volve ser preciso o compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións, que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto desa situación que están a padecer as familias, as persoas autónomas e as empresas.

Respecto ao bono social eléctrico como medida de protección social, o artigo 10 da Real decreto-lei 18/2022, do 18 de outubro, recolle a aplicación temporal do bono social de electricidade aos fogares con baixos ingresos particularmente afectados pola crise enerxética. O Goberno tamén ampliou as





axudas do bono social para protexer aos consumidores vulnerables. Estas medidas estarán vixentes ata o 30 de xuño de 2025.

Tamén, o bono social térmico é unha axuda económica implementada polo goberno español en 2018, destinada a apoiar aos consumidores vulnerables cos seus gastos de calefacción, auga quente e cociña. Este bono actúa como un complemento ao bono social eléctrico e outórgase automaticamente a aqueles que xa son beneficiarios do devandito bono, sen necesidade de realizar trámites adicionais. Consiste nun pago único anual que se ingresa directamente na conta bancaria onde o consumidor ten domiciliada a súa factura eléctrica.

Mentres, a Xunta de Galicia eliminou o bono social térmico aducindo que as facturas baixaron. Unha tendencia que aproveita o Goberno galego para eliminar unha axuda que chegaba a máis de 80.000 familias, deixando o Goberno galego ós máis vulnerables sempre atrás, mentres seguen a baixar os impostos ás rendas e patrimonios máis altos que non favorecen á xente do común.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia necesario recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico que se suprimiu recentemente para paliar os problemas de risco de pobreza e exclusión social que sofre o 25,5 % da poboación galega e que recibían unhas 82.000 familias?
2. Vai a Xunta de Galicia achegar neste ano presente ou no ano 2025 unha contía idéntica á achegada polo Estado para bono social eléctrico?

Santiago de Compostela, 11 de setembro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10964
Data envío: 11/09/2024 16:21:03,757

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/09/2024 14:02:19

Elena Espinosa Mangana na data 11/09/2024 14:02:29

Lara Méndez López na data 11/09/2024 14:02:37

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38907

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQnISZKQ/204-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Óscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao endebedamento de Galiza e ás actuacións nas que debe colaborar o goberno galego para que o noso país poida paliar o seu impacto negociando unha quita.

Exposición de motivos.

Galiza ten na súa débeda pública un dos principais problemas económicos, froito tanto da deficiente xestión do Partido Popular na Xunta como da imposición das forzas estatais dun marco lesivo e centralista de reparto de déficit tanto na crise financeira como en momentos posteriores.

Así, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas que elabora periodicamente o Banco de España, o noso país ten unha débeda de 12.397 millóns de euros no I trimestre de 2024, a segunda cifra máis alta da historia. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que nos orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de máis de catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora.

Nun contexto onde se reabre o debate sobre o modelo de financiamento, está enriba da mesa tamén o debate sobre a renegociación da débeda no marco estatal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que, como dicíamos máis arriba, o marco centralista do reparto do déficit e as medidas adoptadas coa coartada da crise financeira de 2009, derivou no endebedamento de moitas administracións para asumir as competencias estatutarias mentres o Estado acaparaba a meirande capacidade de gasto. Afortunadamente, malia o papel submiso do goberno da Xunta, o papel decisorio das forzas soberanistas no conxunto do Estado ten situado a necesidade de negociar a débeda no centro do debate.

Recentemente, no Debate sobre o Estado da Nación de 2023 os grupos parlamentarios dos Populares de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego chegaron a un acordo político a respecto das eivas do sistema de financiamento e da demanda dun trato xusto para Galiza na súa negociación e na negociación das débedas das comunidades de réxime común. Dito acordo, recollía os seguintes termos “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico, no que Galicia traballará a prol de avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno e garantir uns servizos públicos de calidade e as necesidades de transformación económica, defendendo unha financiación xusta para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecustes que a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos, así como doutros factores que condicionan o desenvolvemento socioeconómico galego. Así mesmo, defenderase a valoración un modelo xusto de Financiamento Local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos e no caso de condonación ás comunidades que se adheriran ao FLA, se compense equitativamente ás comunidades que non o fixeron.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, o nacionalismo galego, en coherencia coa súa defensa de Galiza, fixo valer esta cuestión na negociación do acordo de investidura e comprometeu ao novo goberno do Estado a que en caso de condonacións totais ou parciais da débeda adquirida por comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómica, estableceríanse medidas compensatorias análogas para a Galiza.

Porén, recentemente viamos como o líder estatal do Partido Popular e ex Presidente da Xunta, o señor Feijoo, prohibía aos seus “baróns” a negociación de quita algunha co goberno estatal. Esta situación é enormemente preocupante vistos os precedentes de submisión da Xunta á estratexia de Génova, pois non negociar a redución ou quita da débeda galega tería consecuencias moi negativas para o noso país. É preciso, polo tanto, que o goberno galego se comprometa con actuar desde unha posición de país, sen subordinarse á estratexia estatal do Partido que o forma, e defenda os intereses dos galegos e galegas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno galego desvincularse da estratexia de Feijoo e defender Galiza negociando co Estado a redución da débeda e un mellor financiamento?

Vai o goberno galego desvincularse da estratexia de Feijoo e defender Galiza negociando co Estado un mellor financiamento?

Asume o goberno galego o fracaso das negociacións no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que o goberno non aproveita a oportunidade de negociar a redución dunha débeda que se incrementou como consecuencia do marco centralista, ademais e pola súa deficiente xestión?

Vai deixar a Xunta de Galiza de obstaculizar que Galiza poida reducir unha parte da súa débeda e negociar co Estado a concreción dos seus termos?

Como prevé abordar o descenso de recursos extraordinarios para 2025?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Brais Ruanova Vilas-Boas

Óscar Insua Lema

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2024 16:43:51

Ramón Fernández Alfonso na data 11/09/2024 16:44:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/09/2024 16:44:11

Óscar Insua Lema na data 11/09/2024 16:44:19

Rosana Pérez Fernández na data 11/09/2024 16:44:25





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2024 16:46:07
Nº Rexistro: 10974
Data envío: 11/09/2024 16:46:07.190

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 8 de decembro de 2023, o barco cargueiro Toconao perdeu seis dos contedores que transportaba fronte á costa de Portugal.

Entre a carga extraviada atopábase un contedor con máis de 27 toneladas de pellets de plástico, distribuídos en 1.050 sacos de 26,25 quilos cada un.

Uns días despois deste incidente, estes plásticos comezaron a chegar ás praias de Galicia.

No mes de marzo de 2024 a Xunta contabilizaba 201 sacos recollidos dos 1.050 extraviados.

Os pellets son a materia prima utilizada para producir todos os plásticos, e unha vez no medio ambiente, estas pequenas partículas de plástico non se biodegradan e non se poden eliminar.

Dende o Goberno galego cunha falla de transparencia total non se publicaron os protocolos de recollida de posterior xestión destes residuos polo que transcorridos 7 meses non sabemos que foi deles.

Desde o Grupo Socialista solicitamos a este goberno que informe do destino dos pellets recollidos nas diferentes praias galegas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2024 16:46:07
Nº Rexistro: 10974
Data envío: 11/09/2024 16:46:07.190

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Como foron tratados os residuos pellets recollidos pola Xunta de Galicia nas praias galegas que proviñan do incidente sufrido o 8 de decembro de 2023, polo barco cargueiro Toconao fronte á costa de Portugal?
2. Elaborou o Goberno galego algún protocolo de recollida e tratamento posterior?
3. Como foi o proceso de xestión dos pellets por parte do Goberno galego trala súa recollida?
4. Cal foi o custe derivado da recollida e xestión posterior destes recursos pellets?

Santiago de Compostela, 11 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/09/2024 16:41:07

Carlos López Font na data 11/09/2024 16:41:16

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38914

@PSdeG



CSV: BGRISJTRBGSU20V6X2Q583
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Entre os días 4, 5 e 6 do mes de setembro deste ano, un lume con orixe en Portugal queimou, logo de entrar en territorio do concello de Lobeira e estenderse despois polo límite concello de Entrimo, arredor de 225 hectáreas.

Un ano máis, e a conta que os acumula xa é moi longa, un incendio forestal de considerables dimensións afectaba a esta parte do suroeste ourensán. Un verán máis a comarca da Baixa Limia sitúa a súa superficie na parte alta do catálogo de lumes.

Pero non é, ou non deberíamos resignarnos e consideralo así un incendio máis, nin son as calcinadas unhas hectáreas calquera. O monte ardido neses cumios da Fandia e Serra de Quégoas pertencen a zonas de especial protección do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Falamos dun territorio que reúne todas as consideracións medioambientais:

- Rede Natura 2000, zona Zepa, Reserva da Biosfera da Unesco.. que o converten, ou deberían convertelo, en obxectivo prioritario á hora de trazar as políticas de xestión dos espazos protexidos.





A realidade, non obstante, constata un panorama ben distinto que vai deixando ao descuberto todas as carencias que a Administración autonómica vén arrastrando non últimos lustros.

A falta de impulso que o Goberno galego arrastra no manexo diario deste parque - sen director ou directora a día de hoxe que o rexa – foi impondo a unanimidade na sensación que respecto del ten as partes afectadas (veciños, colectivos, asociacións, comunidades de montes, autoridades locais e visitantes); a decepción e incomodade, prexuízo e resignación.

Basta ver o estado das infraestruturas que o propio parque nos seus inicios creou para darse idea clara da lamentable situación.

Desbarátese así un dos piares sobre os que se construíu esta figura de protección, a dun motor económico para a zona a través do deporte de montaña e o de turismo de natureza e que constituíu o argumento principal nun parque que ten como principal característica a de estar habitado.

O lume, teimoso e recorrente no Xurés converte en cinza o segundo dos baseamentos que o sostén; unha flora e unha fauna de valía tal que merecen o recoñecemento desde o punto de vista ambiental que ao principio temos citado.

Polo exposto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que é admisible o número de incendios forestais e a superficie queimada no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés nos últimos tempos?





2. Resígnase a conselleira de Medio Ambiente e a do Medio Rural a que esta situación se siga dando nos anos vindeiros?
3. Cales son as medidas acordadas co Goberno portugués para coordinar as actuacións en caso de incendios orixinados en territorio luso?
4. Que plan de actuación ten o Goberno galego para que o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés se converta en motor económico da Comarca Baixa Limia?
5. Cando van reparar as infraestruturas que se encontran en mal estado (paneis informativos, limpeza e sinalización de rutas ...)?

Parlamento de Galicia, 11 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/09/2024 17:00:56

Lara Méndez López na data 11/09/2024 17:01:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38917

@PSdeG



CSV: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/verificacion>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Rosana Pérez Fernández, Óscar Insua Lema, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o traballo realizado pola Oficina Económica de Galiza dependente do IGAPE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual Oficina Económica existe dende o pasado 1 de xaneiro, momento no que entra en vigor a reformulación da anterior Oficina Doing Business Galicia a través da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Lei de acompañamento) e a supresión da Unidade Galicia Emprende.

Entre as cuestións chave que trataría esta oficina, a cal se organiza dentro do Instituto Galego de Promoción Económica, está a de ser “o órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei [Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas] para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e na tramitación das iniciativas empresariais, así como do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais”

Analizando as funcións desta oficina poderíanse resumir en tres apartados:

- a) Ser o punto de contacto centralizado e singular para dar información e soporte á hora de materializar novos proxectos empresariais.
- b) Valorar aqueles proxectos susceptibles de seren declarados proxectos industriais estratéxicos así como actuar sobre os xa declarados en risco de continuidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Elaborar un informe anual de actividade.

Así e todo, no mes de setembro [2024] a Conselleira de Economía en Industria, a sra. Maria Jesús Lorenzana, nunha visita ás instalacións da Oficina Económica (no edificio do IGAPE) puxo en valor o traballo realizado por esta oficina dende o mes de abril, onde cuantificaba o número de consultas realizadas en máis de 5000 e puña en valor que este instrumento público conta cun persoal de máis de 100 persoas traballando na oficina.

Deste volume de solicitudes de información, dende a propia administración, salientase o asesoramento personalizado a 146 proxectos.

Se se analizan os proxectos declarados Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) en Galiza dende abril, só se anunciaron dous novos proxectos en Consello da Xunta. O primeiro, a reapertura da Mina de Touro-O Pino, proxecto presentado por Cobre San Rafael, cunha declaración de investir preto de 200 millóns de euros, mais só aparece a nivel de nota de prensa, xa que nin no Diario Oficial de Galiza nin na propia páxina da Consellería de Industria se pode atopar información concluínte ao respecto desta declaración como PIE. Na mesma liña se atopa o segundo PIE declarado, a planta de hidróxeno verde Arteixo H2V (que xa fora declarado IEP en decembro de 2023) do que só se coñecen as notas de prensa que trasladou o Goberno Galego.

Se se analiza outra das fórmulas para poñer en valor proxectos empresariais, están as Iniciativas Empresariais Prioritarias (IEP), das cales dende o mes de abril só se declararon dúas novas iniciativas, que no total suman vinte e sete.

En último lugar cando se contrastan estes datos cos do descenso reiterado do Índice de Producción Industrial (IPI) no territorio Galego, onde o último dato de variación interanual ofrecido polo Instituto Galego de Estadística (Xuño 2024) situaba unha caída de 3.3 puntos porcentuais deixa en entredito se o conxunto industrial do país se está a ver beneficiado da xestión desta oficina.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo isto, cabe preguntarse se a xestión que se está a realizar dende a tan anunciada Oficina Económica está a dar como resultado unha dinamización real do tecido produtivo galego, se está xustificada a inversión de 6 millóns de euros para unha oficina, que no práctico se pode dicir que xa existía, e como encaixa para o volume de traballo unha dotación de persoal de máis de 100 profesionais.

Así mesmo, cómpre salientar que dentro das funcións de acompañamento e de coordinación entre as empresas que buscan asesoramento hai certo solapamento entre esta oficina e a Oficina de Coordinación Económica dependente da Presidencia da Xunta, a cal, segundo as últimas declaracións do seu secretario xeral en sesión da Comisión 3ª do Parlamento de Galiza, ten por obxectivo promover e coordinar a posta en marcha de proxectos estratéxicos para Galiza. É canto menos curioso que existan dúas entidades de características tan similares dentro do organigrama do goberno galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Como valora o Goberno Galego a eficiencia da Oficina Económica de Galiza en función do número de consultas prestadas e a evolución do tecido empresarial galego?
2. Pensa o Goberno Galego que existe redundancia e solapamento de funcións entre a Oficina Económica de Galiza e a Oficina de Coordinación Económica?
3. Como se xustifica o investimento de 6 millóns de euros en dita oficina?
4. Que criterios de seguimento e asesoramento das consultas realizadas se está a seguir co fin de garantir o desenvolvemento empresarial en Galiza?
5. Como cuantifica o Goberno Galego as consultas realizadas? Canto tempo destina o persoal da oficina no asesoramento das consultas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Cre o Goberno Galego que o balance de declaración de dous PIE e dúas IEP dende abril é positivo para o volume de capital económico, de persoal contratado e de número de solicitudes asesoradas? Cando e como pensa o Goberno Galego poñer en exposición pública estes dous PIEs mencionados na iniciativa?

7. En que modalidade de contratación está o persoal adscrito a esta oficina, cuantificado en máis de 100 profesionais pola conselleira?

8. Que medidas pensa despreparar o Goberno Galego para reverter a caída reiterada e continuada do IPI en Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonso

Óscar Insua Lema

Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2024 17:12:59

Rosana Pérez Fernández na data 11/09/2024 17:13:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 11/09/2024 17:13:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/09/2024 17:13:18

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/09/2024 17:13:24





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Desde o 25 de xuño do ano 2021, está en vigor a Lei orgánica 3/2021 de regulación da eutanasia.

Esta lei deu resposta xurídica, sistemática, equilibrada e garantista, a unha demanda sostida que existía na sociedade como era e é a eutanasia. E recoñece a toda persoa o dereito para solicitar e recibir a axuda necesaria para morrer e establece o procedemento que debe seguirse e as garantías para observar.

Pero xa no ano 2015, mediante a Lei 5/2015 do 26 de xuño, Galicia incorpora ao seu ordenamento xurídico unha nova norma, con rango de lei, sobre os dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, que ten por obxecto o respecto e a calidade de vida e a dignidade destas persoas e o recoñecemento explícito dos seus dereitos, deberes e garantías.

E a citada Lei orgánica 3/2021 nos seus artigo 17, leva a que a Consellería de Sanidade, aprobase o Decreto 101/2021, do 8 de xullo, crease a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia, e modificásese o Decreto que regulaba a creación e a autorización dos Comités de Ética Asistencial.

Na Lei orgánica tamén se regula o mandato dirixido aos servizos públicos de saúde, para que, no ámbito das súas competencias, apliquen as medidas precisas para garantir o dereito á prestación de axuda para morrer, por suposto, nos supostos e cos requisitos que a citada lei establece.





Pero os resultados en Galicia é que case un terzo das persoas que solicitaron a eutanasia en Galicia faleceron mentres se tramitaba a axuda para morrer. Exactamente o 35,1 % segundo a Memoria de actividade e avaliación do ano 2023 da prestación de axuda para morrer en Galicia, publicada no portal do Sergas.

O número de solicitudes de prestación de axuda para morrer en Galicia desde a entrada en vigor foron 75 e realizárona 27.

Pero segundo a propia Consellería de Sanidade, o número de solicitudes presenta unha tendencia crecente (só do ano 22 ao 23 incrementouse en máis dun 32 %).

Esta lei que recolle o respecto pola dignidade das persoas e pola súa autonomía, supuxo un enorme saldo pero non pode supoñer un sufrimento engadido na resposta a todas e cada unha das solicitudes de axuda a morrer.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Está disposta a Consellería de Sanidade a acelerar as respostas ás solicitudes da axuda para morrer, para que non suceda o que estamos a vivir a día de hoxe que hai un terzo de persoas que falecen mentres se tramita a axuda para morrer?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 11/09/2024 17:31:11

Silvia Longueira Castro na data 11/09/2024 17:31:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres, Ariadna Fernández González e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da avespa velutina en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tártago negro de patas amarelas, chamado cientificamente *Vespa velutina nigrithorax* tamén coñecida como avespa velutina, avespa asiática, adaptouse notablemente ben ao clima e ás condicións ambientais de Galiza. Esta especie invasora prefere os solos agrícolas e urbanos, onde atopa abundante alimento e lugares axeitados para construír os seus niños. Tanto é así que leva na Galiza os últimos 13 anos.

A súa expansión en Galiza foi facilitada pola suavidade das temperaturas e a ampla variabilidade térmica da rexión costeira. E a aplicación VeluMap, desenvolvida pola USC prevé que a velutina continuará expandíndose, especialmente nos vales do Miño e do Sil.

En 2024 a situación coa avespa velutina amosou unha lixeira mellora en Galiza, de feito os avisos por niños diminuíron á metade en comparación co ano anterior. Unha situación que é consecuencia do reforzo no trampeo e control da especie, mais tamén de que a primavera chuviosa freara a proliferación de niños.

Porén, a velutina segue sendo un problema significativo, especialmente na provincia de Pontevedra, onde se neutralizaron 589 niños.

Na pasada lexislatura dende o BNG facíamos fincapé no Congreso de control, do 5 de novembro de 2023, que organizaba a Asociación Galega de Apicultura (AGA) en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colaboración co GDR da zona e mais co Concello de Chantada. Alí foron presentadas experiencias de control remoto feitas en Asturias con resultados altamente positivos.

En síntese as estratexias alí expostas e co aval de varios anos de ensaios amosa como a máis efectiva a denominada técnica dos troianos, que consiste na captura de modo intensivo, e un por un, de exemplares de tártagos recolletores, aos que se inmoviliza e meticulosamente se lles coloca unha mínima carga de biocida no abdome e son liberados para que transporten este biocida ao niño. Ao cabo de poucos días a presenza de tártagos é case nula. Esta actuación xa se adoptou na Galiza, mais non de un xeito sistemático malia a súa efectividade.

Nos últimos meses parece que a velutina desapareceu porque non están sendo vistas como nos tiña afeitos cuns niños enormes, mais na actualidade a presenza da velutina esta a invadir as casas, aproveitando pequenos ocos para facer alí os seus niños, coa perigosidade que iso conleva. Así pois, está amosando un comportamento radicalmente distinto ao dos anos anteriores, e están sendo avistados niños no chan, nas casas e en lugares cada vez mais pretos das persoas.

O tártago negro de patas amarelas, e máis aínda diante da tremenda capacidade de adaptación que amosa, segue sendo unha preocupación, especialmente durante os meses de verán, cando as temperaturas favorecen a súa actividade.

Dito isto, os principais desafíos seguen sendo:

- O impacto na apicultura por os ataques as colmeas das abellas autóctonas, afectando a produción de mel e a polinización.
- O risco para a saúde pública xa que as picaduras de velutina poden ser de extrema gravidade. A súa presenza en zonas rurais e urbanas aumenta o risco de picaduras.
- O control e erradicación malia os esforzos para capturar raíñas e eliminar niños, porque a velutina segue adaptándose e proliferando.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten a Xunta algún grupo de investigación facendo seguimento do comportamento da praga do tártago negro de patas amarelas?
 - Que saben do comportamento da tártago negro de patas amarelas neste 2024?
 - Como valora a Xunta este novo comportamento?
 - Que cantidade de fondos esta dedicando a Xunta nestes dous últimos anos á investigación?
 - Considerou a Xunta utilizar a técnica dos troianos? Se é así, cal foi o resultado?
- No caso de non considerala, cales son as razóns que alegan?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**

Secundino Fernández Fernández

Ariadna Fernández González

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 11/09/2024 17:47:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 11/09/2024 17:47:43

Secundino Fernández Fernández na data 11/09/2024 17:48:01

Luis Bará Torres na data 11/09/2024 17:48:10

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/09/2024 17:48:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Brais Ruanova Vilas-Boas, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade dun estudo científico sobre os potenciais efectos das fábricas produtoras de celulosa na saúde das persoas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A realización de estudos epidemiolóxicos resulta fundamental para avanzar na ciencia e no coñecemento, tamén, por suposto, en materia de saúde. Grazas á elaboración destes estudos, de alta calidade científica, coñecemos a relación entre a exposición a determinadas substancias e a aparición de patoloxía, desde as máis accesíbeis coma o tabaco e infarto de miocardio, ou outras máis directamente relacionadas con exposición profesional, como pode ser a exposición ao silicio e a silicose, ou ao asbesto e o mesotelioma maligno.

Ao longo da historia, foron xurdindo novas patoloxías ao tempo que tamén se logrou erradicar outras. A industrialización e os cambios socioeconómicos que se derivan dela foron unha das fontes de aparición destas patoloxías, e en consecuencia, houbo que introducir novos controis e adaptacións para minimizar o impacto sobre o ser humano, nomeadamente no caso da clase traballadora, por ser a máis exposta. A prevención de riscos laborais resulta, pois, fundamental para preservar a saúde e a integridade do persoal. Cómpre non desatender tamén a saúde da poboación xeral, que se ve indubidabelmente afectada por este proceso de industrialización, pola contaminación xerada ou polo o nivel de ruídos e iluminación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a pesar deste impacto que ten sobre a saúde humana son moitos os impactos das industrias que están sen estudar. E o que non se estudia non se pode cuantificar nin avaliar correctamente, e en consecuencia, non se poden adoptar medidas correctoras para evitar potenciais efectos nocivos.

Na Galiza existen a día de hoxe varias plantas produtoras de celulosa, ás que se suma o proxecto dunha nova industria en Palas de Rei a mans de Altri, que se ben pretende producir fibras téxtiles a partir da celulosa, o proxecto reconece na práctica unha produción de pasta de celulosa solúbel en absoluto desprezábel. Unha das preocupacións que está a espertar entre a veciñanza este proxecto é precisamente que efecto vai ter sobre a saúde humana. Por unha parte, porque sendo o Ulla a fonte de abastecemento de auga de miles de persoas, vai recibir un vertido de 30M L/día de auga que sufriu todo o proceso químico industrial. Mais tamén pola cheminea da fábrica, que emitirá ao día máis de 8.700 quilos de óxidos nitrosos, óxidos sulfurosos e material particulado.

Neste senso, vén de ser publicado un informe elaborado polo Consello da Cultura Galega analizando o impacto que tería esta fábrica sobre diferentes eidos, sendo un deles, precisamente, o da saúde humana, e recolle importantes cautelas a respecto da afectación que tería a este nivel. De feito, salienta a eiva que supón a falta de evidencia científica para poder elaborar unha análise rigorosa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera o goberno galego que as plantas de produción de celulosa poden ter impacto sobre a saúde humana?
- Que opinión lle merece ao executivo a falta de estudos epidemiolóxicos a este respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que non impulsou en ningún momento estudos científicos para coñecer estes impactos, tendo en conta as que existen a día de hoxe na Galiza?
- Que medidas ten previstas o goberno galego para preservar a saúde da poboación fronte á contaminación?
- Cales son as previsións para controlar a contaminación que suporá a factoría de Altri en Palas de Rei?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Brais Ruanova Vilas-Boas
Montserrat Valcárcel Armesto
Olalla Rodil Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/09/2024 18:18:12

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/09/2024 18:18:28

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2024 18:18:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2024 18:18:53

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/09/2024 18:19:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación das listas de espera do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise das listas de espera hospitalaria é un dos indicadores que permite coñecer a situación do sistema sanitario. Na Galiza non contamos coa posibilidade dunha análise rigorosa e cinguida á realidade porque o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza leva anos negando o acceso a unha parte desas listas de agarda, as non estruturais, a pesar da demanda política, sindical e social.

Aínda así, a través dunha visión parcial destes indicadores podemos ver como a sanidade galega presenta uns datos de agarda no sistema hospitalario preocupantes. A data de 31 de decembro de 2023, eran 45.027 as persoas en espera dunha cirurxía; 212.281 as que estaban en agarda dunha primeira consulta hospitalaria, das que 3.078 tiñan máis de 12 meses de espera; e 114.632 as que agardaban por unha proba diagnóstica, das cales 2.260 acumulaban máis dun ano nesta lista. Neles pódese constatar que, se ben hai unha lixeira diminución do global de pacientes en lista de espera, incrementáanse os tempos de agarda, así coma a cronificación de problemáticas xa coñecidas, coma a acumulación de pacientes agardando por unha primeira consulta de rehabilitación en Ourense.

Cómpre ter presente que moitas das pacientes que están nunha situación de agarda non figuran nestes listados, ben por estaren incluídas nunha lista de espera non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estrutural – totalmente opacas –, ben por non teren unha data asignada para a realización desa proba ou consulta. Ademais, tampouco estes indicadores reflicten a totalidade do sistema sanitario, pois sucédense as protestas de pacientes pendentes dunha consulta de revisión que agardan meses por esa cita, superando maioritariamente os criterios clínicos establecidos.

Fronte a isto, após o Consello da Xunta do 12 de xaneiro de 2023 foi anunciado un programa de intensificación asistencial durante ese ano para reducir os tempos de espera de cirurxías, consultas e probas diagnósticas, mais a día de hoxe aínda non se coñecen os resultados e avaliación de dito programa. Todo o contrario, na área sanitaria de Ourense vén de facerse pública a incapacidade para asumir no Sergas as actuais listas de espera, argumento esgrimido para convocar un concurso público para asinar un acordo marco de asistencia sanitaria con centros privados que durará catro anos e para o que estima un gasto próximo aos 10M€ por ano.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que o goberno non fai públicas as listas de espera non estruturais?
- Cantas pacientes están a día de hoxe nunha lista de espera non estrutural? Cales son os tempos medios e máximos de espera nestas listaxes?
- Considera que se garanten os dereitos da poboación, así coma sindicatos e forzas políticas, ao ocultar unha parte dos datos da asistencia sanitaria?
- Por que non se lle adxudican as citas a todas as pacientes no momento de solicitárenas e se deixan sistematicamente pendentes dunha citación posterior?
- Cales son os resultados do “Programa de intensificación en 2023 para reducir os tempos de espera” anunciado no Consello da Xunta do 12 de xaneiro de 2023? Que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orçamento se dedicou a este programa? Cantas profesionais foron contratadas con este propósito? Cal é o número de cirurxías, consultas hospitalarias e probas complementarias realizadas? Que variación se produciu respecto a anos previos?

– Cantas pacientes foron derivadas a centros privadas nos últimos cinco anos? Cantas cirurxías foron derivadas? Que probas diagnósticas?

– Cales son as medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza, unha vez demostrada a ineficacia das existentes, para garantir que a sanidade pública dea resposta ás necesidades da poboación galega?

Santiago de Compostela, 12 setembro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/09/2024 10:10:48

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2024 10:11:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a autorización para desempeñar actividades no sector privado da ex-directora da Axencia Galega de Innovación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de xuño a Xunta de Galiza autorizou a dona Patricia Argerey Vilar o desempeño do posto de traballo como “*responsable da área de estratexia do departamento de desenvolvemento corporativo*” da mercantil “Cipherbit”. A Sra. Argerey Vilar ocupou o posto de directora da Axencia Galega de Innovación dende o ano 2016 ate o 24 de abril de 2024, data de publicación do acordo do Consello da Xunta de Galiza de 22 de abril no que se acordaba o seu cesamento.

A mercantil Cipherbit, S.L. é unha das marcas, xunto con Tecnobit, UAV Navigation, Instert, coas que actúa o grupo de enxeñería Oesía. A empresa tecnolóxica Cipherbit, dedicada ao desenvolvemento de hardware e software de seguridade, foi constituída o 15 de xullo de 2020 pola empresa Oesia Networks, S.L., como propietaria única da mesma, e que ten a súa orixe na empresa Tecnobit, S.L.

A mercantil Cipherbit, S.L. na que a Xunta de Galiza autoriza a traballar como responsable da área de estratexia a ex-directora da Axencia Galega de Innovación, e a mercantil Tecnobit, S.L. non só teñen o mesmo propietario, con membros comúns en ambos consellos de administración, senón que ate o domicilio social é o mesmo. Xa que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

logo non existe dúbida sobre da identidade da relación corporativa entre a mercantil CIPHERBIT, S.L. e a TecnoBIT, S.L.

No parágrafo 1º do art. 45 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de aplicación a efectos de determinar a procedencia da autorización para o exercicio de actividades privadas tras o cesamento dun alto cargo, establécese que;

Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo

Resulta que o día 18 de abril de 2024 dona Patricia Argirey Vilar, na condición de Directora da Axencia Galega de Innovación, asinou a adxudicación a UTE AERTEC – TECNOBIT CUI GALICIA formada polas empresas Aertec e TecnoBIT, S.L., do desenvolvemento precomercial de plataformas, instrumentación, sistemas e aplicacións de vehículos e sistemas aéreos non tripulados, por un importe de 21.684.538,52€.

Xa que logo a Directora da Axencia Galega de Innovación, 4 días antes de que o Consello da Xunta acordara, a proposta da Conselleira de Economía e Industria, o seu cesamento, resolveu a adxudicación dun contrato de contía superior aos 21 millóns de euros a unha UTE integrada por unha empresa do grupo no que empezaría a traballar apenas dous meses despois. A relación existente entre a empresa adxudicataria dun contrato de máis de 21 M€ e a empregadora da ex-alto cargo da Xunta que permite, canto menos, cuestionar a procedencia da autorización de compatibilidade outorgada pola Xunta de Galicia.

Ante a aparencia de estarmos ante un novo caso de “portas xiratorias” coa autorización da propia Xunta de Galiza, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñecía a Xunta de Galiza a relación e vinculación societaria entre as mercantís Tecnobit e CIPHERBIT?

Cal é coñecemento que tivo e cando e como coñeceu esa relación?

En cantos procedementos nos que participaran e/ou concorreran as mercantís Tecnobit, CIPHERBIT ou calquera outra das integradas no grupo Oesía interveu dona Patricia Argerey Vilar na súa condición de Directora da Axencia Galega de Innovación?

En que data decidiu a Conselleira de Economía e Industria o cesamento da Directora da GAIN e cando lle comunicou que ía propor o seu cesamento no cargo?

Como valora a Xunta de Galiza que a Sra. Argerey Vilar resolvera a adxudicación dun contrato de importe superior aos 21 millóns de euros a unha empresa con relación societaria e do mesmo grupo da mercantil á que entrou a traballar semanas despois?

Considera a Xunta de Galiza que a resolución dun expediente adxudicando un contrato por importe superior a 21 m€ debe ser considerado como intervir nun expediente administrativo?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/09/2024 10:39:38

Óscar Insua Lema na data 12/09/2024 10:39:50

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/09/2024 10:40:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación de novas VPP baixo o programa Rexurbe durante os anos 2022 e 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha pregunta con resposta Escrita, número 2893, sobre “o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda”, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024). Nesa pregunta alertábamos da opacidade que mantiña o goberno ao respecto da súa “Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida”, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2023.

Esa estratexia propuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometéase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Toda vez que as primeiras anualidades desta estratexia xa concluíron, dende o grupo solicitábamos información específica e concreta que non foi adecuadamente respostada. Por exemplo, requiríase nas nosas preguntas que se nos especificase cal fora o número de vivendas de promoción pública que se entregaron en 1º adxudicación durante o ano 2023 baixo o programa Rexurbe. Porén a resposta da Consellería de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vivenda e Planificación de Infraestruturas foi absolutamente vaga e insuficiente, sinalando unicamente que había “33 vivendas do programa Rexurbe con obras rematadas e 134 en distintas fases de desenvolvemento. ”

Esta resposta demostra unha vez máis a vocación do goberno da Xunta por manipular e ocultar os datos reais sobre a evolución do programa Rexurbe no noso país. As citadas 33 vivendas non se aclaran en que datas foron impulsadas, nin tampouco en que datas foron adxudicadas. Por tanto formulamos as seguintes preguntas para que o goberne aclare cal é o avance das vivendas de promoción públicas rehabilitadas co programa Rexurbe, prometidas na mencionada estratexia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas novas vivendas de promoción pública do programa Rexurbe, foron entregadas en 1º adxudicación durante o ano 2022?
- Cantas novas vivendas de promoción pública do programa Rexurbe, foron entregadas en 1º adxudicación durante o ano 2023?
- Cantas VPP do programa Rexurbe foron licitadas baixo un contrato de servizo de redacción de proxecto e dirección das obras no ano 2022?
- Cantas VPP do programa Rexurbe foron licitadas baixo un contrato de servizo de redacción de proxecto e dirección das obras no ano 2023?
- Cantas VPP do programa Rexurbe foron licitadas en contratación das obras de construción durante o ano 2022?
- Cantas VPP do programa Rexurbe foron licitadas en contratación das obras de construción durante o ano 2023?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 12/09/2024 11:12:23

Alexandra Fernández Gómez na data 12/09/2024 11:12:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os datos de execución orzamentaria destinada ao impulso de novas vivendas de promoción públicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha pregunta con resposta Escrita, número 2893, sobre “o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda”, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024). Nesa pregunta alertábamnos da opacidade que mantiña o goberno ao respecto da súa “Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida”, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2023.

Esa estratexia propuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Toda vez que as primeiras anualidades desta estratexia xa concluíron, dende o grupo solicitábamnos información específica e concreta que non foi adecuadamente respostada. En concreto sinalábamnos as deficiencias que se observan en termos orzamentarios para facer efectiva ditas promesas e realizamos as seguintes preguntas:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *Considera a Xunta de Galiza que é necesario incrementar o investimento e a execución en materia de promoción de solo e vivenda pública?*

- *Que valoración fai o executivo galego da execución orzamentaria en materia de vivenda no ano 2023?*

Porén a resposta con número 6130 ofrecida pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas foi nula. Non existe en toda a resposta nin unha soa mención ao orzamento dispoñible, nin ao orzamento executado.

Ante esta falla de resposta, que o goberno galego emprega sistematicamente para evadir a súa obriga de rendición de contas, vémonos na obriga de volver a preguntar o seguinte:

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 na promoción de vivenda pública?
- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 para impulsar as vivendas promovidas por promotores privados e concellos comprometidas na mencionada estratexia?
- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 na promoción de vivenda pública a través do programa Rexurbe?
- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 en axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal materia de vivenda comprometidas na mencionada estratexia?
- Cal foi o orzamento executado no ano 2023 en adquirir vivendas da SAREB?
- Considera a Xunta de Galiza que é necesario incrementar o investimento e a execución en materia de promoción de solo e vivenda pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o orzamento total executado para acadar os obxectivos da Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 12/09/2024 11:16:04

Alexandra Fernández Gómez na data 12/09/2024 11:16:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adxudicación de novas vivendas de promoción públicas durante os anos 2022 e 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha pregunta con resposta Escrita, número 2893, sobre “o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda”, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024). Nesa pregunta alertábamnos da opacidade que mantiña o goberno ao respecto da súa “Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida”, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2023.

Esa estratexia propuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Toda vez que as primeiras anualidades desta estratexia xa concluíron, dende o grupo solicitábamnos información específica e concreta que non foi adecuadamente respondida. En concreto, ente outras, formulábamnos a seguintes pregunta:

- *Cantas vivendas de promoción pública foron entregadas en 1º adxudicación dende o 2023?*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén a resposta recibida, con número de rexistro 6130, non aporta ningún dato ao respecto e nin tan sequera fai mención á adxudicación de vivendas de promoción pública. Este escrito demostra unha vez máis a vocación do goberno da Xunta por manipular e ocultar os datos reais sobre a creación e adxudicación de vivenda pública no noso país. Por tanto volvemos preguntar, recordando ao goberno que está obrigado a facilitar a información solicitada polas deputadas. Neste caso os datos concretos e reais sobre o número de vivendas de promoción públicas novas impulsadas polo IGVS que foron entregadas en 1º adxudicación durante os anos 2022 e 2023.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas vivendas de promoción públicas impulsadas polo IGVS foron entregadas en 1º adxudicación durante o ano 2023?
- Cantas vivendas de promoción públicas impulsadas polo IGVS foron entregadas en 1º adxudicación durante o ano 2022?
- En que anualidades se licitaron os contratos para a redacción de proxecto das vivendas entregadas en 1º adxudicación durante os anos 2022 e 2023?
- Cales foron as vivendas de promoción pública entregadas en 1º adxudicación durante os anos 2022 e 2023?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luís Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 12/09/2024 11:21:14

Luis Bará Torres na data 12/09/2024 11:21:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o número de novas vivendas de promoción públicas licitadas durante os anos 2022 e 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha pregunta con resposta Escrita, número 2893, sobre “*o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda*”, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024). Nesa pregunta alertábamnos da opacidade que mantiña o goberno ao respecto da súa “*Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*”, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2023.

Esa estratexia propuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Toda vez que as primeiras anualidades desta estratexia xa concluíron, dende este grupo solicitábamnos información específica e concreta sobre o avance de dito plan que non foi adecuadamente respondida. Á nosa pregunta sobre o avance das vivendas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promoción pública prometidas, a resposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas foi absolutamente vaga e insuficiente, sinalando unicamente que *“Actualmente hai preto de 1.000 vivendas de nova construción en distintas fases, dende a execución de obras á licitación, e prevense novas licitacións en solos propiedade da Xunta ou cedidos polos concellos.”*

Esta resposta demostra unha vez máis a vocación do goberno da Xunta por manipular e ocultar os datos reais sobre a creación de vivenda pública no noso país. As citadas 1.000 vivendas que se atopan en distintas fases de execución, non se aclaran en que fase se atopan, nin cando estarán concluídas, nin cal foi a súa data de inicio. Por tanto formulamos as seguintes preguntas para que o goberno aclare cal é o avance das vivendas de promoción públicas prometidas na mencionada estratexia, durante as anualidades xa concluídas de 2022 e 2023.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas vivendas de promoción pública foron licitadas para a redacción de proxecto e dirección das obras no ano 2022?
- Cantas vivendas de promoción pública foron licitadas para a redacción de proxecto e dirección das obras no ano 2023?
- Cantas das vivendas de promoción pública licitadas baixo un contrato de servizo de redacción de proxecto e dirección das obras dende o ano 2022, foron xa adxudicadas e entregadas?
- Cantas vivendas de promoción pública foron licitadas para obras de construción durante o ano 2022?
- Cantas vivendas de promoción pública foron licitadas para obras de construción durante o ano 2023?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luís Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 12/09/2024 11:29:30

Luis Bará Torres na data 12/09/2024 11:29:41





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación do CEIP de Cernadas de Castro de Lousame, o único centro de primaria e ESO do concello, é altamente preocupante pola supresión de unha praza de especialista de Audición e Linguaxe e de un coidador dos dous asinados no curso 2023/2024.

Neste CEIP de Cernadas de Castro está actualmente escolarizados 3 rapaces, un cunha enfermidade rara e dous con síndrome autista, cun alto grao de dependencia.

O curso pasado o centro dispoñía de dous coidadores para os tres rapaces e neste curso solo haberá un. Ademais no centro están escolarizados outros 30 rapaces e rapazas con dislexia, retrasos temporais do linguaxe, disfagia, etc. polo que a eliminación dun especialista de AL supón a redución drástica da dedicación a cada neno.

Está claro que un único coidador é totalmente insuficiente xa que os tres rapaces están escolarizados en distintos cursos e non coinciden nin na aula nin nos horarios escolares.

Este problema non é un caso puntual e que xa máis centros fixeron as súas queixas e tamén varias asociacións veñen queixándose da precariedade de recursos asinados, e incluso suprimidos, cara este alumnado con NEAE.

Por iso, o centro precisa da intervención dun docente especialista mais en Audición e Linguaxe a tempo completo, así como dun novo coidador co fin de proporcionar unha atención de calidade ao alumnado do centro.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2024 12:40:57
Nº Rexistro: 11061
Data envío: 12/09/2024 12:40:57.579

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a asignar ao CEIP de Cernadas de Castro de Lousame dun novo docente especialista en Audición e Linguaxe (AL) e de un novo coidador?

Santiago de Compostela, 12 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 12/09/2024 12:32:32

Silvia Longueira Castro na data 12/09/2024 12:32:42

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

38953

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Oscar Insua Lema, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a explicación que debe dar a Xunta de Galiza pola súa nova mostra de machismo institucional ao excluír as mulleres do debate sobre reforma local nun acto sen a súa presenza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai tempo a Xunta de Galiza vén anunciando que avanza na reforma da Lei de administración local de Galiza e na elaboración dun novo proxecto ao respecto. En diversas ocasións recentes, o goberno galego ten afirmado a actualización da norma, da que xa se elaborou borrador para a súa tramitación, anunciando distintos obxectivos como a potenciación da autonomía local, a aposta polo uso das novas tecnoloxías, o presunto apoio aos municipios de menor poboación en risco de despoboamento e teoricamente un sistema de reparto de competencias claro.

No marco destes traballos, o goberno galego promoveu un 'Estudo sobre a planta local galega' realizado en colaboración coa Fundación Juana de Vega e as universidades. No mes de setembro anunciábase para o 19 de setembro a presentación deste estudo nunhas xornadas, unhas xornadas nas que cabería escoitar voces expertas e institucionais na materia. Porén, coñecido o programa completo das xornadas verifícase con absoluto escándalo por parte deste Grupo Parlamentario que non hai en toda a xornada nin unha soa muller relatora. En ningunha das tres palestras previstas intervéñ unha soa muller, algo totalmente inxustificable se temos en conta, ademais, que unha da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesa está participada por cargos públicos e que podería incorporar perfectamente unha muller.

O automatismo pode levar a que algunhas das mesas, por seren os máximos representantes das institucións representadas homes, teña unha primeira composición unicamente masculina, amosando como quedan aínda moitos espazos por conquistar por parte das mulleres. Mais cabe agardar da Xunta, como máxima institución responsable das políticas de igualdade en Galiza, unha revisión destas cuestións para buscar unha solución que incorpore máis voces e non facelo amosa ben unha absoluta desidia, ben unha absoluta complicidade coa invisibilización das mulleres e a mostra de que os obxectivos e principios recollidos nos textos legais son para o goberno galego unicamente un trámite.

De forma máis concreta, é absolutamente inxustificable que a mesa composta por representantes da planta local galega non incorpore a participación de mulleres, xa que foron representacións directamente contactadas por parte da propia Xunta. Máis inxustificable é aínda o feito de que tendo sido comunicada esta cuestión á Xunta de Galiza non rectifique e que a única representante feminina faga o papel de presentadora, algo absolutamente denigrante para todas as mulleres deste país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cales son as razóns da Xunta para non rectificar o seu machismo institucional ao ser coñecedor do borrado das mulleres nunha xornada organizada exclusivamente polo goberno galego?

Considera o goberno xustificable esta situación en pleno 2024 contradicindo a lexislación e as recomendacións na materia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que levou ao goberno galego a denigrar o papel das mulleres neste acto relegando un cargo institucional da Xunta ao papel de “presentadora”?

Por que habendo alcaldías lideradas por mulleres en Galiza non se dirixiron a unha soa para a mesa institucional?

Por que non rectificou en tempo e forma cando lle foi advertida esta situación?

Que vai facer para que isto non volva acontecer?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Oscar Insua Lema

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2024 13:05:59

Óscar Insua Lema na data 12/09/2024 13:06:36





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2024 13:35:55
Nº Rexistro: 11075
Data envío: 12/09/2024 13:35:55,052

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os traballadores e traballadoras da concesión de transporte público na cidade en Ferrol, así como de comunicación con Narón e Neda, levan en folga desde o pasado día 15 de xullo produto do deterioro cada vez máis avanzado tanto das condicións laborais dos traballadores e traballadoras como do propio servizo.

A instauración do último Plan de transporte de Galicia provocou desde o seu inicio as queixas de milleiros de persoas usuarias, colectivos e traballadores diante dun modo de xestión que está a deixar na nosa comarca unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza e nos traballadores e traballadoras que prestan este servizo.

Hai que ter en conta que o Concello de Ferrol é o único concello da comarca coa obriga de prestar o servizo de transporte público dentro do límites do seu territorio.

Na actualidade este servizo público está delegado na Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Mobilidade que emprega esta concesión para prestar este servizo ao resto de concellos da comarca e do cal é directamente responsable. A participación dos distintos concellos desenvólvese a través do Plan de Transporte Metropolitano onde cada concello financia o servizo en función da súa poboación.





A precarización do transporte público en Ferrol, e a súa area de influencia, é unha deriva constante. Nos últimos anos a unificación do transporte escolar e o discrecional incidiu aínda máis neste deterioro, ao que se suma a redución dos servizos con destino A Coruña e que xunto cunhas infraestruturas ferroviarias obsoletas están a condenar á nosa contorna ao seu illamento. Por estas razóns resulta inadmisíbel a falta de resposta tanto por parte da Xunta de Galicia diante desta problemática e as súas consecuencias.

As deficiencias e carencia de servizos e frecuencias da concesión xestionada pola Xunta de Galicia son constantes comprometendo a viabilidade e utilidade deste servizo para a veciñanza e están a provocar o deterioro cada vez máis avanzado das condicións laborais dos traballadores e traballadoras que prestan este servizo no concello de Ferrol e a súa contorna.

A empresa de transporte ALSA forma unha UTE na que están integradas dúas empresas, Maitours (formada polo antigo cadro de persoal de Tranvías) e Intercar (formada por persoal subrogado de Monbús).

Desde o comezo da concesión ALSA amosou actitudes diametralmente opostas en ambas empresas, negándose a aplicar unha sentenza xudicial na que se determina que o convenio de aplicación ten que ser o de transporte de viaxeiros/as da provincia da Coruña. Deste modo, ALSA, está condenando ao persoal de Maitours, o antigo persoal de Tranvías de Ferrol, a ter unhas condicións laborais e salariais máis precarias para estes traballadores que as do resto do persoal da UTE, xa que ademais de non aplicar as subas salariais, non cobran dietas e complementos de antigüidade.

Se isto non fora suficiente, a folga convocada débese as ilegalidades que a empresa está a realizar por incumprimentos de acordos acadados coa Representación sindical dos traballadores, no respecto a compensación de festivos, organización do traballo, días de descanso e un longo etc.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2024 13:35:55
Nº Rexistro: 11075
Data envío: 12/09/2024 13:35:55.052

Polo anteriormente exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que as empresas e UTE concesionarias das distintas liñas de transporte competencia da Xunta de Galicia deben cumprir as condicións dos pregos de concesións, sobre todo no que respecta cos dereitos das persoas traballadoras?
2. Está a Xunta de Galicia realizando seguimento do cumprimento dos pregos das concesións? Que consecuencias ten para as concesións o incumprimento dos pregos e dos contratos de concesións de liñas de transporte metropolitano?

Santiago de Compostela, 12 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 12/09/2024 13:31:11

Carlos López Font na data 12/09/2024 13:31:20

Paloma Castro Rey na data 12/09/2024 13:31:27

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38959

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQ4fCZWig263-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación actual do IES A Cachada en Boiro, IES ao que están adscritos catro CEIP, en relación á atención educativa do noso alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e altamente preocupante para a comunidade académica xa que contan cun número considerable de alumnos e alumnas con NEAE, 102 dos aproximadamente 400 do centro, cuxa atención educativa está sendo vulnerada pola falta de profesorado especializado.

O número de alumnado con NEAE non se reduce senón que se incrementa curso a curso no IES A Cachada, e mentres tanto o profesorado especialista pasou de tres profesores a solo un para atender aos 102 alumnos que presentan presenta algún tipo de necesidade educativa (autismo, TDAH, problemas de conduta...).

Polo tanto, é fundamental destacar que o alumnado mencionado presenta unha serie de necesidades educativas que requiren unha atención especializada e individualizada, sen a cal o seu progreso académico e benestar emocional poderían verse seriamente comprometidos. Os 16 alumnos/as con Trastorno do Espectro Autista, moitos deles con discapacidade asociada, así como os 41 alumnos/as con Trastornos da Aprendizaxe e/ou da Atención, precisan dunha intervención pedagóxica específica que só un profesional en Pedagogía Terapéutica pode proporcionar. A falta deste apoio non só limita o seu potencial, senón que tamén vulnera os seus dereitos fundamentais á educación e á inclusión, establecidos pola normativa vixente.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2024 13:36:55
Nº Rexistro: 11080
Data envío: 12/09/2024 13:36:55,973

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Consellería de Educación asignar de inmediata ao IES da Cachada de Boiro un docente especialista en Pedagogía Terapéutica en exclusiva para o alumnado con NEAE en cumprimento da normativa vixente en materia de educación inclusiva e equidade?

Santiago de Compostela, 12 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 12/09/2024 13:34:13

Silvia Longueira Castro na data 12/09/2024 13:34:21

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38961

@PSdeG



CSV: B6P1S1RBDG402W4G30B-63
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación no CEIP de San Clodio, en Ribas de Sil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP de San Clodio, no municipio de Ribas de Sil ofrece servizo educativo a rapazas e rapaces de infantil e primaria, un servizo esencial para un concello e unha comarca castigada demograficamente. Un concello principalmente rural cuxas capas da poboación máis novas poden, como é normal, recibir un servizo educativo de calidade grazas ás e aos profesionais que alí traballan e que dedican boa parte do seu tempo para que así sexa.

Non obstante, este centro de ensino sofre de fondos problemas que impiden ao profesorado desempeñar como é debido a súa actividade profesional. Neste curso académico, o centro perdeu unha aula o que provocou a agrupación en só dúas aulas dos cursos de 1º, 2º e 3º de primaria nunha e os de 4º, 5º e 6º de primaria noutra. Unha situación grave de por si, pero que aínda se revela máis preocupante cando se coñecen outras problemáticas como o incumprimento por parte da Xunta de Galiza do acordo mantido co centro de aumento dun profesional para o colexio ou o feito de que haxa que xuntar en ocasións as clases de infantil coas de primaria.

Promesa incumplida tras promesa incumplida por parte da Consellaría de Educación, a situación do CEIP de San Clodio roza xa a insostibilidade e denota a falta de compromiso do goberno galego co sur de Lugo e co rural do noso país. Situación que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provocou a convocatoria de mobilizacións no municipio para denunciar e protestar ante os incumprimentos do Goberno da Xunta.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación actual do CEIP de San Clodio?
- Por que incumpriu o Goberno galego o acordo que tiña cos mestres para este curso académico?
- Que lle parece á Xunta que se tivesen que agrupar en dúas aulas todos os cursos da educación primaria?
- Cre que é necesario o aumento de profesorado no CEIP de San Clodio?
- Prevé facer algo o Goberno galego para mellorar a situación neste centro?
- Que resposta dá a Xunta ás familias e profesionais que se mobilizan no concello de Ribas de Sil contra os recortes da Consellaría de Educación?

Santiago de Compostela, 12 de setembro 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 12/09/2024 16:39:46

Cristina Fernández Davila na data 12/09/2024 16:40:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar diante da chegada de biosoportos e outros residuos plásticos ás costas do sur da ría de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A preocupación pola situación da ría de Arousa vai en aumento. Os residuos e os vertidos na mesma segue a ser un problema non resolto en pleno 2024. A erradicación dos vertidos contaminantes, a eliminación de residuos e a garantía da calidade das súas augas están lonxe de ser unha realidade, o que pon sistematicamente en risco a riqueza medioambiental, de produción pesqueira e marisqueira, de calidade das augas, ademais de supor un constante risco para a saúde das persoas.

As agresións á mesma seguen sendo múltiples: os encoros de Porto de Mouros e Caldas, a mina de Touro e non digamos se se implanta a bomba medioambiental que supón a macrocelulosa de Altri, vertidos contaminantes tanto urbanos como industriais, sentinazos ou as consecuencias do paso por diante das nosas costas de centos de barcos con produtos contaminantes e perigosos.

Esta gran mortalidade fixo saltar de novo a preocupación entre o sector do mar, porque desgraciadamente non estamos diante dun problema puntual, senón que estes episodios son cada vez máis frecuentes.

A toda esta situación coñecida súmase a gran cantidade de materiais de todo tipo, especialmente plásticos, nas augas e nas praias. Está sendo especialmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preocupante a aparición dunha grande cantidade de pequenas pezas de plástico, identificadas como biosoportos, de uso común en plantas de depuración de residuos, depuración de marisco e peixe e en plantas de acuicultura.

Hai constatación da súa aparición de xeito recorrente dende fai tempo, mais durante o mes de agosto a grande cantidade das mesmas nas praias do sur da ría de Arousa fixo saltar as alarmas.

Tense detectado a súa presenza en praias de Sálvora, O Grove, Sanxenxo, Cambados, a Illa de Arousa, Vilanova ou Vilagarcía.

A pesares de ter sido informada a Xunta, non se coñece que teña realizado ningunha actuación, nin para a súa recollida nin para determinar a procedencia. Están sendo recollidas por persoas de xeito voluntario.

A obriga da Xunta de Galiza é protexer as rías e dedicar os recursos humanos, económicos e tecnolóxicos precisos para investigar e vixiar as condicións ambientais, os residuos, as verteduras, a calidade da depuración das augas e a calidade das augas dos ríos que alimentan as rías. A nosa ría ten o triste récord de ser a que máis vertidos ten de toda Galiza.

Non valen máis escusas, urxe a rexeneración integral das rías e investigar as causas do máis que preocupante deterioro progresivo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai abrir unha investigación para determinar a orixe destes biosoportos plásticos que de xeito recorrente chegan ás praias do sur da ría de Arousa?

Que accións está realizando a Xunta de Galiza para a retirada dos mesmos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai realizar un mapeo dos puntos contaminantes e de acumulación de residuos do sur da ría de Arousa?

Vai poñer en marcha un plan, cos recursos e orzamento preciso, para erradicar vertidos, retirar residuos e para a vixilancia e retirada diante de novos episodios?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2024 17:31:00

Rosana Pérez Fernández na data 12/09/2024 17:31:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á posta en marcha dunha estratexia para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A OMS afirma que a saúde das mulleres e nenas está influenciada pola bioloxía relacionada co sexo, o xénero e outros determinantes sociais. Detectar e cubrir as necesidades sanitarias da muller é un dereito e un deber dos servizos sanitarios públicos, que ademais debe recoñecer as achegas das mulleres á saúde da sociedade na súa función produtiva e reprodutiva, como consumidoras e ao mesmo nivel como prestadoras de asistencia sanitaria.

Hai consenso mundial en que a atención da saúde da muller debe facerse cun enfoque que englobe o seu ciclo vital completo, o que permitirá advertir de que forma as intervencións na infancia, adolescencia, a etapa reprodutiva e ata o final da súa vida, inflúen no estado de saúde ulterior e na de xeracións futuras.

As matronas son profesionais recoñecidas e cualificadas na atención á saúde das mulleres, non só na súa etapa de maternidade (xestación, parto, puerperio e lactación) senón tamén ao longo de toda a súa vida sexual, desde a nenez ata a senectude.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O plan formativo da súa especialidade cualificaas para liderar a atención á esfera sexual e reprodutiva das mulleres, repercutindo de modo beneficioso na súa saúde global. Teñen recoñecida capacidade e autonomía na toma de decisións na atención e seguimento dos procesos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva tal como se recolle na Lei 44/2003 de 21 de novembro de ordenación das profesións sanitarias (LOPS).

A evidencia demostra que os coidados levados a cabo por matronas conseguen bos resultados de saúde, con menores taxas de intervencións, menores custos e maior satisfacción para ás mulleres. As matronas non só abordan aspectos reprodutivos das mulleres, senón tamén formación e información afectivo-sexuais, asesoramento sobre saúde menstrual, contracepción, interrupción do embarazo, climaterio, papel relevante na detección de saúde mental materna, da violencia de xénero, dispareunia...

A pesares de todo o dito e dos evidentes beneficios que aportan as matronas para a atención á saúde das mulleres as eivas no Sergas é palmaria.

En primeiro lugar en canto ao número existentes. Segundo os últimos datos rexistrados, a media de matronas por 100.000 habitantes nos países da OCDE é de 69,8. Estes datos distan moito da situación actual en Galiza porque é unha das Comunidades Autónomas coa ratio matrona/muller máis baixas. Conta cun número insuficiente de matronas para ofrecer a atención e coidados especializados que requiren as galegas. Este déficit é especialmente visíbel en Atención Primaria, ao tempo que existe unha grande inequidade en función da zona xeográfica de Galiza onde viva unha muller, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe tamén unha dotación inadecuada de espazos físicos e materiais tanto nas consultas destas profesionais como para realizar as actividades de educación sexual, reprodutiva e maternal.

É preciso un enfoque das políticas sanitarias dirixidas á prevención e promoción da saúde das mulleres, evitando a súa hipermedicación. Unha atención que debe ser proporcionada pol@s profesionais axeitadas, entre @s que @s matronas teñen un papel fundamental.

O acceso a coidados de calidade é un dereito humano básico, tamén das mulleres, se non existen rateos axeitados de profesionais para atender as súas necesidades, nin dispositivos suficientes e ben dotados, non é posíbel, por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é estratexia da Xunta para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres?

Que accións vai realizar para eliminar a inequidade que padecen as galegas en función da zona xeográfica de Galiza onde vivan, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria?

Vai aumentar as prazas de matronas tanto en atención primaria como especializada para garantir a equidade en toda Galiza como para que as rateos matrona/mulleres sexan como mínimo a da media da OCDE?

Cando vai realizar o reforzo do número de matronas na Atención Primaria, para prestar unha atención sexual e reprodutiva de calidade a todas as mulleres ao longo de todo o seu ciclo vital?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que o material co que contan as consultas das matronas de Atención Primaria está en condicións e é o acaído para prestar unha atención digna?

Non lle parece precisa a implementación inmediata dun plan para a dotación adecuada de espazos físicos, materiais e dispositivos telemáticos tanto nas consultas destas profesionais como para realizar as actividades de educación efectivo-sexual, reprodutiva, maternal...?

Ten algunha estratexia para garantir a presenza de matronas en todos os COF?

Garantir a calidade asistencial no parto: avaliación da prestación, publicación anual dos resultados, actualización de protocolos, garantir a libre elección de hospital como se establece na Lei de Garantías.

Considera acaído o número de unidades de chan pélvico existentes en Galiza?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2024 17:43:22

Iria Carreira Pazos na data 12/09/2024 17:43:26

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2024 17:43:36





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O presidente da Xunta aproveitou a sesión de control parlamentaria do día 11 de setembro para anunciar que a Administración galega asumirá o 60 % da suba do canon de Sogama.

Manifestando que o Goberno galego asumirá 24 dos 42 euros da suba por tonelada. Sen concretar nin as condicións nin durante canto tempo o asumirá.

Previamente, a entidade Sogama anunciara a suba de 66 a 108 €/t para 2025.

Polo que finalmente e tras este anuncio todos os concellos galegos adscritos a Sogama pagarán 84 €/t en 2025.

Os Socialistas entendemos que o Goberno da Xunta está a estafar aos concellos galegos e, polo tanto, á cidadanía xa que Isto repercutirá no seu recibo do lixo.

O principal motivo desta afirmación é que a entidade Sogama está participada nun 51 % polo Goberno galego que ao mesmo tempo é a Administración que recada o imposto da Lei de residuos.





Lembremos, ademais, que a imposición deste imposto é consecuencia da forma que está a xestionar os residuos Sogama, xa que prioriza a incineración e o depósito en vertedoiro fronte á redución e á reciclaxe.

Polo tanto, entendemos que ten a obriga de repercutir as cantidades recadadas co imposto nos sobrecustos de xestión que este está a xerar e non asfixiar máis aos concellos facendo que recaian sobre eles as consecuencias da súa mala xestión.

E, por suposto, non utilizar para esta compensación o Fondo de Cooperación Local cuxo destino ten que ser investir de forma equitativa nos diferentes territorios.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que os sobrecustos na xestión do lixo, derivados do modelo obsoleto de Sogama, teñen que ser asumidos pola cidadanía?
2. Vai seguir afogando aos concellos cunha nova suba do canon de Sogama para 2025?
3. Como vai incentivar o Goberno galego os concellos para a implantación do contedor marrón ou sistema análogo de reciclaxe de biorresiduos?
4. Que políticas ten previsto impulsar o Goberno galego dirixidas á modificación do actual sistema de xestión de residuos de cara a priorizar a redución e a reciclaxe fronte á incineración e a o depósito en vertedoiro?
5. En aras ao consenso, por que non constitúe o Goberno galego unha comisión de traballo entre Sogama, as consellerías de Medio Ambiente e





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2024 17:53:45
Nº Rexistro: 11115
Data envío: 12/09/2024 17:53:45,042

Facenda e a Fegamp para determinar as condicións do canon para o ano 2025?

6. Vai ampliar o número de plantas de biorresiduos como estipulaba no PXRUG 2010-2022?

Santiago de Compostela, 12 de septiembre de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/09/2024 17:23:42

Carlos López Font na data 12/09/2024 17:23:51





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2024 18:04:18
Nº Rexistro: 11122
Data envío: 12/09/2024 18:04:18.205

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No centro IES Agra de Leborís de Laracha, que dispón de tres liñas en Bacharelato, estanse a incumprir o acordo sindical asinado entre a Consellería e as centrais sindicais CCOO, UGT e ANPE, nas ratios asignadas por la Consellería de Educación para o próximo curso.

Indican que a situación afecta a os cursos de 1º nos que se alcanza, nalgún grupo, o numero de 33 alumnos por aula, que non se cumpre as ratios acordadas no acordo cos representantes das persoas traballadoras.

Debería estar previsto a incorporación de novo profesorado para axustar as ratios previos, pero a punto de comezar o curso se informa non esta previsto que se cumpra o acordo, facendo a situación insostible e supón un incumprimento do acordo.

Por outro lado, a redución de horas lectivas do profesorado non se compensan con máis profesionais, afectando aos apoios educativos e as gardas, polo que a falta de recursos non solo recorta a educación dos nenos e nenas senón que sobrecarga ao profesorado.

Se incumpre o acordo sindical que, como manifestou o Conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e o cerne do programa Promociona do Plan MEGA.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2024 18:04:18
Nº Rexistro: 11122
Data envío: 12/09/2024 18:04:18.205

Esta situación, como veñen denunciando as federacións de ANPA non é un caso puntual mais centros transmitiron as súas queixas da precariedade de recursos asinados para dar cumprimento o acordo, sendo esta situación xeneralizada nos centros onde se imparte ESO.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a dar cumprimento inmediato no IES Agra de Leborís de Laracha do acordo asinado con CCOO, UGT e ANPE en todos os cursos e unidades do centro dotando do profesorado e persoal de apoio necesario para cumprir as ratios acordadas e proporcionar, polo tanto, una educación de calidade, inclusiva e equitativa?

Santiago de Compostela, 12 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 12/09/2024 18:01:00

Silvia Longueira Castro na data 12/09/2024 18:01:10

Patricia Iglesias Rey na data 12/09/2024 18:01:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38977

@PSdeG



CSV: B6PIS7R9GxkEzW6gZMss3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A ANPA do CEIP Plurilingüe Vila de Cee denunciou publicamente o incumprimento do acordo sindical asinado entre a Consellería e as centrais sindicais CCOO, UGT e ANPE, nas ratios asignadas por la Consellería de Educación para o próximo curso

Indican dende a ANPA que la situación afecta «a todos os cursos, aínda que son especialmente prexudicados os catro cursos de educación primaria, nos que non se cumpre a normativa.

Inicialmente estaba previsto a incorporación dun profesor máis de educación primaria, ó non cumprir os requisitos previos, pero catro días antes de empezar o curso se informa que non se cumprirá este acordo excepcional de mínimos. A situación de insostible e non se cumpre a esixencia de que nas clases que o pasado curso había entre 22 e 25 alumnos non pode ter agora máis estudantes.

Por outro lado, a redución de horas lectivas do profesorado non se compensan con máis profesionais, afectando aos apoios educativos e as gardas, polo que a falta de recursos non solo recorta a educación dos nenos e nenas senón que sobrecarga ao profesorado.

Se incumpre o acordo sindical que, como manifestou o conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2024 18:05:19
Nº Rexistro: 11127
Data envío: 12/09/2024 18:05:19.455

calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e o cerne do programa Promociona do Plan MEGA.

Esta situación, como veñen denunciando as Federacións de ANPA non é un caso puntual e que xa mais centros transmitiron as súas queixas da precariedade de recursos asinados para dar cumprimento o acordo.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a dar cumprimento inmediato no CEIP de Vila de Cee do acordo asinado con CCOO, UGT e ANPE en todos os cursos e unidades do centro dotando do profesorado e persoal de apoio necesario para cumprir as ratios acordadas e proporcionar, polo tanto, una educación de calidade, inclusiva e equitativa?

Santiago de Compostela, 12 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 12/09/2024 17:53:28

Silvia Longueira Castro na data 12/09/2024 17:53:36

Patricia Iglesias Rey na data 12/09/2024 17:53:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

38979

@PSdeG



CSV: B6P1S1RBD3r6ZwWgZGs-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-fCZM5g2Gs-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

